- Día internacional contra a violencia de xénero.
- Conmemoración da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Día Internacional das persoas con discapacidade.
- Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos
- Festival de Nadal.

2º Trimestre:
- Día internacional da educación.
- Día escolar da non violencia e da paz.
- Entroido.
- Día de Rosalía de Castro.
- Día internacional da muller.
- Día mundial dos dereitos do consumidor.
- Semana da prensa. Un día desta semana traballarase na aula con xornais.

3º Trimestre:

- Día das artes galegas.
- Día mundial da saúde.
- Semana do libro.
- Día internacional contra o acoso escolar.
- Día de Europa.
- Semana das Letras Galegas.
- Día mundial do medio ambiente,

Ao longo do curso faranse saídas á contorna que aínda están por determinar e as saídas didácticas fóra da contorna están aínda tamén por determinar. Outras actividades que poidan ir xurdindo durante o curso.

- PLAN DE TRABALLO:

**Metodoloxía:**

A metodoloxía a empregar no 1º ciclo de E. Primaria terá en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos de aprendizaxe, mediante prácticas de traballo individual e cooperativo e será o máis dinámica e lúdica posible. Igualmente tratará de favorecer o desenvolvemento competencial do alumnado e partirá das aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente, cara outras máis complexas.
Un dos elementos fundamentais da metodoloxía será o ensino por competencias e manter a motivación cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica a consideración de ter en conta o seu papel, máis activo e autónomo.
Desde un enfoque baseado na adquisición das competencias clave, cuxo obxectivo non e só saber, senón saber aplicar o que se sabe, precísanse distintas estratexias metodolóxicas entre as que resaltaremos as seguintes:

- Formular diferentes situacións de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado o desenvolvemento de distintos procesos cognitivos: analizar, identificar, establecer diferenzas e semellanzas, recoñecer, localizar, aplicar, resolver, etc.
- Potenciar a autonomía, a creatividade, a reflexión e o espírito crítico.
- Contextualizar as aprendizaxes de tal forma que o alumnado aplique os seus coñecementos, habilidades,destrezas ou actitudes e sexa capaz de transferir as súas aprendizaxes a contextos distintos do escolar.
- Promover o traballo colaborador, fomentando as titorías entre iguais, así como procesos baseados sempre no respecto e a solidariedade.
- En relación coa metodoloxía didáctica, os recursos dixitais serán de utilización frecuente, potenciando o traballo en equipo e o proceso de avaliación continua.

**MATERIAL E RECURSOS A UTILIZAR CO ALUMNADO E COAS FAMILIAS:**

- Material escolar (libros de texto, fichas e cadernos).
- Blog de aula: “Primeiros pasos”.
- Blogs das diferentes especialidades.
- Espazo Abalar.
- Teléfono do centro.
- Aula de informática (unha sesión semanal).
- Biblioteca (unha sesión semanal).
- Aula virtual do centro.

### 5.1.3.- EQUIPO DOCENTE: SEGUNDO CICLO

- PROFESORADO:

| PROFESORADO | NOME E APELIDOS | FUNCIÓN |
|---|---|---|
| COORDINADOR/A | Lydia Seijo Martínez | Titora 3º A |
| MEMBROS | Alejandra Villanueva Fernández | Titora 3º B |
| | Rosalía Iglesias Carrillo | Titora 4º A |
| | Mª Esther Pereira Vázquez | Titora 4ºB |
| | Rodriguez Velasco, Elvira Mónica | Inglés |
| | Paula Meizoso Pereira | Francés |
| | Diana Iglesias López | Música |
| | Roberto Díaz Ameneiros | Educación Física<br>Lengua Castellana 3º A<br>Lingua Galega 3º A |
| | María Pilar Castro González | Relixión Católica |
| | Sonia Romero Cal | Audición e linguaxe |
| | Begoña López López | Pedagoxía Terapéutica |

- ALUMNADO:

| NIVEL | ALUMNADO | ALUMNADO CON NEAE |
|---|---|---|
| 3º A | 18 | 1 |
| 3º B | 20 | 2 |
| 4º A | 19 | 3 |
| 4º B | 16 | 1 |

- OBXECTIVOS PLAN DE TRABALLO DO EQUIPO DO 2º CICLO DE E. PRIMARIA:

  - Elaborar e levar a cabo as programacións segundo a LOMLOE e as instrucións da Dirección Xeral de Educación do curso 2023/2024.
  - Adecuar os obxectivos de etapa e de nivel ao alumnado que temos nas aulas.
  - Elaborar un Plan de reforzo e recuperación para o alumnado.
  - Participar no desenvolvemento das distintas actividades propostas polos equipos de traballo do centro (EDLG, EACE, Biblioteca, Orientación, TIC´s).
  - Fomentar no alumnado interesado na lectura, potenciando a formación de lectores competentes.
  - Realización da avaliación inicial antes do 18 de outubro.
  - Realización da avaliación da terceira avaliación e final conxuntamente despois do 21 de xuño de 2023.
  - Realizar o seguimento de avaliación da programación en PROENS.
  - Formar o noso alumando en Educación para a Saúde.
  - Adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe a posibles situacións de ensino telemático, por medio da aula virtual do centro.
  - Participación no PFPP do centro.

- Colaborar co DO na busca de solucións para tratar ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Participar o desenvolvemento do Proxecto Documental Integrado da Biblioteca Escolar.
- Elaborar e transmitir propostas do ciclo á Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo que lles proporcionen autonomía valorando o seu esforzo como elemento básico na consolidación das aprendizaxes.
- Fomentar a socialización, a autonomía, a creatividade, o espírito crítico, a tolerancia,,, para desenvolver un axeitado nivel de autoconfianza e autoestima.

- AVALIACIÓN DO TRABALLO EN EQUIPO:

  - Avaliación inicial e continua do alumnado para reconducir a programación.
  - Avaliación inicial e continua do alumnado a nivel emocional.
  - Avaliación da temporalización.
  - Adaptación ás actividades de interese que xurdan durante o cursos e non estean contempladas na programación.
  - Avaliación e adecuación dos recursos ás unidades temáticas programadas.
  - Ver o grao de adecuación á diversidade do alumnado.
  - Reflexión crítica sobre a nosa formación e práctica docente.

- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

Tentarase levar a cabo unha saída ao trimestre e todas aquelas que xurdan ao longo do curso e que sexan do interese do equipo docente (actividades do Concello e outras institucións). Fomentaranse sa saídas á contorna e outras actividades que podan ir xurdindo durante o curso.

- TEMPORALIZACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓNS:

As reunións de nivel e ciclo faranse segundo o calendario de reunións do centro e nunca menos dunha ao mes.

- ACCIÓN TITORIAL:

Seguirase o Plan de Acción Titorial do centro e centrarémosmos no desenvolvemento de habilidades sociais e emocionais, partindo sempre do respecto aos demais e establecendo normas de convivencia.
A acción titorial levarase a cabo facendo un seguimento individual do alumnado por parte do profesorado titor e dos especialistas que imparten docencia directa na aula, tomando as medidas necesarias de axuste e de atención á diversidade a nivel, tanto individual como grupal.
A finalidade da titoría é favorecer a integración nos procesos de aprendizase, en colaboración coa familia, xa que a educación é un longo camiño que se inicia na casa e continúa no colexio, pero non se pode levar a cabo correctamente, se non hai un traballo común entre ámbalas dúas partes, por iso se debe compatibilizar a educación familiar coa da escola, creando unha canle conxunta que fomente a aprendizaxe escolar.
As titorías serán presenciais, os martes, de 17:00 a 18:00 horas, previa cita.

### 5.1.4.- EQUIPO DOCENTE: TERCER CICLO

- PROFESORADO QUE IMPARTE DOCENCIA NO 5º NIVEL:

| PROFESORADO | NOME E APELIDOS | FUNCIÓN |
|---|---|---|
| MEMBROS | Patricia Regueiro Sousa | Titora 5º A |
| | Miguel García Gabeiras | Titor 5º B |
| | Bibiana Grandal Mourente | Inglés 5º A e 5º B |
| | Paula Meizoso Pereira | Francés |
| | Diana Iglesias López | Música |
| | Manuel González Núñez | Relixión Católica |
| | Roberto Díaz Ameneiros | E.F. |
| | Alexandra Rodríguez Servia | Sec. Bilingüe de Plástica |
| | Begoña López López | P.T. |
| | Sonia Romero Cal | A.L. |
| | Elena Carpente Freire | Orientadora |

- PROFESORADO QUE IMPARTE DOCENCIA NO 6º NIVEL:

| PROFESORADO | NOME E APELIDOS | FUNCIÓN |
|---|---|---|
| COORDINADORA | María Isabel Tomé Marcos | Titora 6º B<br>Matemáticas en 6º A |
| MEMBROS | Paula Meizoso Pereira | Titora 6º A<br>Francés |
| | Bibiana Grandal Mourente | Inglés 6º A |
| | Elvira Mónica Rodríguez Velasco | Inglés 6º B |
| | Diana Iglesias López | Música e Valores |
| | Manuel González Núñez | Relixión Católica |
| | Javier Bermúdez Rodríguez | E. F. 6º A<br>Lingua Galega en 6º A |
| | Roberto Díaz Ameneiros | E.F. 6º B |
| | Bibiana Grandal Mourente | Sec. Bilingüe de Plástica |
| | Begoña López lópez | P.T. |
| | Sonia Romero Cal | A.L. |
| | Elena carpente Freire | Orientadora |
| | Miguel García Gabeiras | C. Socias<br>Valores en 6º A |

- OBSERVACIÓNS:

Este curso contamos con catro seccións bilingües (dúas en 5º e dúas en 6º) na área de Plástica con participación no proxecto de educación dixital apoiado na utilización do equipamento das aulas Abalar e o Entorno Virtual de Aprendizaxe (EVA). Este curso tamén participamos no Proxecto “La Voz en la Escuela”
Todo o alumnado do nivel participará en todas as actividades que se organizan a nivel de centro.

- ALUMNADO:

| NIVEL | ALUMNADO | ALUMNADO CON NEAE |
|---|---|---|
| 5º A | 23 | 2 |
| 5º B | 23 | 1 |
| 6º A | 24 | 4 |
| 6º B | 22 | 4 |

- OBXECTIVOS E PLAN DE TRABALLO EN EQUIPO:

  - Elaborar as programacións segundo a LOMLOE.
  - Adecuar os obxectivos de etapa e de nivel ao alumnado que temos nas aulas.
  - Seleccionar os contidos para acadar eses obxectivos.
  - Fomentar no alumnado o interese pola lectura, potenciando a formación de lectores competentes.
  - Colaborar co DO na busca de solucións para tratar ao alumnado con NEAE ou ampliación.
  - Participar no desenvolvemento do proxecto común de centro (PDI), este ano imos traballar as olimpíadas.
  - Elaborar e transmitir propostas do nivel á Comisión de Coordinación Pedagóxica.
  - Participar no desenvolvemento do NOF.
  - Traballar na adquisición de hábitos e técnicas de estudo que lles proporcionen autonomía valorando o seu esforzo como elemento básico na consolidación das aprendizaxes.
  - Fomentar a socialización, a autonomía, a creatividade, o espírito crítico, a tolerancia..., para desenvolver un axeitado nivel de autoconfianza e autoestima.

- AVALIACIÓN DO TRABALLO EN EQUIPO:

  - Avaliación inicial e continua do alumnado para reconducir a programación de nivel.
  - Nestas primeiras semanas faremos unha avaliación inicial que nos servirán para adaptar a ensinanza ao noso alumnado e poder reforzar os contidos do curso anterior.
  - Avaliación da temporalización.
  - Adaptación ás actividades de interese que xurdan durante o curso e non estean contempladas na programación.
  - Avaliación e adecuación dos recursos ás unidades temáticas programadas.
  - Ver o grado de adecuación á diversidade do alumnado.
  - Avaliación do grao de adecuación do plan de medidas de atención á diversidade e á inclusión.
  - Adaptación ás actividades de interese que xurdan durante o curso e non estean contempladas na programación.
  - Reflexión crítica sobre a nosa formación e práctica docente.

- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

A finalidade deste tipo de actividades é a de favorecer o coñecemento da contorna. Para este curso están programadas as seguintes:
No primeiro trimestre temos programada una saída de senderismo pola contorna.

No segundo trimestre realizaranse outras saídas a diferentes lugares e centros de interese da contorna que se concretarán en función da dinámica da aula. Estamos pendentes das propostas que xurdan ao longo do curso, primando aquelas que teñan relación co desenvolvemento do noso Proxecto Documental Integrado. Se é posible realizaremos visitas a lugares concretos da contorna próxima.
Por outra banda organízanse outras actividades, fóra da localidade, relacionadas cos contidos de nivel tratando de que non sexan máis dunha por trimestre.
Na terceira avaliación temos intención de realizar unha viaxe cultural de fin de curso co alumnado de 6º E.P.. Estamos falando con distintas empresas.
Outras actividades que poidan ir xurdindo durante o curso.

- TEMPORALIZACIÓN E CALENDARIO DE REUNIÓNS:

O profesorado titor tratará de reunirse semanalmente para coordinación de actividades, axustes de programación, etc, e sempre que o estableza o calendario do centro. Todos os membros do equipo docente terán unha reunión conxunta unha vez ao mes polo menos.

- ACCIÓN TITORIAL:

Centrarase no desenvolvemento de habilidades sociais e emocionais, partindo sempre do respecto aos demais e establecendo normas de convivencia.
A acción titorial levarase a cabo facendo un seguimento individual do alumnado por parte do profesorado titor e do especialista que imparten docencia directa na aula, tomando as medidas necesarias de axuste e de atención á diversidade a nivel, tanto individual como grupal.
Realizaranse reunións conxuntas coas familias do alumnado, unha ao comezo do curso, e todas as que se consideren oportunas ao longo do mesmo. Ademais facilitaranse as entrevistas individuais coas familias, coa frecuencia que sexa necesaria para a boa marcha do alumnado.
A información ás familias comunicarase a través de correo electrónico, Abalar móbil, whatsApp e chamadas telefónicas.
Facilitaranse as entrevistas individuais de maneira presencial coas familias, para informar do progreso do alumnado, estas reunións serán os martes de 17.00 a 18.00 h.

**5.2.- EQUIPOS DE TRABALLO:**

**5.2.1 EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA:**

- COMPOSICIÓN DO EDLG:

O equipo de Dinamización da lingua Galega (EDLG) do C.E.I.P. Couceiro Freijomil, no curso escolar 2023/2024, constituído o 5 de setembro de 2023, está formado polos seguintes membros:

| PROFESORADO | NOME E APELIDOS | NIVEL / ESPECIALIDADE |
|---|---|---|
| **COORDINADORA** | Dámaris Belén Castro Pérez | Educación Infantil (Titora 6º A) |
| **MEMBROS** | María José Tenreiro López | Educación Infantil (Titora 5º B) |
| | Sonia Santaeugenia Poceiro | Educación Infantil (Apoio) |
| | Marina Rodríguez Díaz | Educación Primaria (Titora 2ºB) |
| | María Esther Pereira Vázquez | Educación Primaria (Titora 4ºB) |
| | Javier Bermúdez Rodríguez | Especialista Educ. Física |
| | Francisco Cobelo Martínez | Persoal non docente (Administrativo) |

- OBXECTIVOS E PLAN DE TRABALLO:

Desde o Equipo de Dinamización buscamos a colaboración mutua e coordinada co resto de equipos de traballo do noso centro, especialmente co equipo de Biblioteca que a traverso do PlamBe dinamiza a vida escolar do cole. As reunións periódicas de coordinadores, xa desde o principio de curso, van facer que a proposta de actividades teña un nexo común e se incardine, máis e mellor, na rutina de aprendizaxe do noso alumnado. Así este curso poñeremos en marcha o PDI "As olimpíadas", mediante o cal motivaremos ao alumnado cara á ampliación do seu coñecemento sobre a orixe deste acontecemento que terá lugar en París no verán do ano 2024: primeiros xogos olímpicos, celebración ao longo do tempo, disciplinas, comité olímpico, sedes, símbolos, mascotas… pero sobre todo tentaremos fomentar as calidades do espírito olímpico que nos serven para enfrontar este proxecto e a vida mesma: esforzo, talento, traballo en equipo, solidariedade e tolerancia. Ao igual que todos os anos colaborarán neste "coñecemento global": profesorado, alumnado, familias e calquera persoa ou institución que nos poida axudar a "saber máis".
Así mesmo e este ano máis ca nunca, dada a actividade planificada, traballaremos para que as relacións coas institucións, entidades, asociacións e estamentos externos ao colexio, sexan frutíferas e se baseen no intercambio de ideas, experiencias e actividades conxuntas de xeito periódico.
Neste senso, desde o Equipo, estamos plenamente concienciados, de que os proxectos dirixidos ao fomento do uso do idioma galego axudan a unha implantación axeitada de hábitos lingüísticos a prol da nosa lingua.
Partimos pois da valoración e análise dos diferentes apartados que nos axudan a establecer os obxectivos que consideramos necesario alcanzar.

- A CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO:

A situación xeográfica de Pontedeume, entre as cidades de Ferrol e A Coruña, zonas tradicionalmente castelán falantes, facilita comprender a súa realidade lingüística concreta, que podemos visualizar no resultado das enquisas realizadas no noso centro en educación infantil ao alumnado de nova incorporación, para determinar a lingua materna. En setembro de 2023 son os seguintes:

| GALEGO | CASTELÁN | GALEGO CASTELÁN | CASTELÁN OUTRA | OUTRAS |
|---|---|---|---|---|
| 0 | 15 | 11 | 0 | 0 |

Constatamos que a maioría do noso alumnado e as súas familias, non sendo alleos á nosa lingua, pois compréndena por ser nados, maioritariamente, en Galicia, non fan uso dela na fala

cotiá. Mais, se ben nos últimos anos observamos que o número de familias e o alumnado co galego como lingua vehicular tende a aumentar, o seu número apenas modifica a situación xeral porcentual da nosa lingua na escola.
Polo tanto, a realidade lingüística do noso Centro e da contorna na que está inmerso, fai que debamos poñer en marcha todas as nosas potencialidades para impulsar o coñecemento e o uso da nosa lingua.
Estudos recentes neste senso corroboran esta necesidade de cara ao uso do galego no futuro: "Entre 2015 e 2016, o Consello da Cultura Galega, dependente da Xunta, detectou nun estudo un "escaso compromiso" da xente nova co emprego do galego pese a ter unha "boa imaxe" do idioma".

- SITUACIÓN DO PROFESORADO:

O profesorado do C.E.I.P Couceiro Freijomil, está formado por 29 mestres e mestras, cuxa competencia lingüística na lingua galega é moi boa aínda que, a nivel do seu uso oral, require dun esforzo maior por parte de todos e todas.
Por iso, sendo conscientes da necesidade de potenciar o galego no noso centro, estamos á procura de que esta sexa a lingua de comunicación habitual nas relacións profesorado-profesorado, profesorado-alumnado, profesorado-familias e profesorado-persoal non docente.
A actitude é positiva, así como a vontade e dispoñibilidade a utilizar a nosa lingua non só, nas áreas e horario que por lei está establecido, senón tamén en comunicacións e interaccións en contextos máis informais.
Queremos que o galego non sexa só unha materia ou a lingua na que se traballe en determinadas materias. Queremos que se use oralmente nas aulas, nos corredores e no patio.

- SITUACIÓN DO ALUMNADO:

A lingua predominante é o castelán, aínda que con estruturas galegas. Todo o alumnado entende a nosa lingua. Observamos que cada vez fala máis en galego na escola aquel alumnado cuxo profesorado se relaciona con eles en galego, pero isto non repercute nas súas relacións cos seus compañeiros ou compañeiras.
Consideramos que non é tanto que sintan un rexeitamento expreso ao uso do galego ou non teñan unha valoración positiva do mesmo, senón que, non senten a necesidade de empregalo xa que non é a súa lingua materna e, o contorno social non llelo require.

- SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO:

Ademais da lingua empregada nas actividades docentes, o galego é a lingua utilizada na documentación administrativa, nos diferentes rótulos, nas notas informativas dos taboleiros e en carteis. Tamén é a lingua que empregamos nas comunicacións escritas co alumnado, coas familias e con calquera outra institución galega. Estamos a procurar que igualmente sexa a lingua empregada nas interaccións co alumnado, coas familias, con outras institucións e nos contextos informais.
Este curso o EDLG seguirá actualizando o seu blog A CASQUEIRA , que comezou a súa andaina no 2009 e que no 2017 fixo un importante cambio de deseño e de posición na web do colexio. Tamén incorporou recursos educativos para todos os niveis e novidades do colexio.
Na biblioteca estase a facer un esforzo importante para incorporar literatura infantil e xuvenil aos nosos fondos en galego. A dotación actual é moi boa, tanto en literatura como en material de consulta e revistas. Seguiremos incrementando a dotación de fondos musicais, videográficos, videoxogos e material informático en galego.

- OBXECTIVOS:

Partindo do exposto, os obxectivos dirixidos a aumentar o coñecemento do galego e que serán básicos para favorecer o uso do mesmo son:

*1.- Obxectivos en relación ao contorno sociolingüístico do centro:*

- Dar a coñecer a toda a comunidade educativa o Plan de Dinamización da Lingua Galega do centro.
- Fomentar que no ámbito familiar se potencie o uso do galego nas súas relacións cotiás, como un paso imprescindible para acadar a competencia oral da lingua.
- Amosar elementos caracterizadores da cultura galega, facendo ver a importancia de manter vivas as tradicións: samaín, magosto, oficios, xogos populares, maios e as súas cantigas...
- Colaborar coas institucións locais, outros centros de ensino, entidades culturais, asociativas, deportivas... a través da persoa encargada da Normalización Lingüística do Concello para organizar e participar en actividades conxuntas.
- Fomentar e promover as relacións con institucións do contorno próximo ou lonxano, implicadas no coñecemento e expansión da lingua galega.
- Eliminar os prexuízos lingüísticos en todos os eidos a través da sensibilización idiomática e a promoción da análise crítica dos preconceptos existentes sobre a lingua.

*2.- Obxectivos en relación ao centro:*

- Implicar ao profesorado no noso proxecto.
- Guiar a conmemoración de datas significativas presentes no calendario escolar facendo fincapé na participación oral e escrita dos nenos e nenas utilizando a lingua galega.
- Dinamizar espazos existentes no colexio para dar a coñecer traballos feitos polo alumnado do centro e informacións positivas sobre a lingua (Taboleiro da Lingua).
- Fomentar, mediante actividades lúdicas (xogos, concursos...) o uso do galego nas relacións informais.
- Asesorar e resolver as dúbidas lingüísticas a calquera membro da comunidade educativa.
- Ter a disposición do profesorado, da ANPA e persoal non docente libros, revistas en galego, dicionarios... e todo aquel material que axude a un uso máis correcto da lingua e adaptalo á nova normativa.
- Traer á escola persoas relacionadas co mundo da cultura e que contribúan a prestixiar a nosa lingua: escritores, ilustradores, grupos de teatro, contacontos.
- Aumentar a participación de alumnado e profesorado en actividades propostas desde a Consellería e desde outras institucións orientadas á promoción da lingua galega.

*3.- Obxectivos en relación ao profesorado:*

- Empregar o galego como canle habitual de comunicación na vida escolar.
- Valorar e dar a coñecer ao profesorado a importancia que ten o seu compromiso coa normalización da lingua nos distintos contextos educativos da vida escolar e así superar os prexuízos lingüísticos, contribuíndo á dignificación do galego.
- Facilitar información que axude a eliminar prexuízos sobre o galego.
- Fomentar o uso do galego oral e escrito nas diferentes actividades.
- Difundir a lexislación actual e facilitar información en materia lingüística aos diferentes órganos e membros da comunidade educativa.
- Conseguir e contribuír a que cada vez máis se estenda o uso do galego nas novas tecnoloxías.
- Fomentar a colaboración entre todos os grupos e equipos de traballo establecidos dentro do claustro para levar a cabo con maior eficacia o traballo do equipo.

- Implicar de maneira activa aos membros da comunidade educativa.

*4.- Obxectivos en relación ao alumnado:*

- Motivar o coñecemento de aspectos enriquecedores da nosa lingua: refráns, ditos populares,xogos de sortes…
- Implicar ao alumnado como parte activa, organizativa e animadora nas actividades que propoña o EDLG como "Lemos aos máis pequenos".
- Dar a coñecer espazos na REDE onde podemos atopar información en galego.
- Promover a súa participación no BLOG do EDLG: " A Casqueira"
- Promocionar o coñecemento daqueles aspectos que conforman os nosos signos de identidade: arte, historia, literatura, medio ambiente, música, teatro, cinema…
- Recuperar e fomentar as nosas tradicións.

- PLAN DE TRABALLO:

Diríxese a dinamizar, máis se cabe, a nosa lingua de xeito coordinado e compartido con toda a comunidade educativa. A conseguir este propósito axúdannos espazos como o "Taboleiro da Lingua", actividades como "Lemos aos máis pequenos", e a coordinación nas propostas de actividade co Equipo de Biblioteca.
Ambos equipos consideramos que deste xeito podemos presentar actividades máis específicas e significativas, tanto para o profesorado como para o alumnado, enriquecedoras do currículo e sobre todo, na maioría dos casos, incardinadas no P.D.I de Centro.
Este curso e partindo das ideas que deixamos esbozadas no mes de xuño do curso pasado, todos os compoñentes do equipo, apostamos por acadar "un produto" que englobe todas as actividades e conmemoracións que se realizan no centro.
O obxectivo é AUMENTAR A RELACIÓN DO NOSO CENTRO ESCOLAR CO EXTERIOR, COA PROPIA VILA E OS SEUS HABITANTES.
Neste senso e para acadar o mesmo partimos da importancia que ten a APRENDIZAXE SERVIZO no ámbito educativo e o que esta pode aportar ao desenvolvemento integral do alumnado. Esta proposta educativa convina procesos de aprendizaxe e de servizo á comunidade nun proxecto ben articulado onde os participantes aprenden ao traballar as necesidades reais da contorna coa finalidade de mellorala.
A proposta vaise enfocar a DEDICAR UN CHISCO DO NOSO TEMPO AOS MAIORES A TRAVESO DO XOGO. Queremos que os nenos e as nenas recoñezan e valoren que eles e elas tamén foron coma nós e que o paso do tempo fai que o seu día a día se atope, en ocasións, marcado pola rutina ou a soidade. Igualmente buscamos que o noso alumnado tamén se poida enriquecer coa sabedoría que as avoas e os avós seguen a desprender.
Así, propoñeremos ao profesorado a realización do XOGO DA OCA no que, aproveitando as diferentes actividades anuais que facemos no centro e sobre as que o alumnado estuda elaboremos as casiñas da nosa oca a xeito de ilustración. Unha vez as teñamos todas faremos unha composición co que formaremos varios TABOLEIROS DA OCA de un material aínda por determinar e que doaremos á Residencia de maiores "Virxe das Virtudes", ao centro de día e á Residencia de maiores "As Fragas", sitas na nosa vila. Esta doazón enmarcarase nunha xornada de convivencia cos nosos maiores na que alumnado e profesorado xogará a este xogo con eles e adicará un tempo á sua escoita.
A distribución para a elaboración das casiñas do taboleiro da oca implicará a todos os niveis de alumnado do centro.
O traballo realizado irá formando parte do noso Taboleiro da Lingua de xeito que toda a comunidade educativa se emocione e implique nesta aprendizaxe servizo.
Igualmente consideramos interesante que unha mostra desta OCA DOS NOSOS MAIORES, feita por exemplo en vinilo, poida ser gozada polo alumnado do centro nun espazo do mesmo.

As actividades e conmemoracións que se plasmarán no Taboleiro da Oca serán as seguintes:

**1º Trimestre:**

- Día das Bibliotecas: Realizada conxuntamente co Equipo de Biblioteca na que faremos unha lectura coa que presentaremos o PDI deste curso, "As olimpídas".
- Samaín: Actividades relacionadas con esta festa. O EDLG proporcionará ao profesorado materiais para traballar na aula. Levaranse a cabo actividades de expresión oral e escrita, a través de contos e investigacións sobre estas datas.
- Magosto e Día do peón: Daremos a coñecer refráns, contos e libros aumenten o noso coñecemento sobre a significatividade destas datas. O EDLG proporcionará materiais para facilitar as actividades do profesorado. Xunto co Equipo de actividades complementarias e extraescolares celebraremos estas datas convidando ás familias a degustar as castañas e a bailar o peón.
- 25N: Apoiaremos a proposta xurdida desde o Equipo de Biblioteca.
- Día da Discapacidade: Traballarase como parte do PDI aproveitando a temática que inclúe os Xogos Paralímpicos.
- Constitución e Estatuto de Autonomía: Queremos desde o Equipo, aproveitando o ofrecemento para coñecer o edificio do Concello, aproveitar estas datas para achegar ao noso alumnado a esta institución da nosa vila e á sua función
- Almanaque de peto: Deseño dun almanaque de peto do ano 2024 para repartir a todo o alumnado. O tema estará vinculado ao PDI deste ano "As Olimpíadas"
  Cada alumna e alumno fará un debuxo relativo a este temática en medio folio, podendo engadir algunha frase, ou versos, sempre utilizando a nosa lingua en todo o escrito. A actividade realizarase no colexio, para garantir a igualdade de oportunidades. O profesorado titor entregará catro traballos do seu grupo ao EDLG e terá en conta na selección final que haxa un número equivalente de nenos e de nenas. As instrucións da actividade correrán a cargo do EDLG e a plantiña na que se realiza deseñarase no Equipo de Biblioteca para asegurar unha cohesión de estilos en canto ao uso de logos nas actividades relacionadas co P.D.I.
- Festivais, desfiles, graduacións…:Desde o EDLG facemos fincapé no compromiso do profesorado coa nosa lingua, para que o galego teña presenza nas diferentes presentacións ás que asistirán as familias e o alumnado.

**2º Trimestre:**

- Día da paz: 30 de xaneiro. Manifesto pola paz. Actividade conxunta de todo o colexio que dinamizan as titorías de 1º e 2º de primaria.
- Animación á lectura: Consideramos a posibilidade de participar na campaña de animación á lectura (en galego) para os cursos de 6º de educación infantil e 1º, 2º, 3º e 4º de educación primaria se esta actividade se retoma por parte da Biblioteca Municipal
- Entroido: Todos traballaremos na aula sobre o PDI deste curso. Cada nivel, ou varios xuntos, participarán cunha cantiga que teña que ver co tema e que se entregará aos asistentes á actividade e ás familias.
- Día de Rosalía: O 23 de febreiro celebraremos o Día de Rosalía, con actividades dedicadas á escritora. No blog de dinamización "A Casqueira" homenaxearemos a Rosalía. Unirémonos, como vimos facendo, á proposta "Sementeira de versos" que planifica o Concello.
- Día Internacional da Muller: o alumnado unirase ao traballo proposto desde as titorías de 5º e 6º, coa fin de homenaxear a todas as mulleres.
- Contacontos: Esperamos contar coa participación de contacontos sobre todo para o alumnado de Educación Infantil.

- **Día do libro:** Actividades en colaboración co Equipo de Biblioteca.

**3º Trimestre:**

- Os Maios: Elaboraranse maios e inventaranse cantigas para interpretar no concurso que cada 1 de maio convoca o Concello de Pontedeume e no que participaremos. Ensaiaremos as danzas e aprenderemos as cantigas que ben poden ser orixinais ou tradicionais. As cantigas imprimiránse nun díptico que se entregará ao público asistente ao certame.
- Día contra o Acoso Escolar: Aproveitando o PDI e os valores que transmite traballaremos este día nos diferentes niveis educativos.
- Letras Galegas: Coñecerase, estudiarase e faranse traballos nas aulas sobre Luisa Villalta.
- Revista Abrente: Edición do nº 43 na súa versión dixital, que se divulgará no Blog "A Casqueira" e nos blogs de biblioteca e aula. Igualmente se enviará na súa versión impresa á Biblioteca Municipal "Ramiro Fonte", permanecendo varios exemplares na nosa biblioteca do centro. Igualmente entregarase un exemplar por aula para o uso do profesorado nas clases.
  A elaboración desta revista en formato dixital supón un gran esforzo para o Equipo de Dinamización e tentamos cada ano ir mellorando en todo o que implica a sua edición. Este ano seguiremos poñendo fincapé en consensuar todo o relacionado co formato dos arquivos que se entregan ao equipo para que a sua montaxe non supoña un "crebacabezas", respectando no posible a liberdade creativa nos artigos aportados desde as titorías, equipos ou especialidades.
  O deseño doutras actividades como: a exposición do PDI, a xornada de castelos na praia da Madalena, a festa da auga do alumnado de Educación Infantil e as Graduacións de 6º de primaria tamén formarán parte das casiñas da nosa "Oca dos maiores".

**Ao longo do curso:**

- Dinamización do espazo "Taboleiro da Lingua" que este curso se adicará, en exclusiva, a expoñer as ilustracións que conformarán a nosa Oca dos maiores dándolle a forma da mesma.
- Participación do alumnado de 5º e 6º no tempo de lectura dos luns, lendo e escenificando contos ao alumnado de Educación Infantil e 1º de primaria coa actividade "Lemos aos máis pequenos". Favorecemos así a interacción en galego fomentando a súa promoción e o seu uso e aprendizaxe.
- Coordinación co Equipo de Biblioteca para a colaboración en actividades tales como: creación de Maletíns de aula, Mochilas viaxeiras e divulgación das diferentes conmemoracións a ter en conta ao longo do curso facendo fincapé naquelas que poden favorezan a potenciación da lingua galega: Semana da literatura de Tradición Oral, Día da Lingua Materna, Día das Artes Galegas...
- Colaboracións co Equipo de Dinamización do IES Breamo en calquera actividade conxunta que se poida levar a cabo, así como con outras institucións, asociacións, etc., que puideran xurdir ao longo do curso.
- Blog do EDLG "A Casqueira": Seguiremos traballando na divulgación de actividades que se celebran no noso centro, recursos educativos, datas sinaladas... e mellorando o seu deseño, para convertelo nun instrumento de traballo cotiá nas aulas.
- Revista Galega de Educación: Continuaremos as subscricións á Revista Galega de Educación como nos últimos anos.
- Encontros: Levaranse a cabo, sempre que sexa posible, encontros con autores e

ilustradores relacionados co galego.
- Club de lectura: Con obras en galego no que participa o alumnado de 3º a 6º de EP.
- Blog do centro: Continuar cos blogs existentes, todos en galego e aos que se accede a través da páxina web do colexio.
- Adquisición de materiais: Mercaranse CD´s, dicionarios, libros...

- CALENDARIO DE REUNIÓNS:

O EDLG reunirase durante o curso unha vez ao mes tal como vén determinado no calendario de reunións fixado trimestralmente polo equipo directivo. De maneira extraordinaria poderá reunirse cando sexa necesario para informar aos membros dalgunha actividade ou para realizar traballos e planificar conmemoracións.
Ademais, a coordinadora, xunto coas coordinadoras do Equipo de Biblioteca, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e Equipo de TIC´s teremos reunións periódicas para seguir unha liña de actuación coordinada e de apoio mutuo.

### 5.2.2.-EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- FUNCIÓNS E OBXECTIVOS:

Un dos principios básicos do noso centro é conseguir que o alumnado adquira aprendizaxes útiles que lle permitan participar de maneira activa na sociedade á que están adscritos para o cal é preciso, sen dúbida algunha, a interacción coa mesma, coñecendo, participando e respectando as súas tradicións, os seus recursos, etc. Desde o Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares pretendemos que esta idea teórica, se converta nunha realidade, sendo o noso obxectivo fundamental promover, organizar e facilitar a realización de actividades deste tipo no centro, para o cal precisaremos a axuda e colaboración de todos os membros da comunidade, tanto local , onde entraría o propio concello e outros organismos e asociacións, como educativa, é dicir, profesorado, alumnado e, por suposto, as familias.

- COMPOÑENTES:

No curso escolar 2023-24 o E.A.C.E. está formado polos seguintes membros:

| PROFESORADO | NOME E APELIDOS | NIVEL | ESPECIALIDADE |
|---|---|---|---|
| COORDINADORA | Dna. Ilenia Pérez López | Representane E.I | Educación Infantil |
| MEMBROS | Dna. Diana Iglesias López | Representante EP | Música |
| | Dna. M.ª Pilar Castro González | Representante EP | Relixión Católica, substituida por D. Manuel González Núñez |
| | Dna. Laura Vázquez Rodríguez | Representante EP | EP |
| | Dna. Bibiana Grandal Mourente | Representante EP | Inglés |
| | Dna. Lorena Cortés Maceiras | Representante EI | Substituida por María Fernández Boans |

- PLAN DE TRABALLO:

As liñas básicas de traballo do E.A.C.E. para este curso escolar serán as seguintes:

- Recoller e transmitir ao profesorado información das diferentes actividades ofertadas polo Concello ou outros organismos oficiais e non oficiais que poidan interesar ao profesorado.
- Axudar aos diferentes cursos na busca de saídas educativas que poidan ser de
- proveito para o alumnado.
- Realizar propostas de actividades para festexar as tradicións (Samaín, Magosto, Nadal, Entroido...) e conmemorar datas sinaladas (Día Internacional de Eliminación da Violencia contra a Muller, Día Escolar da non Violencia e da Paz, Día internacional da muller...).
- Coordinar a realización das actividades mencionadas no centro, informando ao profesorado e, se é preciso, ás familias, de todos os aspectos organizativos.
- Plasmar na Programación Xeral todas as actividades previstas deixando sempre aberta a posibilidade de participar noutras que xurdan ao longo do curso e que poidan ser de interese para alumnado e profesorado.
- Realizar a memoria de fin de curso, recollendo todo o realizado e avaliando acertos e erros para propoñer melloras de cara ao curso seguinte.

- CALENDARIO DE REUNIÓNS:

Neste curso escolar o EACE reunirase segundo o calendario de reunións de equipos establecido polo centro, reunións que poden verse modificadas en función das necesidades e do calendario de festas e conmemoracións. Do mesmo xeito, o equipo poderase reunir con calquera outro equipo de traballo para coordinar algunha actividade.

- ACTIVIDADES E CONMEMORACIÓNS:

Neste curso escolar, dende o E.A.C.E. propoñemos as seguintes actividades:

a) Actividades complementarias:

a.1)As conmemoracións:

Desde o E.A.C.E. entendemos as conmemoracións como o xeito ideal para dar a coñecer entre o noso alumnado as festas da nosa comunidade, sobre todo aquelas máis populares coa finalidade última de non deixar morrer a nosa cultura. Ademais aproveitaranse estas festas e conmemoracións para afianzar os lazos entre as familias e o centro, entre o alumnado e os profesorado e entre os nenos e nenas entre si, favorecendo sempre o traballo en equipo e fomentando, así mesmo, valores como a solidariedade, a paz, o coidado e respecto pola natureza, o gusto pola lectura, etc. Este ano programaranse e levaranse a cabo de xeito especial, as seguintes actividades, sen prexuízo das establecidas no calendario escolar do presente curso:

**1º trimestre:**

<u>24 de outubro: Dia das Bibliotecas Escolares. Acto inaugural das Olimpíadas no Couceiro, o PDI deste curso:</u> colaboraremos xunto co equipo de biblioteca na organización deste acto que servirá como punto de arranque do PDI deste curso.

<u>Samaín</u>: continuando co costume de cursos anteriores, o día 31 de outubro faremos na escola unha exposición coas cabazas que o alumnado traerá talladas da casa de forma voluntaria. Ese

día o alumnado poderá tamén vir disfrazado, segundo se decida no diferente ciclo. Ademais colaboraremos co Equipo de Biblioteca na "lectura ás escuras".
Magosto - Día do peón: o día 10 de novembro celebraremos a festa Magosto e o Día do Péon, coa participación das familias. Comeremos castañas, lerase o manifesto do Día do Peón e bailaremos os nosos peóns. A decoración dos corredores será realizada polo alumnado do 1º ciclo de EP:

Día Internacional de Eliminación da Violencia contra a Muller (25-N): para a conmemoración desta festa o EACE propón a realización da I Andaina en favor da eliminación da violencia contra a muller na que participará todo o alumnado e profesorado do centro e as familias.
Nadal: este curso que estamos a traballar co PDI das Olimpíadas, o EACE propón realizar, en lugar do tradicional festival, unha xornada de convivencia coas familias en horario de mañá, na que en diferentes lugares o alumnado e profesorado poderán participar en varios obradoiros como ioga, decoración de tarros de cristal ou zumba, por exemplo. Correrá a cargo de ciclo de EI a decoración da entrada do colexio.

**2º trimestre:**

Día Escolar da non Violencia e da Paz: colaboraremos co 1º ciclo de EP na organización da proposta que deseñen para esta conmemoración.

Entroido: continuaremos cos xa asentados "mandadiños" do noso esqueleto Manolo avisando por adiantado ás familias. Tamén se realizará o desfile pola vila eo festival de comparsas na Casqueira. O xoves, á volta dos días de descanso, celebramos a Queima do Entroido e cantaremos a cantiga tradicional "Xa morreu".

Día Internacional da Muller: colaboraremos, de ser preciso, na actividade que o 3º ciclo deEP propoña.

**3º trimestre:**

Os maios: o día 30 de abril conmemoraremos a festa dos maios na escola. Realizaranse entre 3 e 4 maios e cantaremos ou ben cancións tradicionais ou ben inventadas para tal ocasión. O día 1 de maio, de haber profesorado voluntario, participaremos na Festa dos maios organizada polo concello.
Día Internacional contra o Acoso escolar: este curso como novidade fomentarase desde o equipo a organización dunha actividade conxunta, aínda sen definir, para conmemorar esta data.
Día das letras galegas: colaboraremos co 2º ciclo de EP na proposta que deseñen para conmemorar esta festa.
Castelos de area: xunto co profesorado de EF, colaboraremos na organización desta actividade que consiste na planificación e posterior elaboración en Zopazos (para o alumnado de EI) ou Cabanas (para o alumnado de EP) de castelos de area en grupos internivel.

As conmemoracións poderán realizarse a nivel de aula e a nivel de centro. Con respecto ás celebradas a nivel de aula, levaranas a cabo cada un dos mestres e mestras, favorecendo sempre que se considere preciso, actividades conxuntas entre aulas ou entre cursos e etapas. En canto ás conmemoracións a nivel de centro, favorecerase a participación das familias, mediante festivais, festas e outras actividades, nas que teñan cabida.
Ademais das establecidas no cadro, celebrarase a festa de fin de curso no mes de xuño, onde terá lugar o acto de graduación, e outras actividades que vaian xurdindo ao longo do curso segundo o interese dos nenos e nenas e a dispoñibilidade do profesorado.
Para a posta en marcha das conmemoracións, contarase coa colaboración dos demais equipos, sobre todo co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, co cal manteremos unha estreita

relación nas celebracións das nosas festas máis tradicionais, co Equipo da Biblioteca do colexio e co Equipo TICs.

a.2) As saídas educativas:

Desde o E.A.C.E consideramos as saídas escolares como unha forma moi rica de cumprimentar o currículo do noso alumnado, ao mesmo tempo que se fomenta neles o contacto coa súa realidade mais inmediata. Por iso, este apartado tratarase dun xeito moi especial, programando, preparando e dando a información necesaria de cada unha delas de maneira precisa e clara antes de levala a cabo.

Do mesmo xeito, estas saídas e visitas confórmanse como unha moi boa ocasión para que o alumnado asuma os principios básicos de convivencia e respecto ao medio socio-cultural-natural que os rodea, así como o crecemento de vínculos entre eles e entre eles e a súa contorna, fomentando a aprendizaxe e o gusto por aprender na práctica.

As saídas programaranse por curso, atendendo ao currículo propio da etapa e ás características do alumnado. O alumnado será acompañado en todo momento polo seu profesorado titor e especialistas.

Será requisito imprescindible para que o alumnado participe en calquera saída, que o pai, nai o titor legal do neno ou nena asine a preceptiva autorización. Cando a saída requira transporte, poderán darse dous casos:

− Que o transporte sexa subvencionado por algunha entidade.

− Que deba ser aboado polas familias do alumnado, realizándose este con anterioridade a cada unha das saídas. Cando algún alumno ou alumna non participe na saída, terá dereito a acudir ao colexio. Permanecerá no centro, sendo atendido polo profesorado de garda ou incorporarase á aula máis próxima ao seu nivel. Partindo destes dereitos e obrigas, cada un dos niveis programará as súas propias saídas educativas, coa colaboración do E.A.C.E.

Outras actividades complementarias:

Ademais de todas as actividades descritas para o presente curso, participarase, entre outras, nas seguintes actividades e proxectos:

- Día dos dereitos dos nenos e nenas.
- Día internacional das mulleres.
- Día de Rosalía.
- Día da poesía.
- Día do libro.

b) As actividades extraescolares:

Para cumprir cun dos obxectivos da implantación da xornada continuada escolar utilizaranse as instalacións do centro para actividades extraescolares organizadas no noso centro pola A.N.P.A.: “Eume”. Serán actividades lúdico/culturais que favorecerán a formación do alumnado.

O horario destas actividades será de luns a venres, de 16:00 a 18:00 horas, coincidindo co horario de permanencia do profesorado no centro. A totalidade das actividades (agás piscina, no caso de habela) realizaranse nas instalacións do colexio grazas á colaboración do equipo directivo.

- AVALIACIÓN DO TRABALLO DO EQUIPO:

A avaliación do traballo do equipo será continua ao longo de todo o curso escolar, favorecendo deste xeito a autocorrección de erros e a mellora nas actividades propostas. Será realizada polos propios membros, tendo en conta a opinión do resto dos equipos de traballo e dos equipos de ciclo.

### 5.2.3.- EQUIPO DE BIBLIOTECA: PLAN ANUAL DE LECTURA:

Este curso será o décimo quinto ano na nosa andaina no PLAMBE e o presente Plan Anual de Lectura servirá para complementar e completar o realizado ata o de agora, tomando sempre como referencia o Proxecto Lector de Centro e as liñas prioritarias de actuación remitidas a Bibliotecas Escolares de Galicia, xunto coa solicitude para continuar no PLAMBE no presente curso, introducindo novos aspectos que a experiencia, a dinámica e as tarefas compartidas van aconsellando. O equipo de biblioteca está formado por once membros do claustro de profesorado. Non é un equipo estable, xa que só seis deles formaron parte do mesmo con anterioridade. Aínda así, temos que contamos co apoio do equipo directivo e dos equipos docentes, así como o respaldo unánime do profesorado do centro, o que sen dúbida é unha fortaleza a ter en conta, xa que facilita a posta en marcha das diferentes iniciativas e propostas. É de salientar a boa relación que temos con outras bibliotecas do PLAMBE.

- COMPOÑENTES:

| PROFESORADO | NOME E APELIDOS | NIVEL / ESPECIALIDADE |
|---|---|---|
| **COORDINADORA** | Lidia Núñez Núñez | 6º de Educación Infantil |
| **MEMBROS** | Tatiana Pérez López | 5º de Educación Infantil |
| | Inés Muiños Rodríguez | Apoio de Educación Infantil |
| | Alejandra Villanueva Fernández | 3º de Educación Primaria |
| | Miguel Gabeiras García | 5º de Educación Primaria |
| | Elvira Rodríguez Velasco | Inglés |
| | Lydia Seijo Martínez | 3º de Educación Primaria |
| | Ana Belén Negreira Baña | 1º de Educación Primaria |
| | Elena Carpente Freire | Orientación |
| | Begoña López López | PT |
| | Paula Meizoso Pereira | Francés /6º de Educación Primaria |

- COORDINADORA E EQUIPO PREVISTO:

Este curso vai a ser un curso de moitos cambios, novo equipo directivo, renovación dos membros do equipo, novo profesorado no centro. As previsións de futuro implican ampliar e actualizar as liñas prioritarias de anos anteriores baseándonos nelas no noso traballo diario e modificando as que sexan necesarias para adaptalas a realidade que vaia xurdindo. Seguiremos coma sempre, medrando a carón grazas as achegas doutras bibliotecas, especialmente coas do PLAMBE da nosa zona e tentando recuperar a colaboración coa Biblioteca Municipal de Pontedeume.
A coordinadora será Lidia Núñez Núñez. O horario para a coordinación será de catro sesións semanais. Destacar que o resto dos membros do equipo non teñen hora de coordinación o que sen dúbida serían moi necesarias tendo en conta que o noso "Xardín do Pasatempo" é unha biblioteca moi activa.

- PLAN DE TRABALLO:

As propostas que realizamos neste documento son flexibles e dinámicas, tendo en conta a variabilidade de actividades que nun centro educativo xorden ao longo dun curso académico e

nas que en moitas ocasións a biblioteca escolar está implicada. Doutra banda, queremos salientar que temos ante nós un curso escolar cheo de incertezas, motivadas pola falta de persoal, o que podería implicar unha simplificación ou abandono, se fora o caso, dalgunhas das actividades complementarias que dinamizamos dende a nosa biblioteca, xa que consideramos que é fundamental priorizar a necesidade de dar resposta educativa de calidade as necesidades do noso alumnado en detrimento destas outras actividades, que aínda que forman parte da nosa forma de entender un ensino de calidade, poderiamos ter que eliminar dada a falta de persoal suficiente para atender ao noso alumnado con NEAE.
Este curso, atopámonos tamén cunha renovación importante na composición do equipo de biblioteca, polo que neste mes de setembro teremos que favorecer e dinamizar a familiarización por parte dos membros do mesmo coa inxente actividade que desenvolvemos neste inicio de curso. Por outra banda, temos que planificar quendas de formación en Koha para o conxunto do profesorado do centro.
Como sempre continuaremos empregando o blog http://bibliocouceiro.blogspot.com/ como ferramenta principal para dar a coñecer as diferentes actividades que se desenvolven no curso e que impliquen a participación e ou dinamización da biblioteca do couceiro. Tamén seguiremos con actividades que xa se levan anos desenvolvendo na nosa biblioteca: apertura da biblioteca nos recreos e polas tardes (mes de outubro), mochilas viaxeiras, apadriñamentos lectores…

- OBXECTIVOS XERAIS:

Cinco son as grandes metas que marcan o camiño das nosas actuacións como biblioteca escolar. Estes obxectivos seguen a ser os referentes do noso desenvolvemento:

  - Promover a lectura, así como os recursos e os servizos da biblioteca dentro e fóra do horario escolar.
  - Deseñar pautas de animación á lectura nas que implicar a toda a comunidade educativa.
  - Servir como espazo de comunicación, de encontro e intercambio, de exposición e participación, ofertando espazos pracenteiros e dinamizadores de intercambio de experiencias coa fin de asociar a lectura coa aprendizaxe e tamén co tempo de lecer.
  - Promover estratexias e actividades que tendan a desenvolver, investigar e afondar sobre os distintos aspectos do currículo escolar, en paliar as desigualdades sociais e a atender as necesidades educativas específicas do alumnado do centro.

- LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR PARA O CURSO 2023/2024:

1. **En relación coa organización e xestión:**

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| Seguir avanzando na catalogación dos nosos fondos abarcando novidades, documentos de elaboración propia, xogos e outras dependencias do colexio (bibliotecas de aula, sala de profesorado...etc.) | | |
| Desenvolver as actuacións e actividades de animación programadas no Plan Anual de Lectura enmarcadas dentro do Plan Xeral Anual do centro. | | |
| Fixar datas de reunións do novo equipo e reparto de tarefas | Seguimento e avaliación das actuacións realizadas.<br>Introdución de novas iniciativas dinamizadoras. | |
| Deseño das pautas a realizar en canto á catalogación, | Seguimento e avaliación das actuacións realizadas nos ámbitos de movemento dos fondos da biblioteca, tanto a nivel de | |

| | | |
|---|---|---|
| empréstitos e devolucións. Horario semanal por titorías. | empréstitos e devolucións como de achegas ás bibliotecas de aula (maletas viaxeiras). | |
| Elaboración de quendas de garda do profesorado. Carnés lectores para o alumnado e profesorado de nova incorporación. | Seguimento do uso da biblioteca polo profesorado, alumnado e titorías. | Seguimento do uso da biblioteca, avaliación e proposta de mellora. |
| Recepción aos cursos na Hora de Ler. | Club de lectura (3º, 4º, 5º e 6º E.P.) e prensa escola (5º e 6º E. P., todo o curso). Club de lectura profesorado. Planificación e desenvolvemento para E. Infantil e primeiros niveis de primaria: Contacontos. | |
| Formación do alumnado colaborador. Deseño dos equipos e quendas. | Seguimento da actividade do alumnado colaborador. Análise de dificultades e propostas de mellora. | |
| Creación dun espazo maker para a experimentación e a investigación, da robótica e da linguaxe de programación na nosa bibliotecas. Adquisición materiais e posta en marcha. | Seguimento e dinamización do seu uso. | Avaliación e proposta de melloras cara o seguinte curso. |
| Ampliar os fondos documentais nos diferentes formatos dándolle prioridade ás necesidades da biblioteca, do PDI, para N.E.E. ás suxestións do profesorado titor e especialista e ás do equipo de orientación e dos clubs de lectura. Ampliar, no posible os fondos informativos en galego. | | |
| Dinamización do uso da Radio na biblio, xa que esta ferramenta contribúe ao desenvolvemento das competencias clave, por iso planificaremos propostas diversas que favorezan o desenvolvemento de contidos curriculares de maneira transversal que nos permita traballar as distintas áreas de aprendizaxe a través de metodolóxicas activas | | |

**2. En relación coa dinamización e promoción dos recursos da biblioteca:**

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| Programación de actividades dinamizadoras. | Seguimento e desenvolvemento das diferentes actividades (Paz, Entroido, Día da Muller, Rosalía...) | Avaliación das actividades realizadas. |
| Dinamizar, documentar e publicitar o PDI do centro. | | Exposición PDI a toda a Comunidade Educativa. Avaliación. |
| Elaboración de guías de lectura virtuais ou en papel (Nadal, verán). | | |
| Difusión dos recursos e actividades dinamizadoras a través do blog da biblioteca http://bibliocouceiro.blogspot.com/ e das redes sociais para que toda a comunidade educativa participe das mesmas. | | Avaliación e propostas de mellora neste ámbito. |
| Establecemento de pautas para a mellora do desenvolvemento curricular. | Actuacións da biblioteca como elemento de | Avaliación e propostas de mellora. |

| | | |
|---|---|---|
| | compensación social (préstamos, Club de Lectura, presentación de libros, contacontos...) | |
| Establecemento de pautas para a consecución das competencias básicas e clave. | | |
| Dinamización e mellora do espazo denominado "Recreoteca". | | |
| Ampliación e mellora do espazo para o relax e a reflexión onde traballaremos control emocións, resolución conflitos, expresión oral e corporal...utilizando fondos adquiridos con esta finalidade. | | |
| Renovación do blog da biblioteca, coa incorporación do blog dos clubs de lectores á parte central do mesmo, ademais doutros cambios que xurdan. | Revisar o uso semanal da utilización da biblioteca por parte das titorías. | Avaliación e propostas de mellora. |
| Poñer en funcionamento de tabletas da biblioteca adquiridas no curso 22-23. | Actualización e control dos mesmos. | Avaliación do seu funcionamento e posible ampliación. |
| Dinamizar a "Radio na biblio". | Actualización da formación. | Avaliación do seu funcionamento e posible ampliación. |
| Deseño da formación do equipo da biblioteca tanto dentro do proxecto do centro como en encontros e xornadas propostas pola rede de B.E. | Participación nos diferentes cursos de formación, afondando na robótica. | Avaliación da formación e planificación do seguinte PFPP. |
| Continuar coas colaboracións coa B. Municipal e coas outras bibliotecas escolares. | | |

**3. En relación coa formación de usuarios e acceso á información:**

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| Presentación da biblioteca ao novo profesorado. Explicación do seu funcionamento e dinamización. Gardas. Servizo de préstamo. | Análise das dificultades atopadas por parte do Equipo de Biblioteca. Seguimento de actividades e propostas de mellora. | Avaliación do Equipo de Biblioteca. |
| Deseño do calendario e comezo do plan de formación documental para o alumnado. | Continuación do plan de formación documental. Valoración da utilización dos recursos: Índices, catálogos, manexo de buscadores. Análise das dificultades atopadas e propostas de mellora. | Remate do plan. Avaliación e propostas de mellora. |
| Apertura da biblioteca. Visita do alumnado por titorías. Recoñecemento de espazos e uso. | | |

| | | |
|---|---|---|
| En colaboración co Equipo TIC formación na realización de booktraillers. | Realización e difusión de booktraillers | Valoración da experiencia. |
| Reforzar o traballo das competencias ALFIN e AMI | Reforzar o traballo das competencias ALFIN e AMI | Avaliar o traballo das competencias ALFIN e AMI |

**4. En relación co fomento da lectura e desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro**:

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| Hora de Ler. Difusión e comezo de actividades. Prensa Escola nos niveis de 5º e 6º de Educación Primaria. | Seguimento de actividades e propostas de mellora. | |
| Desenvolver a programación anual de dinamización.<br>Día da biblioteca, Magosto, Samaín, Nadal. | Apoiamos o Día da Paz. Entroido. Día de Rosalía. Día da Muller. Deseñamos o Día da poesía, Día do teatro... | Día do Libro. Maios. Letras. |
| Selección de fondos para mochilas e maletas viaxeiras. Elaboración de documentos adxuntos. | Seguimento e uso das mochilas. | Avaliación e propostas de mellora. |
| PDI (Dinamización, achegamento de información, acordos previo, inicio da actividade). | Desenvolvemento e difusión | Exposición de produtos finais e avaliación da actividade. |
| Difusión das novidades que se atopen nos nosos andeis tanto nos corredores como no blog. | Difusión das novidades que se atopen nos nosos andeis tanto nos corredores como no blog. | Difusión das novidades que se atopen nos nosos andeis tanto nos corredores como no blog. |
| Clubs de Lectura( 4º, 5º e 6º). Planificación. Modificación do blog http://bibliocouceiroclubdelectura.blogspot.com/<br>Contacontos (Infantil e 1º e 2º, 3º) | Desenvolvemento dos clubs (para alumnado dos últimos cursos de primaria).<br>Xornadas de contacontos. | Visita escritores ou ilustradores. Avaliación. |
| Planificación de "lecturas compartidas e do xornal Abrente, colaborando co EDNL do centro. | Seguimento desta actividade na que o alumnado de 5º e 6º leva as lecturas aos alumnado de infantil e 1º de E.P. ao longo do curso. Avaliación. | |

**5. En relación cos avances cara unha biblioteca inclusiva:**

| 1º TRIMESTRE | 2º TRIMESTRE | 3º TRIMESTRE |
|---|---|---|
| Optimización do uso do espazo e recursos cara a unha mellor atención á diversidade. | Seguimento e actualización dos recursos segundo vaian xurdindo novas necesidades. | Avaliación de actividade do 1º e 2º trimestre e planificación con posibles melloras. |

| | | |
|---|---|---|
| Presentación de libros sobre control da impulsividade, control tónico, respiración, relaxación, | Presentación de titoriais sobre os novos materiais didácticos e novo espazo. | Facer enquisa entre o profesorado para melloras. |
| Presentar o PDI ás familias e estimular a participación activa no desenvolvemento do mesmo. | | |
| Continuar co horario que facilita o préstamo e inclusión vespertina das familias e co espazo dentro e fóra da biblioteca escolar. | | |
| Ampliar os fondos que tratan a diversidade , Lectura Fácil, fondos táctiles, audio –libros, braille... | | |
| Ofertar os recursos tecnolóxicos ao alumnado que o precise | | |

### 6. 6. En relación ao programa "Radio na biblio":

Atendendo a Resolución do 28 de setembro de Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativo, no contexto do Plan LÍA de Bibliotecas Escolares, pola que se convoca a participación no proxecto Radio Na Biblioteca, para a introdución da radio nas bibliotecas escolares dos centros públicos de titularidade, o centro solicitará a continuidade no programa para o curso 23/24.
A mediados do curso pasado comezamos co proxecto: "Radio na biblio", nacendo así a nosa radio "RADIO FALANGUEIRA SEMPRE Á TÚA BEIRA", converténdose nunha ferramenta pedagóxica coa que nos permite promover o coñecemento e o uso responsable da información en diferentes formatos, crear dinámicas de comunicación e como apoio á difusión de produtos elaborados polo alumnado e ao noso Proxecto Documental Integrado.
Este curso crearemos unha nova pestaña dentro do blog da biblioteca para poder darlle difusión á nosa radio, cun fácil acceso para todas e todos os membros da nosa comunidade educativa. Ademáis comezaremos a empregar a plataforma iVoox e darlle así unha maior difusión as nosos Podcast.
Este proxecto, integrado dentro do Plan de Biblioteca, será dinamizado pola nosa compañeira Alejandra Villanueva (membro do equipo de biblioteca).

As actividades previstas para este curso:

- O 13 de febreiro celebrase o día mundial da radio, correspondendo este ano coa súa 12ª edición e como temática "Radio e paz". Aproveitaremos esta data para realizar algún podcast sobre a temática e para celebrar a festa da nosa radio falangueira
- Podcast relacionados co PDI.
- Podcast relacionados con algunha conmemoración ou traballo realizados polo alumnado.
- Dinamización para que todos os niveis educativos tamén participen neste proxecto

- OUTRAS ACTUACIÓNS:

PDI: Este será o 8º curso que a dinámica de todo o centro xire arredor dun Proxecto Documental Integrado(PDI). Neste, traballamos man con man todos os equipos de traballo, así como os cursos do centro e o resto da comunidade educativa.Este curso 2023-24 propuxémonos traballar "AS OLIMPÍADAS" .
O equipo de biblioteca fixo unha selección bibliográfica cos fondos da nosa biblioteca que tratan o tema do PDI, preparou coa axuda do equipo de estraescolares, un posto de benvida para o noso alumnado e un mural. Por outra banda, compartimos cos nosos compañeiros unha selección bibliográfica con libros que desenvolven a temática para ampliar os fondos.
Continuaremos a compartir as nosas vivencias, pescudas e traballos realizados utilizando medios audiovisuais colgados nos diferentes blogs e visualizados nos taboleiros das aulas ou

na da entrada, ou a través de ordenadores persoais.
Tamén a organización espacial e temporal, así como as diferentes ferramentas de animación á lectura e apoio ao proceso lector utilizadas dende a B. E. redefiniranse como xa comezamos a facer o curso pasado permitindo facer máis visible a bibloioteca do centro (pequena zona de biblioteca no patio,...)

- CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:

A avaliación será continua sobre os indicadores e liñas de actuación tratadas anteriormente. Esta avaliación será realizada polo equipo de biblioteca, tendo en conta a opinión do profesorado e dando conta á comisión de coordinación pedagóxica.
Utilizarase como documento base o PROXECTO LECTOR DE CENTRO, revisando e realizando propostas de actualización do mesmo.
Realizaranse enquisas ao alumnado (preferentemente co alumnado de cuarto de primaria en adiante, xa que consideramos que é este un nivel axeitado para facer unha exploración das súas inquedanzas), profesorado e familias que nos darán as claves sobre a situación da nosa biblioteca e o seu funcionamento. A finalidade destas, será obter unha visión máis completa do panorama e deseñar medidas correctoras ou de posta en marcha de novas iniciativas.
Teranse en conta unha serie de datos estatísticos e de valoración das actividades de dinamización realizadas que nos servirán para reflexionar sobre o desenvolvemento da programación anual da biblioteca. Entre estes datos destacamos:

- Número de empréstitos ao longo do curso.
- Número de alumnado participante nos clubs de lectura.
- Alumnado colaborador.
- Visitas e participación na bitácora da biblioteca e no blog do club de lectura.
- Enquisas e cuestionarios “on line” realizados ao alumnado, profesorado e familias.
- Comparativas e evolución con respecto aos cursos anteriores.
- Cuestionarios para avaliar o uso e grao de satisfacción, tanto de alumnado como das familias con respecto ás mochilas viaxeiras.

**5.2.4.- EQUIPO DAS TIC´S. PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC´S:**

- FUNCIÓNS E OBXECTIVOS:

- Integrar o uso das TIC no centro, de modo que o profesorado e o alumnado as utilicen como unha ferramenta máis do proceso de ensino-aprendizaxe.
- Organizar e xestionar os medios e recursos TIC do centro.
- Espertar o interese entre o alumnado e darlles pautas para a o tratamento crítico da información á que poden acceder a través de internet.
- Manter os equipamentos informáticos e audiovisuais.
- Manter actualizada a páxina web e o facebook do centro.
- Dinamizar os blogs de aula.
- Proporcionar ao profesorado todo tipo de recursos educativos provenientes de internet.
- Xestionar a aula de informática: o horario, descargando actividades axeitadas para o alumnado, e establecendo as normas de uso.
- Realizar as fotos e vídeos nos diferentes actos que se fagan no centro, arquivándoas de modo axeitado.
- Continuar cos Proxectos Abalar e Edixgal no noso centro. Destinados a achegar as novas tecnoloxías ao profesorado e alumnado do 5º e 6º de Primaria.
- Integrar plenamente as novas tecnoloxías na aula Abalar.
- Seleccionar contidos existentes na rede para aplicar na aula.

- Crear contidos TIC para aplicar na aula.
- Propiciar a existencia de actitudes positivas de profesorado e alumnado en relación cos novos contidos dixitais.
- Impulsar o uso dos contidos dixitais como ferramenta de traballo para a investigación e a produción creativa como medio de comunicación de ideas e coñecementos para toda a comunidade educativa do centro, non só dos cursos implicados no proxecto.
- Manexar as tecnoloxías da información e da comunicación como medio de información e comunicación de xeito responsable.
- Potenciar o uso de Abalarmóbil entre o profesorado e as familias, mellorando a inmediatez e evitando o uso de papel.

- COMPOÑENTES:

| PROFESORADO | NOME E APELIDOS | NIVEL/ESPECIALIDADE |
|---|---|---|
| **COORDINADOR** | Roberto Díaz Ameneiros | E.F. |
| **MEMBROS** | Alexandra Rodríguez Servia | E.P. 1º B |
| | Sonia Romero Cal | Audición e Linguaxe |
| | Patricia Regueiro Sousa | E.P. 5º A |
| | Rosalía Iglesias Carrillo | E.P. 4º A |
| | Mª Isabel Tomé Marcos | E.P. 6º B |

- CALENDARIO DE REUNIÓNS:

As reunións levaranse a cabo tal e como se estableza no calendario proporcionado polo centro.

- ACTIVIDADES E PLAN DE TRABALLO:

  - Mantemento e actualización da páxina web do centro.
  - Actualización do Facebook do colexio, empregándoo como ferramenta de comunicación instantánea coas familias.
  - Busca na rede de todo tipo de páxinas educativas, para proporcionar información ao profesorado de todos os niveis e áreas, co fin de facilitar e mellorar a súa tarefa docente.
  - Achegamento por parte do profesorado, de todo tipo de material relacionado co traballo en clase co alumnado, para incluír dentro da páxina web do centro.
  - Fomento xeral do uso do galego a través de recompilación material informático que axude ao profesorado a traballar na dita lingua: tradutores, correctores, ferramentas informáticas para elaborar recursos (Ardora, Lim, Javaclic, webquest, etc).
  - Reordenación do espazo da aula de informática por mor da necesidade de actualizar o seu funcionalmente e adaptarse a novos obxectivos.
  - Organización do armario de carga móbil dos portátiles para o seu uso por parte do alumnado de 1º a 4º de Primaria.
  - Realización de reunións ao longo do curso entre o profesorado interesado para mellorar a súa competencia nas TIC (software diverso, taboleiro dixital, recurso, etc).
  - Promoción dos blogs de aula, a través da páxina web do centro.
  - Mantemento adecuado dos equipos e impresoras do centro. Reposición das tintas.
  - Revisión das tablets do centro. Descarga de aplicacións educativas e mantemento axeitado.
  - Recompilación de fotos e vídeos de recordo nun USB para o alumnado de 6º de Educación Primaria.

- Arquivo de forma segura e ordenada todas as fotos e vídeos do centro.
- Retirada de material informático obsoleto.
- Preparación dun lugar dentro do centro para a colocación e ordenación do material tecnolóxico.
- Realización de vídeos e fotos durante as celebracións do curso e a posterior edición en vídeo.
- Búsqueda dun espazo no noso centro para a colocación dun croma coa idea de crear escenarios virtuais na realización de vídeos.

- AVALIACIÓN DO TRABALLO DO EQUIPO:

  - Comprobar se a achega ao profesorado de material educativo procedente de internet serviu como apoio ás súas clases.
  - Valorar as posibilidades do centro en canto ás TIC cos espazos e materiais dispoñibles.
  - Comprobar se foi correcto o mantemento dos equipamentos informáticos e a reposición das tintas das impresoras.
  - Avaliar o manexo do profesorado cos taboleiros dixitais.
  - Comprobar o bo funcionamento da páxina web do centro e do Facebook.
  - Valorar o material existente, ver as necesidades e solicitar o material necesario.
  - Valorar o uso do armario de carga móvil dos portátiles por parte do alumnado de 1º a 4º de Primaria.
  - Valorar o uso do material pertencente ás TIC entre o profesorado e tamén entre o alumnado.
  - Comprobar o grao de participación do profesorado no referente ao manexo dos blogues de aula.
  - Valorar o grao de comunicación coas familias a través das redes sociais.
  - Valorar o grao de comunicación coas familias a través de AbalarMóbil.
  - Valorar o desenvolvemento dos Proxectos Abalar e E-dixgal no noso centro.

### 5.3.- PROXECTO LINGÜÍSTICO:

- INTRODUCIÓN:

Segundo o artigo 14 do Decreto 79/2010 do 20 de maio todos os centros educativos da comunidade autónoma de Galicia deben elaborar un Proxecto Lingüístico no que apareza integrado o currículo das áreas lingüísticas impartidas no centro.

- ESTUDIO SOCIOLINGÜÍSTICO:

- **Contorno sociolingüístico:**

O noso centro atópase no Concello de Pontedeume, no noroeste de Galicia.
Pontedeume está a metade de camiño entre Ferrol e A Coruña que confiren a Pontedeume unha gran influenza lingüística en favor do castelán. A nosa vila é eminentemente castelán falante deixando ao galego para os ámbitos económico e administrativo.
Cabe destacar o labor en prol do galego dalgunhas entidades eumesas como a biblioteca ou o Ateneo eumés.
O noso centro recibe alumnado das parroquias de Centroña, Boebre e Ombre que teñen un entorno máis rural.
Pese a que o noso centro é eminentemente castelán falante, pretendemos dar pulo ao galego a nivel oral.

- **Situación do profesorado:**

A competencia lingüística do profesorado é boa, se ben o uso oral do galego non é óptimo nas relacións extraescolares.
Pese a que a maioría do profesorado naceu e vive en Galicia, o entorno familiar e social no que se desenvolven é castelán falante, polo que nas súas comunicacións usan o castelán. Este feito cambia dentro do centro educativo no que se usa o galego como idioma administrativo e seguimos a normativa vixente.

- **Situación do alumnado:**

A lingua predominante é o castelán. Todo o alumnado entende o galego e non temos ningún caso de flexibilización lingüística no centro (temos varios casos que a pesar de non ser de orixe española, entenden o castelán e o galego).

- **Situación sociolingüística do centro:**

O galego ten presenza plena na documentación administrativa, no rotulado do centro, nos taboleiros de anuncios, nas comunicacións escritas ás familias, profesorado e outras institucións agás as de fora de Galicia.
O emprego da lingua galega nas interaccións co alumnado, coas familias e con outras institucións en contextos formais e informais é aceptable.
O uso da lingua galega por parte do persoal non docente é satisfactorio e a súa actitude cara a nosa lingua é positiva.
A ANPA do centro emprega o galego nos seus escritos e reunións.
A biblioteca do centro está ben dotada de libros en galego e tras a súa participación no programa PLAMBE de bibliotecas escolares é o principal eixe vertebrador da promoción do galego no noso centro. Segue a incrementar os seus fondos musicais, videográficos, videoxogos e material informático en galego.

- **Decisión do centro educativo respecto da lingua en que se impartirán as materias:**

Segundo o disposto no Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, para dar cumprimento so artigo 5º (educación infantil) e 6º (educación primaria) e de acordo co que consta na PXA e no DOC aprobados polo Claustro e o consello escolar e a decisión do centro quedaría da seguinte maneira:

- EDUCACIÓN INFANTIL:

En cumprimento do Decreto 79/2010, do 20 de maio, e tras a consulta feita aos pais coa matrícula, na etapa de Educación Infantil usarase na aula o castelán, pois esta foi a lingua materna predominante, pola que optaron a maioría das familias na enquisa. Sen embargo, para integrar e para tender a cooficialidade do galego, se tomarán todas aquelas medidas cara que os nenos/as sexan competentes tamén en galego.
Durante esta etapa educativa a lingua estranxeira impartida será o inglés.

- EDUCACIÓN PRIMARIA:

Segundo o establecido no decreto 79/2010 do 20 de maio, e para equilibrar as dúas linguas oficias da nosa comunidade autónoma na impartición das áreas do currículo, o noso centro impartirá as diferentes materias segundo a táboa que achegamos:

| MATERIAS LOMLOE | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 1º | 2º | 3º | 4º | 5º | 6º |
| Ciencias Sociais | G | G | G | G | G | G |
| Ciencias da Natureza | G | G | G | G | G | G |
| Matemáticas | C | C | C | C | C | C |
| Lingua Galega e Literatura | G | G | G | G | G | G |
| Lingua Castelá e Literatura | C | C | C | C | C | C |
| Lingua Inglesa/Lingua Francesa | I/F | I/F | I/F | I/F | I/F | I/F |
| Educación Física | C | C | C | C | C | C |
| Música e Danza | C | C | G | G | G | G |
| Educación Plástica e Visual | G | G | G | G | I | I |
| Relixion Católica/Proxecto Competencial | G | G | G | G | G | G |
| Valores Sociais e Cívicos | | | | | | G |

G.- Lingua galega. I.- Lingua inglesa
C.- Lingua castelá. F.- Lingua francesa

- OUTRAS DISPOSICIÓNS:

Cada catro cursos escolares o claustro de profesores e o consello escolar, por medio da Programación xeral Anual, decidirán que materias se imparten en cada idioma.
En todas as materias, agás nas linguas o alumnado poderá utilizar nas súas manifestacións orais e escritas a lingua oficial da súa preferencia, aínda que se procurará que o alumnado empregue a lingua na que se imparte a materia.

- MEDIDAS TENDENTES Á IMPARTICIÓN DUN CURRÍCULUM INTEGRADO DAS LINGUAS QUE SE IMPARTAN NO CENTRO:

**− Medidas adoptadas para que o alumando que non teña o suficiente dominio das linguas poida seguir con aproveitamento as ensinanzas que se lle imparten:**
Estas medidas poden centrarse en:

- Tempo e ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía máis personalizada.
- Reforzar as técnicas de aprendizaxe.
- Mellorar os procedementos, hábitos e actitudes.
- Aumentar a atención orientadora.

As actividades de reforzo permiten darlles unha atención individualizada ao alumnado, segundo as súas necesidades e o seu ritmo de aprendizaxe.
Proporanse actividades para afrontar diferentes expectativas do alumnado como poden ser:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Empregar unha metodoloxía máis activa, posibilitando que cheguen a realizar pouco a pouco, aprendizaxes significativas por si mesmos.
- Motivar ao alumnado partindo sempre dos seus intereses, necesidades e expectativas, vendo unha progresión no seu esforzo.

- Fomentar a participación en grupo, sentíndose valorados polo mesmo.
- Utilizar unha linguaxe sinxela, clara e estruturada, sempre de acordo coas súas posibilidades e ao seu ritmo, que lle permita unha comunicación clara e coherente cos demais.

- CRITERIOS METODOLÓXICOS:

  - O punto de partida da aprendizaxe do alumnado son os seus primeiros coñecementos previos; centrándonos naquilo que resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación. O alumnado pode transferir conceptos e estratexias adquiridas para construír así significados e atribuírlle sentido ao que aprende (partindo do que coñece e formulando hipóteses para elaborar regras que axudan a interiorizar o novo sistema). Favorécese así o seu crecemento persoal, o seu desenvolvemento e a súa socialización.
  - As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe; xa que logo é importante ter en conta a importancia das cancións e historias, as características das personaxes, as ilustracións e incluso os efectos sonoros das gravacións.
  - O alumnado aprende de distintas formas e a ritmos diferentes; por iso as nosas programacións deberán estar deseñadas para ser utilizadas con flexibilidade de modo que todos os integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia conciencia de logros e doprogreso que logran día a día. Nas programacións deberá existir sempre un apoio para aqueles nenos/as que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron, así como os casos en que algúns salienten na consecución de obxectivos e que, diante da falta de actividade programada, se desmotiven e perdan o interese. Para emendar estas posibles situacións incluiranse actividades tanto de ampliación, para os máis avanzados, como de reforzo, para os que poidan estancarse nalgún momento.
  - A aprendizaxe das crianzas é maior e de máis calidade se se basea na actividade; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. As nosas programacións deberán proporcionar unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. Na programación o alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe pero a súa actividade construtivista depende da intervención do/a profesor/a. Esta intervención debe ser activa e reflexiva e axustada ao nivel que mostra o alumno/a debendo: iniciar o input da lingua, axudar ao individuo na interacción cos demais, avaliar o que fan os nenos/as, proporcionar feed-back, contextualizar as actividades e dar significados comprensibles para o/a alumno/a, promover estratexias de comunicación, potenciar as estratexias de aprendizaxe xa adquiridas e admitir o erro.
  - Considerar o progreso pero tamén o erro como algo natural no proceso de aprendizaxe. O erro ocorre como unha evidencia do dinamismo subxacente da comprensión e do dominio progresivo do novo sistema comunicativo. Enténdese que os erros se producen cando o/a neno/a anticipa como vai funcionar a lingua ou cando transfire regras da súa lingua materna nun proceso natural de adquisición. Pero é importante facer unha distinción entre erro e equivocación. Considérase erro o fallo sistemático debido a un mal ou escaso coñecemento da lingua. Estes erros corrixiranse ao finalizar as interaccións orais, de forma grupal e cunha linguaxe accesible e sempre tendo en conta que non desaparecen repentinamente, senón que requiren o seu tempo. A equivocación é un fallo ocasional debido a unha falta de atención nun momento determinado. Non merece a pena corrixir os fallos porque non son relevantes no proceso de ensino-aprendizaxe dunha lingua.

- A avaliación do proceso individual e grupal dos alumnos na aprendizaxe é un factor importante. É primordial que exista un Caderno de Avaliación que nos permita anotar as observacións referentes ao progreso de cada alumno.
- A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo no alumnado.
- Nas programacións das linguas teremos que ter en conta esta situación ao ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do mesmo neno e a seguir coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio ambiente e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo; o Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, a Educación Artística, as Matemáticas, a Educación Física,...
- Posibilitar que o alumnado realice aprendizaxes significativas pos si sos.
- Favorecer situacións nas que o alumnado debe actualizar os seus coñecementos.
- Propoñer situacións de aprendizaxe que teñan sentido para o alumnado, co fin de que resulten motivadoras.
- Unha metodoloxía activa, onde o alumnado participe na dinámica xeral da aula e na adquisición das aprendizaxes.
- A motivación é fundamental, debemos partir sempre dos intereses, demandas e necesidades do alumnado. Tamén é importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.
- Unha autonomía na aprendizaxe favorece unha maior participación. Concrétase nos seguintes aspectos: A utilización dunha linguaxe sinxela, clara e estruturada.
- A gradación das actividades, aparecendo no último lugar as que requiren un maior grao de habilidade e autonomía.
- Unha reflexión sobre os contidos obxecto de estudo e unha revisión.
- Unha programación cíclica, que reforce o aprendido e abra o coñecemento cara a novos contidos.

- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, RELACIONADOS COAS COMPETENCIAS BÁSICAS QUE SE APLICARÁN NAS LINGUAS:

- Manter conversas cotiás e familiares sobre temas coñecidos en diferentes situacións de comunicación, respectando as normas básicas de intercambio, como escoitar e mirar a quen fala, participando nas diversas situacións de intercambio oral que se produce na aula: avaliando a capacidade de intervir nas situacións comunicativas, respectando os hábitos de correcta participación, dende a fala e a escoita, usando correctamente os recursos verbais.
- Captar o sentido global e identificar informacións específicas en textos orais variados emitidos en diferentes situacións de comunicación; facendo deducións elementais, e chegando a comprender a linguaxe con aspectos como a ironía, retranca, ou dobre sentido. Tamén avalíase a capacidade de distinguir a información, da opinión.
- Ler e localizar información explícita e realizar inferencias directas en comprender textos diversos sobre temas de interese.
- Elaborar textos escritos atendendo ao destinatario, ao tipo de texto e á finalidade, tanto en soporte papel como dixital.
- Usar formas e estruturas propias da lingua incluíndo aspectos de ritmo, acentuación e entoación en diferentes contextos comunicativos de forma significativa.
- Usar algunhas estratexias para aprender a aprender, como facer preguntas pertinentes para obter información, pedir aclaracións, utilizar dicionarios bilingües e monolingües, acompañar a comunicación con xestos, buscar, recompilar e organizar información en diferentes soportes, utilizar as TIC para contrastar e comprobar información e identificar

algúns aspectos que lle axuden a aprender mellor.

- Valorar a lingua como instrumento de comunicación con outros persoas, como ferramenta de aprendizaxe e mostrar curiosidade e interese cara ás persoas que falan outras linguas.
- Identificar algúns trazos, costumes e tradicións de países onde se falan outras linguas e comparalos cos propios.
- Producir textos orais, partindo da literatura popular, así como a capacidade de dramatizar ou memorizar o texto.
- Producir textos de diferentes tipoloxías que lles permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e información relacionada con situacións cotiás.
- Ler de maneira expresiva textos de diversa tipoloxía con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade, ritmo e velocidade, valorando e controlando o proceso lector.
- Coñecer textos de literatura infantil nas distintas linguas, adecuados aos alumnos coa finalidade de que lles sirvan de modelo para a escritura creativa, aumento de vocabulario e aprendizaxe de normas ortográficas.

- OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA:

- **Obxectivos xerais:**

Queremos fomentar o uso do galego para acadar un nivel de desenvolvemento da Lingua Galega entre a comunidade educativa para que sexa semellante ao uso do Castelán. Para logralo propoñemos os seguintes obxectivos:

- Ter informadas as familias das actividades programadas polo EDLG e convidalas a participar en aquelas que sexa posible.
- Fomentar actitudes positivas cara ao uso oral da lingua galega.
- Colaborar co Concello e outras entidades e asociacións do contorno e informar as familias.

sobre as actividades que organicen.

- Usar o galego como lingua vehicular tamén fóra da aula entre todos os membros da comunidade educativa.
- Coidar a correcta utilización das estruturas lingüísticas e vocabulario propias do galego.
- Implicar ao alumnado nas actividades propostas polo EDLG.
- Dar a coñecer espazos na REDE onde podamos atopar información en galego.
- Promover a participación do profesorado e alumnado no BLOG do EDLG.
- Dar a coñecer o patrimonio cultural de Galicia como parte da nosa identidade.
- Recuperar as nosas tradicións.
- Fomentar, a través de actividades lúdicas o uso do galego nas relacións informais.
- Implicar ao profesorado que vén de novo ao noso proxecto.
- Asesorar e resolver as dúbidas lingüísticas a calquera membro da comunidade educativa.
- Ter a disposición de toda a comunidade educativa libros, revistas en galego, dicionarios,... e todo aquel material que axude a un uso mais correcto da lingua e adaptalo a nova normativa.
- Facer un inventario do material existente.
- Dinamizar espazos existentes no colexio para dar a coñecer traballos feitos polo alumnado do centro e informacións positivas sobre lingua (TABOLEIRO DA LINGUA).
- Traer á escola persoas relacionadas co mundo da cultura e que contribúan a

prestixiala: escritores, ilustradores, grupos de teatro, contacontos, músicos, bailes,...

- **Liñas de actuación:**

  - **Promoveranse accións no uso do galego tanto oral como escrito:**

a) Aspectos visuais e documentais:
- Teranse en galego todo tipo de carteis, letreiros, avisos, etc.
- Todos os blogues do centro agás os propios das linguas estranxeira estarán en galego.
- Empregarase o galego nos documentos de relación coas familias e o contorno social: correspondencia, boletíns de notas, publicacións, comunicados,...
- Farase en galego toda a documentación administrativa e pedagóxica.
- Teranse en galego os selos empregados na vida administrativa.

b) Usos lingüísticos cotiás orais:
- Emprego da lingua por parte do profesorado e persoal non docente nas conversas que manteñan coas familias, co alumnado e entre eles.
- Usarase a lingua galega en todos os actos que organice o centro, reunións de familias, festivais, conferencias, etc.

c) Fomento xeral do uso do galego:
- Daráselle pulo á utilización das tecnoloxías da información promovendo a súa identificación co uso do galego (en colaboración co equipo TIC).
- Facultaráselle ao alumnado información sobre páxinas web onde poden atopar información en galego.
- Recompilar material informático que axude ao profesorado a traballar en galego: tradutores, correctores, ferramentas informáticas para elaborar recursos (en colaboración co equipo TIC).
- Editar en galego a revista e outras publicacións (periódicas ou non do centro).
- Terase ben dotada de materiais audiovisuais a fonoteca ea mediateca do centro, de xeito que o alumnado coñeza a riqueza das producións feitas en galego.
- Fomentarase, a través de xogos e doutras actividades lúdicas, o uso do galego nas actividades informais do alumnado.
- Porase ao alumnado en contacto coa realidade social do país, realizando visitas de carácter didáctico que lle permita coñecer a presenza da lingua Na Galicia de hoxe e recolleranse as informacións máis importantes relacionadas coa presenza social de galego, por medio dun panel informativo.
- Promoveranse encontros co alumnado doutras zonas que falen galego.
- Deseñar un plan de acollida para alumnado inmigrante.

d) Colaboración co contorno:
- Manterase unha colaboración aberta co servizo de normalización lingüística do Concello, coa biblioteca municipal e con outras asociacións.

  - **Actividades sobre a creación de actitudes positivas:**

- Debemos fuxir da identificación do uso da lingua como algo académico e curricular e ir inseríndoa nos usos da vida escolar e cotiá, sacar a lingua aos corredores e ao patio da escola.
- Faranse campañas que proporciones información e estímulos positivos e modifiquen actitudes negativas cara o uso do galego.
- Divulgarase unha imaxe da lingua galega centrada nun argumento moderno, vangardista,... É fundamentalmente a ligazón con todos os avances de interese que nos proporcionan as TIC's. As novas tecnoloxías tamén estarán presentes no nosos centro

nas redes sociais das que dispón o centro como facebook ou os blogues da nosa institución.

- Realizaranse carteis, adhesivos, slogans, etc. promovendo o uso do galego en todos os ámbitos.
- Espallarase entre o alumnado e o profesorado, así como entre os restantes membros da comunidade educativa, todas aquelas novas que supoñan un avance na recuperación do prestixio social da lingua.
- Establecerase un taboleiro permanente para recoller as ditas novas.
- Proporcionaránselle ao profesorado información sobre materiais didácticos, lingüísticos e pedagóxicos existentes que permitan un incremento da docencia en lingua galega e prestaráselle atención especial a todos aqueles relacionados coas TIC's.
- Utilizarase todo aquel material en galego que, ademais do seu carácter formativo, contribúa a facer desaparecer os prexuízos: vídeos, cancións, películas, publicacións, etc.
- Realizaranse charlas con escritores/as ou personaxes que empreguen o galego na súa profesión, para promover a utilización social da lingua.

## 5.4.- SECCIÓNS BILINGÜES:

- INTRODUCIÓN:

Durante o curso 2023-2024 no noso centro contaremos con catro seccións bilingües na área de Expresión Artística na sección de Plástica. Teremos nas nosas seccións 92 alumnos e alumnas que recibirán as ensinanzas de plástica en inglés.
Temos asignado ao noso centro un auxiliar de conversa que impartirá inglés oral nas catro seccións bilingües e unha sesión de inglés nos cursos de 5º e 6º de Educación Primaria.
Neste ano académico, por orde da Administración, o auxiliar de conversa estará 2 días á semana no CEIP Couceiro Freijomil -mércores e xoves- e outros 2 -luns e martes-no CEIP Mosteiro de Caaveiro de A Capela ata fin de maio.

- OBXECTIVOS:

Queremos que o alumnado que integre a sección bilingüe ao terminar a etapa educativa consiga os seguintes obxectivos en relación coa lingua estranxeira:

- Lograr un coñecemento da lingua inglesa de forma natural e desde os primeiros momentos de aprendizaxe.
- Lograr a mellora das catro habilidades que caracterizan a aprendizaxe dunha lingua: escoitar, falar, ler, escribir.
- Adquirir unha boa competencia no idioma inglés que lles permita ser capaces de usar a lingua en situacións cotiás.
- Coñecer e aprender os aspectos fundamentais que caracterizan a sociedade dos países de cultura inglesa.
- Valorar o coñecemento doutras sociedades e culturas a través do uso da lingua inglesa, facendo posible o achegamento entre os cidadáns da Unión Europea e cos dos outros continentes.
- Fomentar o respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, a igualdade entre homes e mulleres e a non discriminación.
- Para chegar a lograr estes obxectivos basearémonos nos seguintes puntos:
- Fomentar a adquisición e a aprendizaxe do inglés a través da área de Educación Artística.
- Traballar a competencia lingüística e comunicativa a través das destrezas (listening,

speaking, reading, writing and oral interaction).

- Desenvolver a competencia comunicativa do alumnado en inglés, utilizándoo como vehículo de comunicación habitual na aula e creando situacións reais de comunicación.
- Coñecer a unha idade temperá outras culturas e costumes que axudarán ao alumnado a formarse nun ambiente de tolerancia e solidariedade propias dunha sociedade pluricultural, desenvolvendo un espírito crítico.
- Crear conciencia das diversidades culturais presentes no noso entorno (galega, castelán e inglesa).
- Reflexionar sobre o funcionamento lingüístico e comunicativo de linguas obxecto de estudo, o que axudará na aprendizaxe das mesmas.
- A nivel de centro queremos conseguir:
- Fomentar o traballo en equipo entre o mestre especialista en inglés e o resto do equipo docente da sección bilingüe.
- Dar continuidade e coherencia ao programa dentro do posible, pola especial idiosincrasia do noso centro.
- Propiciar a coordinación con profesorado dos centros do entorno, que xa contan con seccións bilingüe ou plurilingües para a realización de actividades conxuntas e intercambio de experiencias.

Con respecto aos obxectivos da área que se impartirá en inglés (Plástica) serán os seguintes:

- Observar, interiorizar e representar as partes e os esquemas corporais da figura humana correspondentes a distintas idades.
- Desenvolver unha disposición de auto-esixencia coa reprodución de modelos plásticos.
- Adquirir códigos e técnicas plásticas específicas para utilizalos con fins expresivos e comunicativos.
- Utilizar a combinación e variación de formas para producir novos e creativos efectos plásticos.
- Favorecer a percepción, indagación e sensibilidade ao explorar novas formas de representación plástica.
- Manexar as calidades cromáticas dos pigmentos cun fin expresivo e comunicativo.
- Gozar coa análise e recomposición de formas e cores.
- Planificar e realizar producións artísticas cuxo resultado satisfactorio require da secuenciación dos pasos plásticos necesarios.
- Iniciar a observación das leis de perspectiva presentes nas paisaxes e nos obxectos.
- Extraer a forma básica dos obxectos e, inversamente, imaxinar obxectos a partir de formas esenciais xeométricas.
- Utilizar a representación da liña do horizonte para ampliar o punto de vista artístico.
- Colaborar no mantemento limpo e ordenado do espazo de traballo.
- Expresar as ideas e emocións de forma plástica e verbal.

- COMPOÑENTES:

| | NOME E APELIDOS | NIVEL |
|---|---|---|
| **COORDINADORA** | Bibiana Grandal Mourente | 6º Mestra CLIL |
| | Alexandra Rodríguez Servia (Substituta) | 5º |

- PLAN DE TRABALLO:

Un enfoque verdadeiramente comunicativo e baseado na utilización do inglés como instrumento

de comunicación e motivación cara a aprendizaxe da lingua inglesa, son as bases que haberá que ter sempre presentes.
Tamén hai que destacar o principio de globalización, xa que temos que partir sempre dos intereses e capacidades do alumnado, que facilitará a aprendizaxe significativa e motivadora.
O papel do profesorado é moi importante, porque é o modelo a seguir polo alumnado.

É básico que o alumnado se acostume a escoitar inglés falado durante o desenvolvemento da clase. A exposición ao inglés farase de maneiras diversas: escoitarán información; aprenderán activamente o vocabulario para facer as actividades do curso; escoitarán as instrucións do profesorado; escoitarán e responderán con conductas non verbais e actividades de Total Physical Response no que o profesorado di algo en inglés e o alumnado escoita e realiza as accións: sinalar, levantarse, etc.
As expresións de ánimo realizaranse por parte do profesorado en inglés: ben feito, xenial, fantástico...etc.
Utilizaranse todas as novas tecnoloxías dispoñibles no centro: taboleiro dixital, ordenadores, DVD, CD, ... Todo isto para que o alumnado estea exposto á fala inglesa en situacións reais de comunicación e con modelos lingüísticos nativos.
Tamén usaremos a lingua inglesa para dar ordes e todas as rutinas e hábitos que se producen ao longo dunha clase: entrar ("come in"), saúdos (Good morning, Hello, Goodbye) e todas as decenas de ordes que se dan calquera día en calquera clase: "stand up and come here please", "Time is out", "Tidy up", etc.
No día a día, antes de comezar cada unidade exploraranse os coñecementos previos e as motivacións, expectativas e intereses do alumnado, a través das actividades de introdución, favorecendo a súa participación activa e desinhibida, procurando que queden conectados á clase desde o primeiro momento.
As actividades realizaranse seguindo unha estruturación programada con antelación.
O desenvolvemento das unidades terán un enfoque integrador, achegando ao alumnado a situacións contextualizadas da súa propia experiencia ou dos seus coñecementos previos, alternándose actividades de diversa natureza (comprensión, expresión, valoración ou creación) a través da actuación do mestre (motivacións, explicacións, preguntas, etc.) e coa participación activa do alumnado.
Favorecerase a atención individualizándoa ao alumnado, que se contemplará con actividades e contidos básicos non consolidados e con actividades de ampliación cando sexa posible.
O tipo de agrupamento adecuarase ao tipo de actividade que se pretenda desenvolver, incluíndo grupos, así como agrupamento flexible para algunha actividade de reforzo ou ampliación.
Normalmente traballaranse na aula, podendo utilizarse outros espazos do centro como a biblioteca, a aula de usos múltiples ou a aula de informática.
O noso proxecto contempla medidas enfocadas a resolver as situacións que poidan xurdir a raíz da participación no proxecto de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, alumnado con necesidades de apoio ou de reforzo e algunhas modificacións na dinámica de traballo na aula.
A liña de actuación do centro con este tipo de alumnado, consiste en mantelos xunto co seu grupo-clase o maior tempo posible, dedicándolle o profesorado unha maior atención individualizada e adaptando o nivel de esixencia ás súas capacidades. Cando traballan co profesorado especialista tamén traballan cos seus compañeiros e compañeiras na clase, aínda que con explicacións máis sinxelas e atención máis personalizada. Deste modo conseguiremos que non se produzan desfases entre este alumnado e o resto.
Baseándonos nisto, e integrándonos na liña normal de traballo do centro con este colectivo de alumnado, non está previsto para eles ningunha especial dotación de profesorado na aula nas áreas implicadas no proxecto bilingüe, nin tampouco se contempla a elaboración de adaptacións curriculares significativas de forma sistemática, salvo que xurdiran casos nos que

se fixera necesaria. Para conseguir a inserción deste alumnado no sistema de traballo bilingüe se adaptarán as programacións das áreas impartidas en inglés, rebaixando contidos e valorando as súas aprendizaxes, e os seus traballos en función das súas capacidades.
Tamén se lles ofrecerá atención individualizada, con medidas como: en situación comunicativas procurar preguntarlles cando xa case todos os seus compañeiros e compañeiras responderan; aproveitando o tempo que os demais empregan para facer unha actividade para resolverlles dúbidas ou axudarlles nas súas tarefas; exporlles actividades máis sinxelas.
Do mesmo xeito, se nos atopamos con alumnado que necesite reforzo por altas capacidades, intentaremos que non abandonen a aula e o apoio farase en termos tamén lingüísticos pero facendo que eles contesten primeiro, que axuden aos compañeiros e compañeiras, ter traballo extra preparado que nos sirva de extensión dos contidos e se fose necesario realizar unha adaptación curricular significativa.

- CALENDARIO DE REUNIÓNS:

O equipo de coordinación lingüística reunirase unha sesión por semana, levantándose acta dos acordos chegados, das propostas de mellora e as dificultades atopadas. Este calendario de reunións é o establecido pola Orde do 12 de maio de 2011 que regula o funcionamento das seccións bilingües.

- ACTIVIDADES E CONMEMORACIÓNS:

Traballaremos nesta área todo o relacionado con celebracións, estacións, historia da arte ou artistas famosos para dar a coñecer ao noso alumnado cultura artística xeral.
Levaremos a cabo traballos na área de Plástica relacionados co PDI do centro, que este curso escolar ten a temática das olimpíadas.
Ademais destas actividades somos un equipo disposto e aberto a todas aquelas actividades viables que xurdan ao longo do curso e colaboraremos co resto dos equipos do centro e cos ciclos aos que pertencemos.

- AVALIACIÓN DO EQUIPO DE TRABALLO:

Posto que a programación faise sen coñecer ao alumnado ao que impartimos clase, teremos que revisar de xeito sistemático a mesma para observar os posibles cambios que sexan perceptivos.
De xeito trimestral revisaremos o grao de consecución dos obxectivos e a evolución da mesma reflectindo os posibles cambios nas reunións de coordinación das sección bilingües.
Do mesmo xeito enviamos anualmente unha memoria avaliativa de todas e cada una das seccións bilingües e do auxiliar solicitada e dirixida á consellería de educación.

## 5.5.- AUXILIARES DE CONVERSA (PROCESOS DE AVALIACIÓN)*:*

O noso centro contará este curso con auxiliar de conversa compartido co CEIP Mosteiro de Caaveiro de A Capela sendo nós o centro base. Segundo a normativa que rexe a actividade dos auxiliares de conversa na Orde do 12 de maio de 2011 (DOG do 20 de maio de 2011), o equipo directivo emitirá un certificado de asistencia con carácter trimestral. Do mesmo xeito ao rematar a súa estancia no centro, tanto a auxiliar como a coordinadora do programa e a mestra CLIL, terán que cubrir vía internet unha memoria dirixida ao xefe territorial avaliando as tarefas da auxiliar e valorando o seu labor no centro coa súa repercusión no alumnado

## 5.6.- ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE:

Tendo en consideración a *ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación,* o centro escolar poñerá en práctica accións e medidas que teñan unha finalidade preventiva. Entre esas medidas debe considerarse a identificación temperá das necesidades educativas do alumnado, coa correspondente valoración, acreditación e resposta educativa.

A identificación e a valoración das necesidades educativas dunha alumna ou dun alumno levaranse a cabo á idade máis temperá posible. A resposta educativa que proceda iniciarase desde o momento en que as devanditas necesidades sexan detectadas.

A detección das necesidades educativas do alumnado e a correspondente intervención realizaranse desde un enfoque multidisciplinar e interinstitucional. Nesa detección e intervención colaborarán, segundo corresponda: o profesorado titor; os equipos docentes; os servizos de orientación; os equipos directivos; as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado; os servizos sanitarios; os servizos sociais e todas as persoas ou institucións que teñan esas actuacións entre as súas funcións.

O departamento de orientación do centro docente establecerá procedementos e elaborará protocolos e medidas para a detección temperá das necesidades educativas do alumnado. A xefatura do departamento de orientación, co apoio especializado, de ser o caso, do equipo de orientación específico, informará e asesorará a comunidade educativa sobre os procesos de identificación das necesidades educativas do alumnado, a súa valoración e acreditación e a resposta educativa apropiada.

A **avaliación inicial** constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe.

Sen prexuízo do establecido na normativa que regula a avaliación das diferentes ensinanzas, considérase fundamental a avaliación inicial de todo o alumnado que se incorpore ás ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil e a cada etapa do ensino obrigatorio. Esa avaliación, realizada polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor, recollerá información achegada pola nai, polo pai ou polas persoas titoras legais do alumnado e incluirá, de ser o caso, a información procedente do curso ou da etapa anterior.

Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que corresponda e, nos casos en que sexa necesario, para demandar da xefatura do departamento de orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

O departamento de orientación do centro docente asesorará no proceso da avaliación inicial, así como sobre os materiais ou instrumentos que sexan necesarios para a recollida da información.

O profesorado titor, en colaboración coa xefatura do departamento de orientación, informará as nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado sobre os procedementos para levar a cabo a avaliación inicial e, de ser o caso, a identificación temperá das necesidades educativas. Igualmente, achegaralles información sobre os resultados desa avaliación e, cando proceda, sobre a aplicación das medidas de atención á diversidade que se consideren necesarias.

Enténdese por **avaliación psicopedagóxica** o proceso sistematizado de recollida, análise e valoración da información relevante do alumnado, do seu contexto escolar, do contorno sociofamiliar e dos elementos que interveñen no proceso de ensino e de aprendizaxe.

A finalidade da avaliación psicopedagóxica é a identificación e a acreditación do desenvolvemento persoal e social, das competencias adquiridas e das necesidades educativas que poidan presentar determinadas alumnas ou determinados alumnos, para poder

fundamentar e concretar as propostas e as decisións sobre a resposta educativa que cumpra adoptar en relación a aspectos como a modalidade de escolarización máis axeitada, a determinación dos recursos e dos apoios específicos necesarios, a proposta de medidas de atención á diversidade, a orientación educativa e profesional, e calquera outro favorecedor do desenvolvemento harmónico dese alumnado.
A avaliación psicopedagóxica terá un carácter global e contextualizado, polo que non só contribuirá a fundamentar a resposta específica ás necesidades educativas de determinadas alumnas ou determinados alumnos, senón tamén a orientar o centro docente na mellora das condicións que permitan responder á diversidade de aptitudes, intereses, expectativas e necesidades de todo o alumnado.
É competencia e responsabilidade da xefatura do departamento de orientación do centro docente, coa colaboración e o asesoramento, de ser necesario, do equipo de orientación específico correspondente.
A solicitude de realizar unha avaliación psicopedagóxica, con carácter xeral, corresponde ao profesorado titor, de acordo co correspondente protocolo de demanda.
Nos casos de alumnado en proceso de admisión nun centro docente que requira unha avaliación psicopedagóxica, será a dirección do devandito centro quen a demande á xefa do departamento de orientación, e, no caso de alumnado matriculado noutro centro, solicitarase a información necesaria á xefatura de departamento de orientación do centro de procedencia.
En determinadas circunstancias, a solicitude ou demanda de avaliación psicopedagóxica dunha alumna ou dun alumno poderá proceder da Administración educativa, da propia xefatura do departamento de orientación ou das nais, dos pais ou das persoas titoras legais do alumnado. Esas circunstancias deberán acreditarse no protocolo de demanda e no informe psicopedagóxico correspondente.
As nais, os pais ou as persoas titoras legais do alumnado deberán ser informadas da realización da avaliación psicopedagóxica, así como da súa finalidade, dos resultados e das posibles orientacións ou propostas de actuación. Destas informacións quedará constancia escrita.A persoa responsable da avaliación psicopedagóxica deberá concluír se se trata dunha alumna ou dun alumno con necesidade específica de apoio educativo, e especificar o tipo de necesidade específica de apoio educativo que presenta e os demais aspectos que deben formar parte do informe psicopedagóxico.
Para a realización da avaliación psicopedagóxica utilizaranse as técnicas e os instrumentos propios da orientación educativa e profesional, tales como a observación en diferentes contextos, a entrevista, os cuestionarios e as probas psicopedagóxicas, así como a análise das producións escolares e do expediente do alumnado.
Corresponde ao equipo docente, coordinado polo profesorado titor, achegar á xefatura do departamento de orientación información sobre a competencia adquirida respecto do currículo de referencia, a colaboración da familia, a interacción coas compañeiras e cos compañeiros, a actitude ante as propostas de aprendizaxe, o compromiso coas tarefas encomendadas e as medidas de atención á diversidade adoptadas.
A persoa responsable de realizar a avaliación psicopedagóxica do alumnado poderá requirir as achegas doutro persoal que atenda a alumna ou o alumno no propio centro docente, as das nais, os pais ou as persoas titoras legais e, de ser o caso, as das persoas profesionais que interveñen na súa atención integral.
O proceso de avaliación psicopedagóxica dunha alumna ou dun alumno, con carácter xeral, iniciarase a partir do correspondente protocolo de demanda (a xefatura do departamento de orientación será a responsable de elaborar os protocolos necesarios para a demanda de avaliación psicopedagóxica, que formarán parte do Plan xeral de atención á diversidade, e daranse a coñecer á comunidade educativa). Na demanda de avaliación deberá acreditarse a información á nai, ao pai ou ás persoas titoras legais da alumna ou do alumno.
A partir da información facilitada no protocolo de demanda, a xefatura do departamento de

orientación realizará a avaliación psicopedagóxica da alumna ou do alumno e emitirá o correspondente informe psicopedagóxico.
A solicitude de intervención das persoas especialistas dos equipos de orientación específicos realizarase ao Servizo Territorial de Inspección Educativa, a través do correspondente modelo formalizado. Esa solicitude correrá a cargo da xefatura do departamento de orientación, co visto e prace da dirección do centro docente, e xuntaráselle unha copia do informe psicopedagóxico elaborado por esa xefatura.
O informe psicopedagóxico constitúe o documento no que se recollen os resultados e as conclusións da avaliación psicopedagóxica.
De conformidade co artigo 7 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro e a *o,* as medidas de atención á diversidade son as actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado. Estas medidas clasifícanse en ordinarias e extraordinarias. Algunhas destas medidas (Decreto 229/2011, do 7 de decembro e *ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve)* son as seguintes:

**Adecuación da estrutura organizativa do centro, e da organización e a xestión da aula ás características do alumnado.**

**Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.**

**Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, titoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.**

**Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.**

**Reforzo educativo,** que é unha medida de atención á diversidade que afecta a secuencia de contidos, as formas e os instrumentos de avaliación, a organización da aula, o agrupamento do alumnado e todo o incluído dentro do ámbito da metodoloxía. Está destinado ao alumnado que coa modificación dos elementos citados pode seguir o proceso ordinario de ensino e de aprendizaxe.
As medidas de reforzo educativo debe elaboralas a profesora ou o profesor que impartan a área en que a alumna ou o alumno necesite esa medida, co coñecemento do profesorado titor, e este deberá informar a xefatura de estudos e a nai, o pai ou as persoas titoras legais do alumnado.
O desenvolvemento das medidas de reforzo educativo levarase a cabo no contexto escolar ordinario e polo profesorado que imparta a área. En determinados casos pode contar coa colaboración de **profesorado con dispoñibilidade horaria**, que actúa como un apoio xeral ao conxunto da aula.
Con carácter xeral, as medidas de reforzo educativo reflectiranse nos documentos oficiais de avaliación do alumnado. Ao final de cada curso, o profesorado, coordinado pola persoa titora, elaborará un informe individual dos reforzos educativos levados a cabo, segundo o modelo deseñado polo departamento de orientación do centro docente, que será arquivado segundo o procedemento establecido polo centro.
Os **programas de enriquecemento curricular** son programas de tratamento personalizado destinados ao alumnado que presenta altas capacidades intelectuais. A finalidade destes programas é promover e desenvolver os distintos talentos, dando resposta ás inquedanzas, ás potencialidades e ao interese por aprender que manifeste o devandito alumnado, e manter o seu nivel de motivación.
Será o equipo docente dese alumnado quen os desenvolva, co asesoramento da xefatura do departamento de orientación.

Os programas de enriquecemento curricular desenvolveranse na aula ordinaria e terán como referente o currículo do curso no que estea escolarizado o alumnado con altas capacidades intelectuais.
Con carácter xeral, a participación nun programa de enriquecemento curricular reflectirase nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

**Plan específico de reforzo para o alumnado de educación primaria que permaneza un ano máis no mesmo curso**. Cando unha alumna ou un alumno de educación primaria permanezan un ano máis no mesmo curso deben seguir un plan específico de reforzo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

**Adaptacións curriculares**. Son medidas extraordinarias de atención á diversidade que afectan os elementos prescritivos do currículo; van dirixidas ao alumnado con necesidades educativas especiais e, excepcionalmente, ao restante alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
As adaptacións curriculares axustaranse ao nivel de competencia curricular da alumna ou do alumno, ao seu desenvolvemento e ao seu potencial de aprendizaxe, así como ás súas característicaspersoais e sociais. Para a súa elaboración partirase do currículo de referencia, entendido este como o do ciclo ou nivel no que a alumna ou o alumno estean matriculados, para chegar ao currículo adaptado, entendido como o que conforma a adaptación curricular que se vai desenvolver ao longo do ciclo ou curso.
Cando unha alumna ou un alumno precisen adaptación do currículo, a familia será informada desta medida de atención á diversidade, do que quedará constancia por escrito.
Os referentes da avaliación do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlles a promoción.

**Apoio do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe**. A intervención profesional do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e do especialista en Audición e Linguaxe débese entender como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
O apoio do profesorado especialista en audición e linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.
A atención docente directa por parte do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica ou en Audición e Linguaxe realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia, agás que o alumnado estea escolarizado nunha modalidade diferente á ordinaria, e poderá desenvolverse, con carácter xeral, en pequeno grupo, cun máximo de cinco alumnas ou alumnos de forma simultánea. Da atención excepcional fóra da aula á que se refire o parágrafo anterior, exclúense as intervencións do profesorado de Audición e Linguaxe que teñan que ver coa reeducación da produción oral do alumnado. Neste caso, esas intervencións só ocuparán unha fracción do período lectivo.

**Flexibilización da duración do período de escolarización nas etapas de educación infantil e educación primaria.** Enténdese pola redución ou a ampliación da permanencia nunha

determinada etapa, por tratarse, respectivamente, de alumnado con altas capacidades intelectuais ou de alumnado con necesidades educativas especiais.
Por **redución** da duración do período de escolarización para o alumnado con altas capacidades intelectuais considéranse as seguintes flexibilizacións: Na etapa de educación infantil, a redución dun ano escolar para o alumnado con acreditación de altas capacidades intelectuais, podendo comezar a educación primaria no ano natural en que cumpra os cinco anos de idade. Na etapa de educación primaria, redución dun ano escolar, independentemente de que se reducise ou non a súa permanencia en educación infantil. Esta redución afectará, con carácter xeral, o segundo curso do ciclo, de xeito que o alumnado que reduce a duración do período de escolarización poida realizar o novo ciclo completo, comezándoo no seu primeiro curso, e non afectará, con ese mesmo carácter, o derradeiro curso da etapa.
Por **ampliación** da duración do período de escolarización considéranse as seguintes flexibilizacións: Na etapa de educación infantil, ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos sete anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. Cando esa ampliación se produza no primeiro ciclo de educación infantil, a incorporación ao segundo ciclo realizarase ao primeiro curso dese ciclo. Na etapa de educación primaria, ampliación dun curso escolar para o alumnado con acreditación de necesidades educativas especiais, que non poderá permanecer nesa etapa máis alá dos quince anos de idade, feitos no ano natural en que finaliza o curso escolar. A ampliación realizarase no segundo curso do terceiro ciclo, logo de esgotada a medida excepcional de repetición de curso dentro da etapa.

**Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente** (artigo 62 da *ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro).*

**Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro**. O alumnado procedente do estranxeiro terá a consideración de alumnado con necesidade específica de apoio educativo polas súas condicións persoais ou de historia escolar. Este alumnado poderá, se ten unha idade comprendida entre os tres anos e o límite da escolarización obrigatoria, participar nun grupo de adquisición das linguas e/ou nun grupo de adaptación da competencia curricular se presenta, respectivamente, descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia e/ou desfasamento curricular de dous cursos ou máis, con respecto ao que lle correspondería pola súa idade. A participación nestas medidas realizarase, respectivamente, segundo se dispón nos artigos 68 e 69 da *ORDE do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro.*
No momento da incorporación da alumna ou do alumno ao sistema educativo farase a avaliación inicial, que, de estimarse necesario, se complementará coa avaliación psicopedagóxica que realice a xefatura do departamento de orientación. Se tras esa avaliación se detecta que a alumna ou o alumno presentan un desfasamento curricular de máis de dous cursos, poderanse escolarizar no curso inmediatamente inferior ao que lle correspondería por idade, incorporándose ao curso correspondente á súa idade no caso de superar ese desfasamento. Estas circunstancias, de producirse, serán comunicadas ao Servizo Territorial de Inspección Educativa correspondente. Esta medida poderase aplicar na etapa de educación primaria, respectando que a alumna ou o alumno poida rematar dita etapa dentro dos límites de idade establecidos.

- AVALIACIÓN:

Segundo se recolle na ORDE do 26 de maio de 2023, a avaliación do alumnado será continua e global e formativa, tendo en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter e

rexistrar datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e de aprendizaxe do alumnado, tanto no ámbito individual como no colectivo.
No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dun alumno ou alumna non sexa o axeitado estableceranse MEDIDAS DE REFORZO EDUCATIVO. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
A metodoloxía didáctica será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Neste sentido, prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o deseño de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.
Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do Decreto 155/2022, do 15 de setembro.
Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirlle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.
As sesións de avaliación serán coordinadas polo titor ou titora do grupo e nelas participará o profesorado que imparte docencia no grupo, e poderá contar co asesoramento do DO.
Para permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe.
Cando as circunstancias persoais do alumno/a con NEE o aconsellen, para a consecución dos obxectivos do ensino básico, este alumnado poderá prolongar un curso adicional a súa escolarización. Estas circunstancias poderán ser permanentes ou transitorias e deberán estar suficientemente acreditadas polos servizos de orientación.
Como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.
O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa, **recibirá os apoios necesarios** para recuperar as aprendizaxes que non acadara o curso anterior.
O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha **medida de carácter excepcional** e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe do alumno ou alumna, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará UN **PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO** para que, durante ese curso, o alumno ou alumna poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Para a ELABORACIÓN E O SEGUIMENTO DO PLAN ESPECÍFICO DE REFORZO, seguirase o establecido no artigo 50 da *Orde do 8 de setembro de 2021.*
Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumno ou alumna disporá ao **finalizar a etapa dun INFORME elaborado polo seu titor ou titora** sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. **No caso de alumnado con NEE, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa**

**necesidade de continuar na seguinte etapa escolar.**
Ao remate da E. Primaria a orientadora realizará un informe do alumnado con NEE incluíndo a avaliación e o apoio recibido, e será remitido ao centro de secundaria correspondente.

## 5.7.- ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

Os servizos de orientación coordinaranse na atención do alumnado con necesidades educativas ou con vulnerabilidade, no coidado do seu benestar e na atención as familias.
Planificaranse actividades informativas e de orientación para coidar o tránsito entre etapas, ensinanzas e modalidades de escolarización axustadas aos diferentes escenarios.
Os **departamentos de orientación** reforzarán as actuacións dirixidas á identificación das necesidades educativas en coordinación coas persoas titoras, as medidas e os programas para a atención destas, así como as accións dirixidas ao coidado do benestar da comunidade educativa. Estas medidas e accións concretaranse no Plan de orientación académica e profesional, no Plan de acción titorial, na concreción anual do Plan xeral de atención á diversidade e na Programación xeral anual.
Na atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) coidarase que todo o alumnado teña acceso ao proceso de ensino e aprendizaxe en calquera dos escenarios presentes e asegurarase a súa participación e implicación no desenvolvemento das accións educativas.
Atenderase aos diferentes modos que ten o alumnado de percibir e expresar a información para garantir a comprensión e a comunicación da mesma así como o axuste, de medios, tempos, instrumentos ou procedementos de avaliación, ás súas circunstancias.

- FUNCIONAMENTO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN:

Os membros do D.O. con destino no propio centro celebrarán reunións periódicas.
As reunións de coordinación co D.O. do IES Breamo serán cando a xefa deste D.O. as convoque.
As reunións de coordinación cos centros adscritos serán polo menos unha vez ao trimestre.
A xefa do DO visitará o centro adscrito cando sexa requirida a valoración do alumnado pertencente a este centro, o máis pronto posible.
As intervencións do E.O.E. axustaranse ao recollido na *Orde do 24 de xullo de 1998* e as orientacións da *Circular nº 10/2000*.
A convocatoria de reunións extraordinarias farase con 24 horas de antelación e por escrito.

- ACCIÓNS PRIORITARIAS DOS SERVIZOS DE ORIENTACIÓN:

Relacionadas coa inclusión e a diversidade presente nos centros educativos, en consonancia co establecido na Lei de educación, que a converte nun dos seus eixos fundamentais e en particular no referido ao alumnado con necesidades de apoio educativo.
Relacionadas coa acción titorial.
Relacionadas coa convivencia e coa educación en valores.
Relacionadas co plan de orientación, co plan anual e coa memoria de cada curso.
Relacionadas cos procesos de avaliación e calidade.
Relacionadas co drdorienta.
Estas directrices serán desenvolvidas tendo en conta o contexto e as características de cada ámbito de actuación: Proceso de ensinanza aprendizaxe, Plan de Acción Titorial e Plan de Orientación Académica.

As accións desenvolvidas dirixiranse, segundo os casos:

− Ao alumnado.
− Ao profesorado.
− Ao centro.
− Ás familias.
− A outras institucións.

- PLANS ESPECÍFICOS:

**- Apoio ao proceso de ensinanza aprendizaxe:**

*1.- Obxectivos referidos ao alumnado:*

− Contribuír á personalización dos procesos de ensino-aprendizaxe.
− Contribuír á identificación e detección temperá das dificultades de aprendizaxe, poñendo en marcha as medidas educativas oportunas.
− Optimizar a atención educativa proporcionada ao alumnado con NEAE, atender á diversidade.
− Impulsar iniciativas para compensar as desigualdades de orixe.
− Elaborar o plan de atención a diversidade Actividades:
− Avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que o precise co fin de poder darlle a resposta educativa axeitada.
− Atención ao alumnado cando este ou o seu profesorado titor o requira.
− Aplicación de probas de comprensión lectora ao principio e ao final de curso para valorar a evolución a nivel grupal e a nivel individual das aulas-
− Aplicación de probas de aptitudes académicas ao alumnado que sexa susceptible de presentar algunha necesidade educativa ou sempre que sexa requirido polo profesorado que traballe con ese alumnado, baixo demanda de valoración. Ademais de probas colectivas nos cursos de 6ºEI, 2ºEP, 4ºEP e 6ºEP.
− Colaboración no período de adaptación do alumnado de 4º de EI.
− Colaboración no período de adaptación de alumnado que se incorpora procedente doutros centros.

*2.- Obxectivos referidos ao profesorado:*

− Coordinar a actuación do profesorado titor e profesorado de apoio ás NEE para tentar dar a mellor resposta ás necesidades do alumnado.
− Colaborar no proceso de avaliación achegando información que poida ser relevante.
− Asesorar no deseño, seguimento e avaliación das Adaptacións curriculares. Actividades:
− Coordinación cos titores e profesorado para a elaboración, seguimento e valoración das adaptacións curriculares e reforzos educativos.
− Colaboración coas mestras de PT e AL do centro para organizar o espazo e o tempo de atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.
− Participación nas sesións de avaliación.

*3.- Obxectivos referidos ao centro:*

− Colaborar, a través da CCP, coa coordinación entre niveis.
− Elaborar o plan de atención á diversidade.
Actividades:

− Contribución, a través da C.C.P., á coordinación entre cursos do mesma etapa.
− Coordinación coa Xefatura de Estudos para mellorar a eficacia na atención ao alumnado e, en especial, a aquel que presenta dificultades na súa aprendizaxe.

*4.- Obxectivos referidos ás familias:*
− Favorecer as relacións coas familias no que se refire ao proceso educativo dos seus fillos ou fillas, e procurar compromisos nas súas actuacións.
− Potenciar a coordinación e cooperación entre o colexio e as familias, que redundará nun beneficio para o noso alumnado.
− Manter informadas ás familias cando os seus fillos ou fillas precisen algunha medida de atención á diversidade e diante de calquera necesidade que poida xurdir.
Actividades:
− Comunicación coas familias do alumnado cando se observe algunha dificultade no proceso educativo ou de convivencia dos seus fillos ou fillas.
− Concienciación da importancia de que os seus fillos ou fillas cheguen a ter hábitos de estudio, horarios, regras e normas de comportamento .

*5.- Obxectivos referidos a outras institucións.*
− Solicitar axuda ao E.O.E. naqueles casos que sexa preciso.
− Manter contactos co departamento de AASS deste Concello.

**- Apoio ao Plan de Acción Titorial:**
*1.- Obxectivos referidos ao alumnado:*
− Desenvolver programas de adquisición de habilidades sociais, de mellora da intelixencia emocional, técnicas de estudio e estratexias de aprendizaxe.
− Axudar a conseguir a integración do alumnado no seu grupo e na dinámica escolar.
Actividades:
− Elaboración de programas de apoio como resposta ás necesidades que se establezan: programas de habilidades sociais, programas de técnicas de estudo, etc.

*2.- Obxectivos referidos ao profesorado:*
− Colaborar no proceso de identificación de condutas individuais ou de grupo que poden dificultar a convivencia no centro achegando toda a información que poida ser relevante.
− Colaborar no deseño de programas de intervención que axuden a solucionar conflitos de convivencia nas aulas.
− Colaborar na elaboración dun plan de acollida para o alumnado que empece E.I e E.P.
− Colaborar coa función titorial e proporcionar ao profesorado información sobre recursos, medios materiais, estratexias metodolóxicas, etc., que poidan axudar no seu traballo.
Actividades:
− Elaboración e facilitación de material necesario para atender ás necesidades de aprendizaxe do alumnado (técnicas de estudo, programas de reforzo da atención, razoamento...).
− Participación no deseño de actividades que faciliten convivencia.
− Recollida de información que poida ser de utilidade.

*3.- Obxectivos referidos ao centro:*

− Colaborar na elaboración dunhas normas de convivencia.

Actividades:

− Participación na revisión das NOFC .

*4.- Obxectivos referidos ás familias.*

− Potenciar a coordinación e cooperación entre o colexio e as familias.

Actividades:

− Reunións individuais ou colectivas sempre que sexa preciso.
− Comunicación inmediata coas familias sempre que sexa necesario.

**- Apoio ao Plan de Orientación Académica:**

*1.- Obxectivos referidos ao alumnado:*

− Atender as demandas persoais de orientación do alumnado.

− Contribuír á acollida do alumnado que inicia a escolaridade.

− Potenciar a orientación educativa para facilitar o paso de Educación Infantil a Educación Primaria.

− Potenciar a orientación educativa para facilitar o paso de Educación Primaria á ESO.

Actividades:

− Visita dos nenos e nenas que van a iniciar a E.I.

− Visita do alumnado de educación infantil ás aulas de 1º de primaria.

− Actuacións nas aulas de infantil que sirvan para ir coñecendo a metodoloxía de educación primaria.

− Actuacións nas aulas de 1º que faciliten o paso de E.I. á E.P.

− Reunións co alumnado de 6º de E.P. para informar de como será o cambio de primaria á ESO.

− Elaboración dun folleto informativo para entregar ao alumnado de 6º de E.P. onde estea reflectido o que queren saber sobre a ESO (3º trimestre).

− Visita co alumnado de 6º de E.P. ao IES Breamo de Pontedeume (3º trimestre).

*2.- Obxectivos referidos ao profesorado:*

− Facilitar ao profesorado titor a información e material que soliciten.

Actividades:

− Elaboración e facilitación de material necesario.

*3.- Obxectivos referidos ao centro:*

− Cooperar coa comunidade educativa (equipo directivo, profesorado, alumnado, ANPA...).

Actividades:

− Colaboración nas diferentes actividades que se programan no colexio.

*4.- Obxectivos referidos ás familias:*

− Informar ás familias sobre o sistema educativo, e da importancia do inicio da escolaridade dos seus fillos e fillas.

− Informar e asesorar ás familias que o soliciten sobre o sistema educativo, e da importancia do paso de E.I. á E.P.

− Informar e asesorar ás familias que o soliciten sobre o sistema educativo, e da importancia do paso de E.P. á E.S.O.
− Informar e asesorar, no ámbito da orientación educativa e psicopedagóxica ás familias que o soliciten.
− Asesorar e informar ás familias do alumnado con NEE para que coñezan as medidas educativas extraordinarias ás que teñen dereito os seus fillos e fillas.

Actividades:
− Información continuada ás familias do proceso de aprendizaxe e de relacións dos seus fillos e fillas.
− Atención ás familias do alumnado cando o soliciten.
− Informar e asesorar ás familias do alumnado que inicia 3º de E.P. procedente da escola unitaria que o solicite para falar da importancia que ten esta etapa escolar e da importancia que ten o primeiro contacto co colexio.
− Colaboración coas mestras de E.I. na elaboración dun folleto informativo para entregar ás familias do alumnado que vai a iniciar a escolaridade onde estea reflectido o que deben saber sobre o inicio da escolaridade dos seus fillos e fillas.
− Colaboración coas mestras de E.I. na reunión informativa coas familias do alumnado que remata esta etapa para falar do cambio que supón o paso á Educación Primaria (3º trimestre).
− Colaboración na elaboración do folleto informativo para entregar ás familias do alumnado de 6º de E.I. onde estea reflectido o que deben saber sobre o paso de E.I. a E.P. (3º trimestre).
− Colaborar co D.O. do IES Breamo nunha reunión informativa coas familias do alumnado de 6º de E.P. para falar do paso á E.S.O. e os cambios que supoñen dito cambio (3º trimestre).

*5.-Obxectivos referidos a outras institucións:*
− Coordinar co departamento de orientación do IES Breamo o paso do noso alumnado á E.S.O.
− Coordinar coas xefas do departamento de orientación da zona para traballar conxuntamente algúns aspectos.
− Establecer canles de colaboración con entidades que poidan axudar á mellor integración do alumnado con NEAE (ASPANEPS, ASPANAES, Centro de Saúde...)

Actividades:
− Comunicación continuada con aquelas institucións que están atendendo a alumnado que presenta NEAE para recabar información e manter unha mesma liña de actuación.
− Reunións coas xefas dos departamentos de orientación da zona para traballar conxuntamente aspectos importantes da nosa función.
− Todas aquelas que se determinen xunto co D.O. do IES Breamo.
− Visitas periódicas á escola unitaria e colaboración deste departamento no que soliciten.

- TEMPORALIZACIÓN:

**1º Trimestre:**
− Colaboración no período de adaptación do alumnado de 4º de EI.
− Colaboración no período de adaptación do alumnado que se incorpore ao centro

nos outros cursos.
− Colaboración coas familias en todo o referente ás becas que convoca o MEC para alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
− Avaliacións psicopedagóxicas do alumnado que o precise co fin de poder darlle a resposta educativa axeitada. isto se prolongará a todo o curso, sempre que cheguen peticións de valoración.
− Actualización dos informes psicopedagóxicos, sempre que sexa oportuno.
− Atención ao alumnado cando este ou o seu profesorado titor o requiran.
− Aplicación de probas de comprensión lectora.
− Concienciación da importancia do esforzo, da importancia de facer diariamente as tarefas e da repercusión disto na autoestima e satisfacción de cada un.
− Coordinación cos titores e profesorado para a elaboración, seguimento e valoración das adaptacións curriculares e RE.
− Colaboración coas mestras de PT e AL para organizar o espazo e o tempo de atención ao alumnado con NEE.
− Colaboración nas diferentes actividades que se programan no colexio.
− Elaboración de programas de apoio como resposta ás necesidades que se establezan.
− Comunicación coas institucións que correspondan, con xefas de departamentos de orientación da zona.
− Todas aquelas que se determinen xunto co D.O. do IES Breamo.
− Visitas á escola unitaria cando sexa requerido e colaboración deste departamento no que soliciten.
− Reunión informativa coas familias do alumnado que inicia a Educación Infantil.
− Información ás familias e atención os pais e nais do alumnado cando o soliciten.
− Actualización do material do D.O.
− Participación nas sesións de avaliación inicial e da 1ª avaliación.
− Elaboración do plan de atención á diversidade.
− Colaboración nas diferentes actividades que se programen no colexio.

**2º Trimestre:**
− Aplicación de probas colectivas de aptitudes ao alumnado que remate educación infantil, 2º e 4º e 6º de E.P.
− Atención ao alumnado cando este ou os seus titores/as o requiran.
− Concienciación da importancia do esforzo, da importancia de facer diariamente as tarefas e da repercusión disto na autoestima e satisfacción de cada un.
− Seguimento e valoración das adaptacións curriculares e RE.
− Elaboración de programas de apoio como resposta ás necesidades que se establezan.
− Facilitación de material necesario para atender as necesidades de aprendizaxe do alumnado.
− Participación no deseño de actividades que faciliten a convivencia.
− Recollida de información que poida ser de utilidade.
− Colaboración nas diferentes actividades que se programen no colexio.
− Comunicación coas institucións que correspondan, e coas xefas de departamentos de orientación da zona.
− Información e atención ás familias do alumnado que o solicite.

− Participación nas sesións da 2ª avaliación.
− Colaboración nas diferentes actividades que se programen no colexio.

**3º Trimestre:**
− Atención ao alumnado cando este ou o seu profesorado titor o requira.
− Seguimento e avaliacións das adaptacións curriculares e RE.
− Aplicación de probas de comprensión lectora.
− Elaboración de programas de apoio como resposta ás necesidades que se establezan.
− Facilitación de material necesario para atender as necesidades de aprendizaxe do alumnado.
− Visita dos nenos e nenas que van a iniciar a E.I.
− Visita do alumnado de educación infantil ás aulas de primeiro de primaria.
− Actuacións nas aulas de infantil que sirva para ir coñecendo a metodoloxía de educación primaria.
− Reunións co alumnado de 6º de E.P. para informar do que será o cambio de primaria á ESO.
− Colaboración nas diferentes actividades que se programen no colexio.
− Reunión informativa coas familias do alumnado que inicia a Educación Infantil, e do alumnado que cambia de curso ou etapa (paso á E.S.O.).
− Reunión informativa coas familias do alumnado que se incorpora procedente dos centros adscritos.
− Comunicación coas institucións que correspondan, e coas xefas de D.O. da zona.
− Información e atención ás familias do alumnado que o solicite.
− Participación nas sesións da 3ª avaliación.

- ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN:

− Avaliacións iniciais do alumnado co fin de detectar o antes posible as NEAE.
− Avaliacións psicopedagóxicas.
− Participación na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares e RE do alumnado.
− Prevención de condutas do alumnado que dificulten o seu proceso de ensino-aprendizaxe.
− Colaboración coa comunidade escolar e coas distintas institucións que inciden na atención á diversidade..
− Comunicación coas familias.
− Información ás familias no momento que xurda algún problema cos seus fillos/as, co fin de evitar conflitos máis graves.
− Participación no desenvolvemento do PAT.
− Orientación académica ao alumnado que remata a E.P.
− Participación da xefa do D.O. nas actividades que se determinen.

- RECURSOS:

− Mestra Especialista en Pedagoxía Terapéutica.

− Mestra Especialista en Audición e Linguaxe.
− Departamento de Orientación.
− Material escolar e de reforzo educativo.
− Bibliografía específica sobre os aspectos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe.

- AVALIACIÓN:

− Continua e formativa, que nos permita realizar os axustes e modificacións oportunas ao longo do curso.
− Ao remate do curso, se recollerán os resultados e reflectiranse na memoria anual, na que se indicará o nivel de consecución dos obxectivos previstos, así como as dificultades atopadas, as modificacións introducidas e as conclusións e proposta de mellora para incorporar ao plan do curso seguinte.
Os criterios de avaliación da actividade levada a cabo polo D.O. serán:
− Grao de consecución dos obxectivos propostos no plan anual.
− Grao de adecuación das actividades propostas.
− Grao de adecuación dos recursos.
− Grao de implicación e participación dos diferentes profesionais e autoavaliación do traballo dos compoñentes do D.O.

## PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA

- INTRODUCIÓN:

A programación da Aula de Pedagoxía Terapéutica ten a finalidade de dar resposta ás necesidades educativas especiais e, se é o caso, específicas do alumnado do centro, tentando flexibilizar dita resposta para adaptala á individualidade de cada neno e nena e promover o seu máximo desenvolvemento posible nos seus distintos ámbitos.
Polo tanto, buscarase estimular aqueles ámbitos e habilidades nas que o neno/a teña maiores posibilidades, así coma compensar aqueles outros aspectos de máis déficit, orientando este traballo na medida do posible cara ao desenvolvemento integral do alumnado.
Os principios que rexerán esta resposta son os da inclusión e equidade, tendo como referente as competencias clave do currículo de referencia dos nenos/as e desenvolvendo as funcións establecidas na Orde do 24 de Xullo de 1998, regulada polo Decreto 120/1998, e que serán as seguintes:

- Asistir ás reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Participar na avaliación inicial do alumnado que acceda á ESO e, aquelas outras sesións de avaliación que afecten ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- Colaborar na elaboración, seguemento e avaliación das ACS, así coma nas medidas de reforzo, e se é o caso, daqueloutras dirixidas á atención á diversidade do alumnado.
- Asistir ás reunións do Departamento de Orientación
- Prestarlle atención directa ao alumnado con necesidades educativas especiais.

- PLANIFICACIÓN XERAL:

En primeiro lugar sinalar que o equipo docente pon en práctica con frecuencia procesos colaborativos que dan lugar ás distintas medidas de atención á diversidade recollidas nos diferentes documentos do centro co obxecto de adaptar a resposta educativa ás NEAE.
Esta programación é un destes documentos do centro que concreta a resposta educativa ao alumnado con necesidades educativas especiais ou, se é o caso, específicas.
E esta resposta basearase na implementación das adaptacións curriculares que sexan necesarias complementadas polo apoio de Pedagoxía Terapéutica.
Este apoio desenvolverase no contexto da aula de referencia dos nenos/as e na aula de apoio segundo criterios de aproveitamento do apoio para facilitar a intervención individualizada e específica.
Finalmente, sinalar que a intervención educativa co alumnado con NEE e NEAE planifícase, se é preciso, contando coa colaboración de tódolos profesionais implicados na atención educativa a estes nenos: mestres, Xefa do Departamento de Orientación, coidadores, profesionais externos…

- OBXECTIVOS:

**1. REFERIDOS AO ALUMNADO:**

- Favorecer a adaptación ao centro escolar do alumnado que presenta necesidades específicas de apoio educativo.
- Adaptar a resposta educativa á sua diversidade de características persoais, necesidades educativas, intereses, estilos cognitivos, capacidades de aprendizaxe e posibilidades de desenvolvemento.
- Adaptar a resposta educativa nos seus distintos niveis de atención: a nivel de centro, aula e individual, e nas suas dimensións: organizativa e curricular mediante a implementación das MATD establecidas nos distintos documentos do centro.
- Estimular o máximo desenvolvemento posible do AcNEE nos seus distintos ámbitos: psicomotor, comunicativo-lingüístico, cognitivo e afectivo-social; e facilitarlle a adquisición dos obxectivos educativos da etapa correspondente e das Competencias Clave.
- Favorecer a sua inclusión, non discriminación, a normalización, a calidade da sua resposta educativa e equidade para garantir a igualdade de oportunidades e compensar a desigualdade de condicións persoais, socio-culturais e económicas do alumnado, con especial atención ás condicións persoais de discapacidade.
- Favorecer aprendizaxes significativas e funcionais.
- Promover a autonomía persoal do alumnado, a sua autoestima, madurez e a adquisición de habilidades sociais básicas.
- Promover a continuidade educativa do alumnado.
- Fomentar o respecto polas diferenzas individuais.
- Contribuír á adquisición das competencias clave na medida das posibilidades do alumnado (aprender a aprender, competencia lingüística, competencia dixital, competencia matemática, competencia social e cívica, sentido da iniciativa e espírito emprendedor e conciencia e expresións culturais).

**2. REFERIDOS AO PROFESORADO:**

- Colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións do currículo
- Orientar a este profesorado sobre cuestións relevantes relativas ao desenvolvemento do AcNEAE (características evolutivas, estilos de aprendizaxe, recursos a empregar…)
- Colaborar e coordinarse entre os diversos profesionais que interveñen co alumnado

para lograr unha reflexión conxunta, unha planificación e toma de decisións compartidas.

- Planificar propostas educativas diversificadas de organización, procedementos, metodoloxía e avaliación adaptados as características persoais de cada neno/a.
- Apoiar a atención docente do profesorado.

**3. REFERIDOS ÁS FAMILIAS:**

- Colaborar co titor/a para orientar ás familias.
- Orientalas sobre aspectos relativos ó desenvolvemento do neno
- Facilitarlles o coñecemento sobre as suas necesidades educativas, a adquisición dunhas expectativas adecuadas sobre o seu desenvolvemento e a sua participación no proceso educativa.
- Facilitarlles o coñecemento, comprensión e atención ás NEE do neno/a
- Axudarlles a identificar os recursos socio-culturais e económicos do contexto que poidan estimular o seu desenvolvemento coma os servizos educativos externos ou distintas institucións.

- METODOLOXÍA:

En canto ás estratexias metodolóxicas a empregar no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado con necesidade específica de apoio educativo, cabe dicir que estas variarán en función das necesidades e características particulares de cada alumno/a. Sen embargo, de xeito xeral, terase en conta o seguinte:

- Desenvolveranse aprendizaxes significativas e funcionais que lle permitan ao alumnado adquirir unha maior autonomía para realizar as actividades da vida diaria.
- Desenvolveranse aprendizaxes baseadas na manipulación, vivenciación e nas experiencias directas.
- Favorecerase a globalización, facilitando a transferencia e a xeneralización das aprendizaxes.
- Poñeranse en marcha actividades de dificultade progresiva, lúdicas e variadas.
- Traballarase na zona de desenvolvemento próximo.
- Partirase dos intereses e coñecementos previos que teñan os alumnos/as o que permitirá desenvolver novas aprendizaxes que vaian sempre do máis sinxelo ao máis complexo, do máis concreto ao máis abstracto, do coñecido ao descoñecido, e que integren os seus novos coñecementos cos xa posuídos.
- Potenciarase a motivación do alumnado de cara ao proceso de aprendizaxe e empregarase de xeito frecuente o reforzo positivo.

A modo de resumo, podemos dicir que a metodoloxía é globalizadora, contextualizada, activa e propiciadora de aprendizaxes significativas e funcionais; que parte do nivel dos alumnos (cognitivo, motor, social, etc.) e os contidos dos diferentes ámbitos están interrelacionados para favorecer a aprendizaxe global dos nenos/as e están conectados coa sua vida diaria e práctica na maior medida posible.

**4. RECURSOS:**

**4.1 RECURSOS MATERIAIS:**

Traballarase con materiais didácticos específicos, con materiais adaptados ás necesidades do alumnado e con materiais ordinarios.

Algúns exemplos son os seguintes: material funxible; para a comunicación (puzzles de letras e sílabas, imaxes, viñetas de secuencias, abecedarios, lotos fonéticos, letras imantadas...); para o xogo simbólico; para traballar o esquema corporal (láminas, quebracabezas do corpo humano,...); material manipulativo e multisensorial; para traballar as técnicas instrumentais

básicas (memory, obxectos da vida cotiá…), material de psicomotricidade e material curricular para o reforzo das técnicas instrumentais básicas de distintas editoriais así coma materiais de elaboración propia.

## 4.2. RECURSOS PERSOAIS:

Servizos Internos do centro como son: especialista de Pedagoxía Terapéutica e Audición e Linguaxe, Orientadora, titores/as, coidador/a;
Servizos Externos ao centro: Equipo de Orientación Específico, familias, gabinetes privados, pediatras, asociacións e outros.

## 4.3 RECURSOS TIC:

Ordenador, pantalla dixital, tablet con diferentes programas e aplicacións educativas. Para a selección de recursos empregarei diferentes páxinas web; algúns exemplos poden ser: https://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/es/espazos/recursos https://www.orientacionandujar.es/
https://elblogdehiara.org/ https://www.pictoeduca.com/
http://www.ceiploreto.es/
https://ptyalcantabria.wordpress.com/
https://www.ladislexia.net/ https://aprenderespanol.org/
https://atendiendonecesidades.blogspot.com/

## 4.4. RECURSOS ORGANIZATIVOS:

Planificaranse ao longo do curso distintas reunións para organizar a resposta educativa con:
titores/as, CCP, Claustro, co Departamento de Orientación…
Tamén se establecerán outros recursos organizativos coma xuntanzas con: pais, profesionais, extern

## 5. TEMPORALIZACIÓN E AVALIACIÓN:

A avaliación será continua, formativa e integradora. Ao comenzar o curso farase unha avaliación inicial individual de cada alumno/a para coñecer o nivel de competencia curricular e que servirá como punto de partida no seu proceso de apoio.

**1º trimestre:**
Revisión de informes de anos anteriores, identificación de necesidades, planificación da resposta educativa, colaboración nas avaliacións psicopedagóxicas e na realización das ACS, de ser necesario.
**2º trimestre:**
Seguimento das propostas feitas no primeiro trimestre, aínda que esta revisión sexa unha constante ao longo de todo o curso.
**3º trimestre:**
Avaliarase o traballo realizado no curso, colabórase na memoria final do centro, realízase a memoria da aula de apoio e os informes finais dos alumnos.
A avaliación será inicial, formativa e sumativa, e tratarase de promover a autoavaliación. Trimestralmente informarase nas sesións de avaliación do proceso educativo seguido polos alumnos/as. A avaliación será global e no caso dos alumnos con Adaptación Curricular , avaliarase en función dos criterios de avaliación fixados nesta.
A avaliación realizarase tendo en conta o grao de adquisición das competencias clave e os obxectivos propostos. Terá un carácter personalizado e a técnica básica de avaliación será a observación directa, sistemática e continua de cada alumno/a.

**AUDICIÓN E LINGUAXE:**

O campo de actuación da mestra de Audición e Linguaxe queda enmarcado dentro dun modelo de colaboración e cooperación con outros profesionais (o titor, outros especialistas, a mestra de pedagoxía terapéutica, a orientadora e familia) que inciden no proceso de ensino aprendizaxe, para dar resposta educativa á diversidade do centro.

- PLANIFICACIÓN XERAL:

A fin última da mestra de A.L. será priorizar a atención á diversidade entendida como un conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situación sociais e culturais do alumnado. E a súa intervención debe entenderse como un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
O apoio da mestra especialista en Audición e Linguaxe centrarase prioritariamente nos ámbitos da comunicación, da linguaxe e da fala.
A **previsión de alumnado con NEE** que precisa intervención da especialista en Audición e Linguaxe é de 18 alumnos/as.

- OBXECTIVOS:

Seguindo a Orde do 8 de setembro 2021, a especialista en Audición e Linguaxe realizará as seguintes funcións específicas:

a) Colaborar coa xefatura do departamento de orientación na proposta de organización da docencia de apoio.

b) Prestar atención docente directa ao alumnado con necesidades educativas especiais, segundo a proposta de distribución da docencia do profesorado de apoio realizada pola xefatura do departamento de orientación á xefatura de estudos e autorizada pola dirección do centro docente. Esa atención en ningún caso substituirá a do profesorado titor nin a do profesorado que imparta as áreas ou materias en que o alumnado reciba o apoio.

c) Elaborar os programas de intervención para o alumnado que atende, segundo as directrices recollidas no Plan xeral de atención á diversidade, en colaboración co profesorado da área ou da materia que corresponda e segundo a orientación e o asesoramento da xefa ou do xefe do departamento de orientación.

d) Colaborar, de ser o caso, na elaboración das adaptacións curriculares do alumnado que atende, así como no seu seguimento e avaliación.

e) Participar na planificación e no desenvolvemento das actuacións e das medidas que favorezan a inclusión da diversidade do alumnado.

f) Asistir ás sesións de avaliación do alumnado que atende, con voz e sen voto.

g) Elaborar, ao finalizar o curso escolar, un informe individual de cada alumna ou cada alumno a quen prestase apoio, coordinado pola xefatura do departamento de orientación e segundo o modelo facilitado polo departamento de orientación, que se incluirá no seu expediente.

h) Aqueloutras funcións que a Administración educativa, dentro do ámbito das súas competencias, lle poida asignar referidas á inclusión, á orientación e á atención á diversidade.

- METODOLOXÍA:

A intervención educativa fará referencia a principios de proximidade, especificidade, adecuación, realidade psicolóxica, eficiencia, participación, dificultade e esforzo e avaliación, sendo entendidos istos como un todo cos que priorizaremos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumno.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas e funcionais partindo dos coñecementos previos do alumnado.
- Facer posible a realización de aprendizaxes significativas por si sós. O alumnado debe "aprender a aprender".
- Crear un ambiente acolledor na aula cunha organización do espacio estimulante para o alumnado.
- Poñer o material o alcance do alumnado.
- A intervención será global, e pluridimensional.
- Crear un ambiente agradable de traballo onde se respire un clima de afecto, e confianza.
- As actividades presentaranse a modo de xogo, utilizando gran cantidade de materiais tendo en conta a idade e o centro de interese do neno/a.
- Priorizar a comunicación e interacción social e a funcionalidade da linguaxe.
- Establecer obxectivos e contidos relevantes e funcionais para o alumno.

Ademais destes principios utilizaremos distintas metodoloxías e estratexias específicas segundo as necesitades que se presenten como traballo cooperativo, método TEACCH, gamificación, aprendizaxe baseado en retos, aprendizaxe baseado en xogos…

- RECURSOS:

Os recursos constitúen un elemento de acceso ao currículo e de apoio sendo imprescindibles para dar resposta ás necesidades do alumnado. Poden ser de carácter humano, material ou organizativo:

**Recursos humanos internos**: Dada a importancia dunha intervención global, pluridimensional e cooperativa é necesario contar coa colaboración das familias no desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe e coa coordinación cos titores, os mestres de apoio ou distintos especialistas, así como persoal non docente (ATE…).

O Departamento de Orientación é outra figura clave no ámbito das necesidades educativas. Entre as súas funcions está valorar as necesidades educativas, participar na avaliación Psicopedagóxica, elaborar programas de atención temperá e prevención de dificultades, elaborar o plan de acción titorial, apoiar e asesorar aos alumnos e promover a cooperación entre o centro e a familia entre outras.

Os compañeiros de aula son outro dos recursos humanos cos que se pode contar como apoio ao ensino do alumnado con nee cando a relación entre o alumnado con dificultades e o resto da clase é positiva.

Como **recursos humanos externos** ao centro contamos co Equipo de Orientación Específico, que asesorará e apoiará ao DO, colaborando na avaliación psicopedagóxica do alumnado, cando sexa necesaria a intervención dun profesional externo ao centro, os Centros de formación do profesorado, na formación permanente do profesorado para a mellora da calidade educativa, os centros específicos convertidos en centros de recursos educativos para os centros educativos de zona, así como a atención con carácter ambulatorio ao alumnado de idades previas á escolarización ou escolarizados en centros de réxime ordinario, Servizos de Saúde e Atención Temperá. Teremos en conta tamén entidades coas que a Consellería ten convenios de colaboración (ASPANAES, ASPACE, ASPANEPS…).

**Recursos materiais**: Estes recursos pódense clasificar en xerais e específicos que están determinados polas características de cada alteración.

Material fonolóxico : Fotos e imaxes cos puntos de articulación, lotos fonéticos e obxectos con sons onomatopeicos...

*Material sintáctico* : fichas para completar, construción de frases, aplicacións informáticas...

*Material semántico*: láminas murais ou temáticas, fotos familiares, lotos de xogos coñecidos, xogos de asociación por relación semántica, xogos de caracterización, contos con pictogramas...

*Material de lectoescritura*: láminas con fonemas, letras móbiles, contos, material funxible...

*Material multimedia*: material gratuito de Internet, diversas webs, apps AsTeRICS Grid.

*Materiales de discriminación auditiva*: lotos sonoros, gravacións de sons e de onomatopeas, xogos de asociación auditiva, instrumentos da aula de música (pandeireta, triángulo, xilófono...)

***Recursos organizativos****:* os documentos de centro, a adaptación do currículo, a avaliación psicopedagóxica, a flexibilización do período de escolarización, a flexibilización de horarios e agrupamentos, as diferentes formas de organización escolar, reunións coas familias, coordinación docente e os distintos protocolos da consellería para a atención a diversidade sobre TEA, TDAH…

- TEMPORALIZACIÓN:

Este plan está dirixido a un curso escolar. A temporalización das accións será levada a cabo polo mestre de AL durante sesións na aula ordinaria e na aula específica , o cal será determinado polo propio mestre de AL en colaboración coa xefa do DO e os titores.

O horario será flexible e seguirá a Orde do 8 de setembro 2021 , en canto a distribución horaria e espazo das intervencións (artigo 57.4).

A temporalización específica para cada caso consta en cada un dos Programas de Intervención do alumnado.

- AVALIACIÓN:

A avaliación levarase a cabo como un proceso de recollida, análise e valoración de información, e segundo os diferentes momentos, tres tipos de avaliación:

A **avaliación inicial ou fase de detección**: realizada nas primeiras semanas do curso, que permite coñecer a situación de cada alumno/a e facer a proposta xeral e individual de actividades.

A **avaliación continua** durante todo o curso, que implica a análise de todos os elementos que interveñen neste proceso e tomar decisións para mellorar a situación do alumnado. O carácter da evaluación continua terá carácter formativo e permitirá incorporar medidas de adaptación, enriquecemento e reforzo das necesidades que se identifiquen en calquera momento do trimestre.

A **avaliación final** ao remate do curso que permitirá coñecer se as medidas e adaptacións que se fixeron acadaron ou non os obxectivos, o seu grao de consecución e determinar o punto de partida para un novo proceso ou programación.

Tendo en conta a lexislación vixente, formularemos as seguintes preguntas:

*Que avaliar?: Contexto (situación individual de cada alumno), centro e práctica docente (coordinación e capacidade de resolución ás solicitudes das familias), alumnado (realización de actividades propostas e resultados da observación das familias) e familias (comunicación coa mestra e colaboración sempre tendo en conta as circunstancias familiares).

*Como avaliar?: Información recollida das familias (comunicación continua sobre dificultades, propostas, dúbidas…sobre as actividades plantexadas), rexistros das comunicación coas

familias e rúbricas.
*Cando avaliar? : Inicial, formativa e sumativa.
Ao finalizar o curso xuntaránse todas as conclusións das avaliacións levadas a cabo, tanto a nivel de contexto aula de Audición e Linguaxe, como no ámbito familiar. Estas conclusións serán compartidas co resto dos docentes implicados do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado para a realización da avaliación final.
Elaborarase un informe individual por alumno e unha memoria final que terán carácter informativo e orientador para a planificación das adaptacións e propostas de mellora para o vindeiro curso.
Os instrumentos de avaliación serán:

- Rexistro das comunicacións coas familias e as dificultades atopadas.
- Cuestionarios ás familias.
- Rexistro de comunicación cos titores.

**Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.**
**DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación**
**ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.**

# 6.- LIBROS DE TEXTO:

RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO QUE SE UTILIZARÁ NO CURSO 2023/2024
**6º DE PRIMARIA: Proxecto de Educación Dixital. (libros dixitais).**
**5º DE PRIMARIA: Proxecto de Educación Dixital. (libros dixitais).**

| **4º EDUCACIÓN PRIMARIA** | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Área | Titulo | Editorial | Autor | Ano | ISBN |
| Ciencias Naturais | CC da Natureza. Construíndo mundos | Obradoiro-Santillana | Equipo Editorial | Ano 2023 | 978-84-9185-69-4 |
| Ciencias Sociais | CC Sociais. Construíndo mundos | Obradoiro-Santillana | Equipo Editorial | Ano 2023 | 978-84-9185-698-6 |
| Lengua Castellana | Lengua. Construyendo mundos | Santillana Educación | Equipo Editorial | Ano 2023 | 978-84-144-0738-7 |
| Lingua Galega | Lingua. Construíndo mundos | Obradoiro-Santillana | Equipo Editorial | Ano 2023 | 978-84-9185-705-1 |
| Matemáticas | Mate. Construyendo mundos | Santillana | Equipo Editorial | Ano 2023 | 978-84-144-0769-1 |
| Inglés | Go Far! 4 Student´s Pack | Richmond-Santillana | VVAA | Ano 2022 | 978-84-668-3656-2 |
| Inglés | Go Far! 4 Activity Pack | Richmond-Santillana | VVAA | Ano 2022 | 978-84-668-3664-7 |
| Francés | 4º EP Francés Pirouette | SM | VVAA | Mas Savia 19 | 788491824329 |

| 3º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Área | Titulo | Editorial | Autor | Ano | ISBN |
| Lengua Castellana | 3PRI Lengua. Construyendo mundos Mochila viaxeira | Obradoiro | Equipo Editorial | Ano 2022 | 978-84-680-701-2 |
| Matemáticas | 3PEI Mate. Construyendo mundos Mochila viaxeiras | Obradoiro | Equipo Editorial | Ano 2022 | 978-84-680-7136-7 |
| Lingua Galega | 3PRI Lingua. Construíndo mundos | Obradoiro | Equipo Editorial | Ano 2022 | 978-84-9185-409-8 |
| Ciencias Sociais | 3PRI CC Sociais. Construíndo mundos | Obradoiro | Equipo Editorial | Ano 2022 | 978-84-9185-416-6 |
| Ciencias Naturais | 3PRI CC da Natureza. Construíndo mundos | Obradoiro | Equipo Editorial | Ano 2022 | 978-84-9185-410-4 |
| Francés | 3º EP Francés Pirouette | SM | | Más Savia 19 | 9788413180236 |
| Inglés | Go Far! 3 Student´s Pack | Richmond Santillana | VVAA | Ano 2022 | 9788466836555 |
| Inglés | Go Far! 3 Activity Pack | Richmond Santilllana | VVAA | Ano 2022 | 9788466836630 |

Non se mercará o libro de francés ata falar coa mestra

| 2º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Área | Titulo | Editorial | Autor | Proxecto | Ano | ISBN |
| Lengua Castellana | Lengua Castellana 2º | Anaya | Clar Boluda. Mª C y otros | Serie Operacion Mundo | Ano 2022 | 978-84-698-9247-3 |
| Matemáticas | Matemáticas 2º | Anaya | Carvajal Sánchez, A. Y otros | Serie Operacion Mundo | Ano 2022 | 978-84-698-9374-6 |
| Globalizado | Imos con todo 2º 1º trimestre | Anaya | Aguilar, C e outros | Serie Operacion Mundo | Ano 2022 | 978-84-698-9874-1 |
| Globalizado | Imos con todo 2º 2º trimestre | Anaya | Aguilar, C e outros | Serie Operacion Mundo | Ano 2022 | 978-84-698-9877-2 |
| Globalizado | Imos con todo 2º 3º trimestre (Non se mercará) | Anaya | Aguilar, C e outros | Serie Operacion Mundo | Ano 2022 | 978-84-698-9880-2 |
| Inglés | Go Far! 2º Student´s Pack | Richmond Santillana | VVAA | | Ano 2022 | 978-84-668-3654-8 |
| Inglés | Go Far! 2º Activity Pack | Richmon Santillana | VVAA | | Ano 2022 | 978-84-668-3662-3 |

-

| 1º EDUCACIÓN PRIMARIA | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| Área | Titulo | Editorial | Autor | Proxecto | Ano | ISBN |
| Lengua Castellana | Lengua Castellana 1º | Anaya | Clar Boluda. Mª C y otros | Serie Operacion Mundo | Ano 2022 | 978-84-6143-1726-6 |
| Matemáticas | Matemáticas 1º | Anaya | Carvajal Sánchez, A. y otros | Serie Operacion Mundo | Ano 2022 | 978-84-698-9351-7 |
| Globalizado | Imos con todo 2º 1º trimestre | Anaya | Aguilar, C e outros | Serie Operacion Mundo | Ano 2022 | 978-84-143-1741-9 |
| Globalizado | Imos con todo 2º 2º trimestre | Anaya | Aguilar, C e outros | Serie Operacion Mundo | Ano 2022 | 978-84-698-9876-3 |
| Globalizado | Imos con todo 2º 3º trimestre (Non se mercará) | Anaya | Aguilar, C e outros | Serie Operacion Mundo | Ano 2022 | 978-84-698-9870-3 |
| Inglés | Go Far! 2º Student´s Pack | Richmond Santillana | VVAA | | Ano 2022 | 9788466836531 |
| Inglés | Go Far! 2º Activity Pack | Richmon Santillana | VVAA | | Ano 2022 | 9788466836616 |

## 7. TAREFAS EXTRAESCOLARES:

Atendendo a Disposición adicional cuarta. Tarefas extraescolares do Decreto 155/2022 , de 15 de setembro, polo que establece a ordenación e o currículo da educación primaria na comunidade autónoma de Galicia:

1.Os centros docentes incluirán dentro da súa programación xeral anual, segundo o marco de autonomía pedagóxica e organizativa, as pautas e/ou criterios xerais sobre o uso das tarefas extraescolares na etapa de educación primaria, de xeito que entronque co adecuado desenvolvemento das competencias clave do alumnado segundo os seus distintos procesos e ritmos de aprendizaxe, atendendo a un principio de progresividade ao longo da etapa educativa.

2. No caso do seu establecemento, terase en conta un adecuado encaixe na vida das familias, de xeito que se facilite a participación activa destas na aprendizaxe e a adecuada conciliación da vida persoal e familiar, con respecto aos tempos de lecer do alumnado. Ao tempo fomentarase a responsabilidade das alumnas e dos alumnos na súa formación e a súa autonomía, en liña cunha cultura do esforzo e do traballo.

## 8.- ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA E CONCELLO:

Para este curso 2023-2024 as actividades que se levaran a cabo nas instalacións do centro son as seguintes:

- Actividades da ANPA EUME:

  - Luns: Robótica infantil e primaria. Hora 16:00 a 17:30. Instalación: aula de informática e comedor.
  - Martes: Peque-baile. Hora: 16:00 a 17:00. Instalación: aula de psicomotricidade.
  - Luns,mércores e venres (ata o 30 de novembro de 2023): Animación sociodeportiva. Actividade patrocinada pola Federación Galega de Montañismo. Horario de: 17:00 a 18:00. Instalacións: Ximnasio, patio de abaixo e pista cuberta do patio de arriba.

- Actividades do Concello de Pontedeume:

  - Luns e mércores: Adestramento Funcional. Horario: de 19:00 a 20:00. Instalación: Ximnasio.
  - Luns e mércores: Zumba. Horario de 20:00 a 21:00. Instalación: Ximnasio.
  - Martes e xoves: Pilates adultos. Horario de 18:00 a 19:00, 19:00 a 20:00 e de 20:00 a 21:00. Instalacións: Ximnasio.
  - Martes e Xoves: Iudo. Horario de: 16:30 a17:30 e de 20:00 a 21:00. Instalación: Ximnasio.
  - Mércores: Xadrez. Horario: de 17:00 a 18:00 e 18:00 a19.00 horas. Instalación: Centro de Recursos.
  - De luns a venres: 16:00 a 22:00 horas. Sábados e domingos: de 10:00 a 14:00 hoas e de 16:00 a 22:00 horas. Instalacións: pistas superiores do centro.

## 9.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS:

### 9.1.- COMEDOR:

Este ano segue a funcionar o comedor escolar polo apartado C, cátering xestionado pola ANPA. Será atendido por monitoras contratadas pola empresa Jardanay e asistirán mensualmente unha media de 46 alumnos e alumnas entre fixos e descontinuos.

### 9.2.- SERVIZO DE MADRUGADORES:

Este curso segue a funcionar o servizo de madrugadores xestionado polo Concello, co obxectivo de facilitar a conciliación da vida familiar e laboral das familias do alumnado.

### 9.3.- TRANSPORTE ESCOLAR:

Este servizo complementario conta coa figura do coidador/a, que velará pola seguridade do alumnado transportado nos traslados das paradas ao colexio e viceversa. Tanto ao inicio como ao fin a xornada escolar, o alumnado deberá estar acompañado por un adulto responsable del nas paradas do autobús.

Calquera modificación que se produza no uso do transporte escolar (cambio de domicilio e polo tanto de parada, uso non continuado ou diario, cambio da persoa que recolle ou deixa ao alumnado na parada, etc.) deberá ser comunicado por escrito ao colexio.

Este ano utilizaremos de novo a tarxeta de transporte. Contará con ela aquel alumnado que segundo a lei teña dereito ao seu uso, así como aqueles que, aínda que non teñen dereito, tramitou no seu momento a solicitude e lles veña concedida.

Da totalidade de alumnado do centro (328), 104 son usuarios do transporte escolar. Destes, 66 teñen dereito a este servizo complementario segundo o punto 1º do Decreto 203/1986, do 12 de xuño. Os 38 restantes solicitaron perante a consellería, cun informe favorable da dirección do centro, un permiso excepcional de uso do mesmo para este curso escolar, que lles foi concedido.

Para este curso contamos con tres rutas:

- Ruta 1: Centroña – Liña vermella. Transporta 34 alumnos/as.
- Ruta 2: Ombre – Nogueirosa. Liña amarela. Transporta 46 alumnos/as.
- Ruta 3: Cuartel – O Barro. Liña laranxa. Transporta 27 alumnos/as.

## 10.- PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PLANS E PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA:

O centro participa no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE) desde a quinta convocatoria e está constituído un equipo de biblioteca. Este é un equipo que leva a cabo as actividades dinamizadoras recollidas no Plan Anual de Lectura e o seu responsable/dinamizador acode ás reunións convocadas desde a Asesoría de Bibliotecas Escolares e que cada ano se celebran en Santiago. Para este presente curso estase a organizar un grupo de lectura por parte do profesorado. Realizaranse cursos de formación individual, fundamentalmente os organizados polo CFR de Ferrol e asistirase ás reunións mensuais organizadas polo colectivo de bibliotecas do PLAMBE-Ferrolterra nas que se intercambian experiencias e particípase en proxectos organizados polo citado colectivo.

Comezamos co desenvolvemento do decimoterceiro curso de participación no Proxecto ABALAR. Este é un proxecto que está implantado nas catro aulas de 5º e 6º de primaria.

O profesorado ten participado en cursos anteriores en sesións de formación organizadas polo CFR e en grupo de traballo no propio centro. Para o presente curso cóntase co asesoramento e docencia do coordinador do proxecto.

Tamén temos catro seccións bilingües e participaremos, un curso máis, no programa PRENSA-ESCOLA de La Voz de Galicia e o Plan Director.

Este curso continuaremos participando no proxecto experimental E-dixgal, que supón a impartición dos cursos 5º e 6º de primaria con libros dixitais.

## 11.- PLANS E PROXECTOS:

### 11.1.- PROXECTOS ABALAR e E-DIXGAL.

Desde o curso 2010-2011 este centro forma parte do Proxecto Abalar. Comezou implantándose nas aulas de 5º de Primaria e posteriormente engadíronse as de 6º nivel.
Este ano participan neste proxecto un total de 92 alumnos e alumnas de 5º e 6º de E. Primaria (dúas aulas por nivel).
O equipamento de cada unha das aulas Abalar está composto polos seguintes elementos:

- 1 ultraportátil para cada alumno/a
- 1 portátil para o profesorado.
- 1 proxector.
- 1 taboleiro dixital interactivo.
- 1 equipo wifi.
- 1 carro de carga de ultraportátiles e portátil do mestre.

O centro conta cun servidor Abalar ao que se conectan todos estes equipos e os demais equipos que non pertencen ao proxecto Abalar.
O profesorado que imparte clase nas aulas Abalar ten participado en actividades de formación organizadas polo CEFORE, organizadas no centro, ou en sesións de asesoramento e docencia, tanto por parte do coordinador como de profesorado experto colaborador...
O profesorado que iniciou a andadura no Proxecto Abalar (curso 2010-2011) e algúns máis doutros cursos, tiveron que levar a cabo un obradoiro Abalar, grupo de traballo "As novas tecnoloxías no Proxecto Abalar", e diferentes cursos relacionados co proxecto coa fin de mellorar o noso labor educativo e facer as nosas clases máis produtivas co achegamento das novas tecnoloxías ao alumnado.

- PROFESORADO PARTICIPANTE NO PROXECTO E-DIXGAL:

| PROFESORADO | NOME E APELIDOS | NIVEL / ESPECIALIDADE |
|---|---|---|
| **COORDINADOR** | Roberto Díaz Ameneiros | E.F. |
| **MEMBROS** | Patricia Regueiro Sousa | Titora 5º A |
| | Miguel Gabeiras García | Titor 5º B |
| | Paula Meizoso Pereira | Titora 6º A |
| | María Isabel Tomé Marcos | Titora 6º B |
| | Bibiana Grandal Mourente | Inglés-Plástica bilingüe |
| | Diana Iglesias López | Música |
| | Manuel González Núñez | Relixión Católica |
| | Alexandra Rodríguez Servia | Plástica bilingüe |
| | Élvira Mónica Rodríguez Velasco | Inglés |
| | Javier Bermúdez Rodríguez | EF-Lingua Galega |

Por noveno ano consecutivo o noso centro vai formar parte do proxecto E-Dixgal. Docentes e alumnado de 5º e 6º de primaria desenvolverán a súa actividade educativa diaria nun entorno

virtual de aprendizaxe que lles vai permitir acceder a contidos dixitais. O alumnado poderá acceder ao material seleccionado polo profesorado desde o seu netbook tanto a través dunha conexión a internet (modo online) como sen conexión a internet (modo offline). Esta iniciativa ten como obxecto favorecer a incorporación xeneralizada das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) no desenvolvemento da actividade educativa, poñendo a disposición dos centros unha contorna virtual de aprendizaxe (EVA) con libros e outros materiais dixitais cos que poderá desenvolverse a totalidade do currículo dos cursos de 5º e 6º de E. P. O EVA complétase con ferramentas que permiten facer un seguimento da actividade do alumnado, crear novos contidos dixitais, comunicarse con outros membros da comunidade educativa, etc.
A utilización do ordenador portátil e das ferramentas e contidos dixitais instalados no mesmo é gratuíta para o alumnado. As familias comprométense a que o alumnado realice un uso axeitado do equipamento, ao coidado dun equipo público, que poderá ser usado noutros cursos por outro alumnado, e a unha utilización vinculada á actividade educativa para a que é cedido.

## 11.2.- PLAN DE AUTOPROTECCIÓN DO CENTRO:

Durante o curso 2017/2018, aprobouse un novo plan de evacuación.. Durante este curso tamén temos previsto un simulacro de evacuación. O plan de autoprotección do centro inclúe os seguintes aspectos:

*1.- Control de persoas que acceden ao colexio:*

Calquera persoa allea ao colexio que acceda a el, dirixirase ao conserxe ou aos despachos de secretaría ou dirección. Non se poderá acceder aos espazos didácticos pedagóxicos, incluídos corredores, durante as horas de clase, sen a debida autorización, dada polo profesorado ou persoal do colexio.

*2.- Localización e equipamentos de caixas de urxencias:*

Hai 2 caixas de urxencias: unha na conserxería do edificio principal, e outra no pavillón de deportes, sinaladas cunha cruz vermella na porta e equipadas con materiais e medicamentos para atender as primeiras urxencias.
No caso de accidente do alumnado, se é leve será atendido no colexio polo mestre, do contrario porase de inmediato en coñecemento da familia. No suposto de que un familiar non puidera facerse cargo do alumno accidentado ou indisposto, ou a urxencia o requira, o seu titor ou outro mestre do centro acompañará ao alumno a unha institución sanitaria, provisto de fotocopia da tarxeta de beneficiario da seguridade social ou de calquera entidade aseguradora.
Ante un accidente escolar seguiranse os seguintes pasos:




*3.- Protección do alumnado:*

O alumnado só poderá abandonar o centro durante o horario escolar co permiso do mestre titor ou do mestre que imparta clase no momento da saída, ou do profesorado de garda durante o recreo, e sempre que se fagan cargo do pai, nai ou persoas debidamente autorizadas.

*4.- Simulacro e Plan de evacuación:*

Ante calquera situación de emerxencia que puidera estar motivada por un incendio, anuncio de bomba, ou calquera outro tipo de alarma é necesaria a evacuación rápida do edificio. Por tal motivo é necesario ditar instrucións orientadas á realización de simulacros de emerxencia con evacuación do edificio, que permita:

- Familiarizar ao colectivo escolar cunha actuación que, chegado o caso, non o sorprenda totalmente desprevido.

- Poder usar axeitadamente os medios dispoñibles para diminuír a magnitude dunha situación imprevista.
- Detectar as principais insuficiencias nos edificios e definir as medidas correctivas oportunas para os efectos de evacuación e actuación en casos de emerxencia.
- Con este tipo de simulacros preténdese un adestramento e a corrección de hábitos do alumnado, tendo en conta os condicionamentos físicos e ambientais de cada edificio.

*5.- Instrucións orientativas para o profesorado:*

- A directora asumirá a responsabilidade do simulacro e coordinará todas as súas operacións. Na súa ausencia coordinaraos o xefe de estudos.
- Con anterioridade suficiente ao día do simulacro, o profesorado será avisado para prever todas as incidencias da operación.
- Cada mestre ou mestra responsabilizaranse de controlar os movementos do alumnado ao seu cargo, de acordo coas instrucións recibidas.
- O profesorado organizará na súa aula a estratexia do seu grupo, encargándolles a algúns/as alumnos/as a realización de funcións concretas, como pechar as ventás, controlar que non leven obxectos persoais, etc.. Con isto preténdeselle dar ao alumnado unha maior participación nestes exercicios.
- Cada mestre ou mestra comprobará que a súa aula quede baleira.
- Con antelación ao día do simulacro informarase ao alumnado e ás familias acerca do exercicio que se pretende realizar, con obxecto de evitar alarmas ou efectos de pánico, pero sen precisar o día nin a hora en que o exercicio terá lugar.
- O persoal do colexio debe procurar non incorrer en comportamentos que poidan denotar precipitación ou nerviosismo, para evitar que esta actividade poida transmitírselle ao alumnado.

*6.- Instrucións orientativas para o alumnado:*

As seguintes instrucións figurarán en cada dependencia do centro, e serán as seguintes:

- Segue as instrucións que che indiquen o coordinador e o profesorado responsable da túa zona.
- Mantén pechadas portas e xanelas se se trata dunha alarma de incendio e ábreas se se trata dunha alarma de bomba.
- Non recollas ningún obxecto persoal co fin de evitar obstáculos e demoras nin des a volta no momento de desaloxo para coller nada.
- Mantén a calma, non corras, non empurres aos demais, non berres.
- Non utilices como saída as xanelas do edificio nin o ascensor.
- Utiliza a saída de emerxencia que ten asinada a zona na que te atopas e permanece na área de concentración ata recibir novas instrucións.
- Se no momento de alarma non estás co teu grupo, incorpórate se é posible ao mesmo, se non incorpórate ao grupo máis próximo que se atope en movemento de saída.
- Se unha barreira de fume ou outra circunstancia che impide abandonar o edificio, espera na dependencia na que te atopas e mantén a porta pechada.
- Non te deteñas xunto ás portas de saída.
- Se algún compañeiro/a está nervioso trata de tranquilizalo/a. Agradeceracho.

*7.- Instrucións para profesorado e alumnado:*

En caso de incendio activarase a alarma de incendio correspondente. En caso de bomba informarase con tres toques de timbre curtos e rápidos, a alarma repetirase aos 30 segundos polo menos tres veces. En caso de inundación informarase con dous toques de timbre curtos que se repetirán aos 30 segundos, polo menos tres veces. Se a emerxencia afecta á corrente eléctrica, os ditos toques realizaranse con megáfono ou chifro en cada planta do centro; e se non fose realizable así, por calquera outro sistema posible (megáfono dispoñible en secretaría). O timbre da serea está ubicado na entrada do centro.

**11.3.- PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO:**

- HORARIO LECTIVO:

*1.- Biblioteca:*

Na sala de profesorado existe un horario semanal de utilización da biblioteca escolar, de maneira que todas as aulas teñen destinada, polo menos unha hora cada semana para acudir á biblioteca ao servizo de préstamos ou a consultar información.

*2.- Aula de informática:*

Da mesma maneira que ocorre coa biblioteca, existe un horario por cada aula no que teñen preferencia as aulas de educación infantil por ter dedicada unha hora semanal específica para informática. Tanto no caso da biblioteca como no da aula de informática, o profesorado especialista que queira acudir a estes espazos deberá poñerse de acordo co profesorado titor ao que lles corresponda as horas que necesiten.

*3.- Pavillón municipal e ximnasio:*

Os horarios dos dous profesores de educación física están feitos de maneira que non coincidan nas horas para que ambos poidan utilizar indistintamente o pavillón ou o ximnasio sen coincidir dúas aulas ao mesmo tempo.

*4.- Comedor:*

Utilizaremos este espazo para todos aqueles actos nos que haxa que xuntar aulas, como contacontos, charlas, proxeccións, actuacións, teatro, etc…, dado que é o espazo máis amplo e o único destas características que se pode escurecer en caso necesario.

*5.- Aula de uso múltiples de infantil:*

Irá destinada principalmente á impartición de psicomotricidade pero tamén para todas aquelas actividades que requiran dun espazo máis amplo que o da propia aula.

- HORARIO NON LECTIVO:

As instalacións do centro permanecerán abertas fóra do horario lectivo para todas aquelas asociacións culturais ou deportivas, organizacións ou Administracións sempre e cando se cumpran uns requisitos, o soliciten por escrito e o Consello Escolar do colexio o autorice.

Daráselle sempre preferencia ás actividades programadas pola ANPA do colexio. Desta maneira, ademais das actividades extraescolares da ANPA, terán lugar no centro actividades deportivas programadas polo Concello de Pontedeume, actividades de apertura do centro escolar en vacacións tamén organizadas polo Concello, e todos aqueles actos que se poidan solicitar e cumpran cos requisitos.

### 11.4.- PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DE PERSOAL NON DOCENTE:

| |
|---|
| Francisco Cobelo Martínez – Administrativo<br>José Diego Penedo Pena – Conserxe<br>M.ª Jesús Piñeiro Anca – Persoal de limpeza<br>Gloria Villar Lista – Persoal de limpeza<br>Pilar Pita Pérez – Persoal de limpeza |

É responsabilidade do Concello a conserxería e a limpeza do colexio, así como a designación das persoas que forman parte do persoal de limpeza e a organización e funcións das mesmas.

### 11.5.- PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COAS FAMILIAS.

O desenvolvemento do PEC e do Plan de Acción Titorial supoñen que os distintos membros da comunidade educativa tomen unha serie de decisións conxuntas. O funcionamento harmónico do centro fai necesaria unhas bases comúns de actuacións, e o PEC é o elemento que favorece a participación e a construción da comunidade educativa.
Plan respecto ás familias:

- Seguir traballando na implicación das familias no proceso educativo, por medio das reunións colectivas de familias ao inicio de curso e coas entrevistas individuais. Calendario das reunións obrigatorias de principio de curso:
  - Martes, 6 de setembro: Educación Infantil.
  - Martes, 19 de setembro: 1º e 2º de EP.
  - Martes,17 de outubro: 3º de EP.
  - Martes, 17 de outubro: 4º de EP.
  - Martes, 10 de outubro: 5º de EP.
  - Martes, 24 de outubro: 6º de EP.

- Impulsar a participación das familias nas actividades do centro:
  - Por medio dos seus representantes no Consello Escolar.
  - Colaboración nas actividades complementarias: Día do Peón, Día da Paz, Magosto, Entroido, Maios...
  - Participación nas actividades de fomento da lectura compartida a través da mochila viaxeira.
  - Seguir mantendo o bo clima de entendemento e cooperación existente coa ANPA Eume apoiando as actividades propostas por ela, dentro das súas competencias.
  - Facer chegar a todas as familias as novas e todas as actividades do centro a través da páxina web e do Facebook do centro.

## 11.6.- PLAN DE IGUALDADE:

- INTRODUCIÓN:

As condutas sociais conformanse en diferentes ámbitos e espazos: a escola, a familia, os medios de comunicación, o grupo de iguais... Ao longo deste proceso de socialización e a través das distintas etapas, as nenas e os nenos van asumindo diversos roles e valores que potencian o desenvolvemento de distintas capacidades en función do sexo.
O sistema educativo debe contribuír a eliminar estereotipos sociais relativos ao rol de mulleres e homes permitindo un desenvolvemento máis equilibrado e libre da personalidade así como o acceso ás mesmas oportunidades, axudando a construír relacións entre os sexos baseadas no respecto e impulsando a participación de mulleres e homes en todos os espazos da sociedade.
Por todo isto é necesario unha educación para a igualdade centrada no fomento do traballo en grupo, o diálogo, as relacións afectivas, a resolución de conflitos, o respecto, a cooperación, incidindo na toma de conciencia de que todas e todos temos dereito ás mesmas oportunidades.
Para dar resposta axeitada ás condutas contrarias á convivencia por razón de xénero activaranse os protocolos facilitados pola Xunta de Galicia que a continuación se detallan:

- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de xénero.
- Protocolo de consenso para a sensibilización en igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero na educación en Galicia.
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

Son obxectivos do noso centro:

- Procurar o reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre alumando/profesorado de ambos sexos.
- Procurar a igualdade de trato entre o alumando en todos os aspectos educativos (curriculares, organizativos, metodolóxicos, actitudinais...) eliminado estereotipos de xénero e educando na diversidade.
- Seleccionar textos e materiais curriculares que contemplen un tratamento equilibrado de xénero que non sexa sexista (linguaxe, roles, imaxes, currículo oculto, etc.), potenciando xogos cooperativos e xoguetes non sexistas.
- Potenciar comportamentos e actitudes relacionais igualitarias entre o alumando favorecendo a resolución de conflitos derivados das diferenzas de xénero a través do diálogo.
- Incluír a perspectiva de xénero en todas as áreas implicando a toda a Comunidade educativa no desenvolvemento deste plan.
- Fomentar actividades sobre coeducación dirixidas ao alumnado.
- Colaborar con outras institucións e organismos para ofrecer recursos e actividades sobre coeducación.
- Cada curso desenvolveranse a través da PXA unha serie de actividades coas que traballar os obxectivos establecidos e que para este curso 2022/23 poderanse ver no apartado 5 deste documento.

A pesar de que este plan está enfocado ao tratamento da desigualdade por razón de xénero, sería aplicable o recollido neste documento a outros tipo de discriminación como orixe, raza, etnia, relixión, idioma, diversidade funcional...

- CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA E DO CENTRO:

A procura da igualdade entre mulleres e homes e o dereito á liberdade de identidade de xénero están presentes nos centro con anterioridade á aprobación deste plan, se ben é certo que

sempre hai espazo para afondar en algúns aspectos/conceptos que co paso dos anos van evolucionando e mudando.
No PEC no apartado 4.2. recóllense os seguintes principios básicos e obxectivos do centro relacionados coa coeducación:

| **PRINCIPIOS BÁSICOS** | **OBXECTIVOS XERAIS** |
|---|---|
| 1.- O centro non ten carácter confesional | a) As actividades académicas non discriminarán en función de calquera tipo de relixión, crenza ou opinión. |
| 2.- A ensinanza non fai diferenciación por sexos | a) Potenciarase o uso de metodoloxías compensatorias e non discriminatorias.<br>b) Fomentarase que o alumnado participe en actividades de grupo, para un coñecemento e respecto das súas diferenzas e similitudes.<br>c) Impulsarase a corresponsabilidade no desenvolvemento do traballo sen diferenciación sexista |
| 3.- A educación ofrece igualdade de oportunidades | a) Identificaranse e valoraranse as necesidades educativas da forma máis temperá posible para elaborar plans de actuación específicos.<br>b) Promoverase o coñecemento e respecto das diferenzas entre as persoas e a igualdade de dereitos e oportunidades.<br>c) Evitaranse as condutas discriminatorias a persoas con discapacidades. |
| 4.- Primarán os principios democráticos de convivencia, así como a prevención de conflitos | a) Fomentarase o coñecemento e respecto aos valores e normas de convivencia e aprenderase a obrar de acordo con eles.<br>b) Procurarase a adquisición de habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos. |
| 5.- Educamos para a paz e o respecto aos dereitos humanos | a) Desenvolveranse as súas capacidades afectivas nas súas relacións coas demais persoas.<br>b) Desenvolveranse actitudes contrarias á violencia, aos prexuízos e aos estereotipos sexistas. |

| | |
|---|---|
| | c) Respectaranse as diferentes culturas e diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos entre homes e mulleres e a non discriminación dos discapacitados.<br>d) Respectaranse os dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha<br>sociedade democrática. |

Pola súa banda no Plan de Convivencia no apartado 3.2. recóllense os seguintes obxectivos coeducativos:

- Promover a formación permanente do profesorado en temas relacionados coa convivencia.
- Recoller nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF) accións ou propostas de mellora da convivencia nos distintos espazos do centro (especial atención aos accesos, patios de recreo, zonas de xogo, servizos etc.), así como nos momentos de maior actividade (entradas, saídas, cambios de clase, recreos etc.).
- Coñecer a existencia das posibles problemáticas relacionais que existen na comunidade educativa (alumnado-familias-profesorado).
- Establecer vías de sistematización das actuacións en materia de convivencia que se desenvolven no centro.
- Favorecer o traballo en grupo e o traballo cooperativo como metodoloxías nas que se potencia o respecto e a solidariedade entre o alumnado.
- Promover unha cultura de resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo.
- Propoñer actuacións que fagan que as aulas e os centros sexan lugares de aprendizaxe e práctica da convivencia.
- Deseñar mecanismos que faciliten a análise das causas e das consecuencias das problemáticas detectadas, así como a prioridade na súa resposta.
- Elaborar protocolos de notificación e actuación ante distintas situación contrarias á convivencia (disrupción, violencia de xénero, agresións verbais, acoso escolar...).
- Formar os diferentes membros da comunidade educativa en habilidades comunicativas e de relación: a linguaxe asertiva.
- Establecer as liñas básicas de colaboración e comunicación con outras institucións que contribúan á mellora da convivencia no centro: concello, benestar, sanidade, xustiza, igualdade… e con outras organizacións non oficiais (ONG, fundacións...).
- Da mesma forma no PAT se inclúen os seguintes obxectivos específicos:

## PROGRAMA DE ACTIVIDADES A REALIZAR EN EDUCACIÓN INFANTIL (PAT)

| Programas | Obxectivos | Contidos | Actividades | Temporalización | Recursos |
|---|---|---|---|---|---|
| Programa para o desenvolvemento persoal e social | 1) Desenvolver hábitos persoais, sociais e escolares no alumnado | • Autoconcepto e autoestima.<br>• Educación emocional<br>• Habilidades e competencias sociais<br>• Hábitos de vida saudables.<br>• Educación afectiva e sexual. Coeducación.<br>• Educación medioabiental e para o consumo.<br>• Uso racional e crítico das tecnoloxías da información e comunicación.<br>• Cidadanía democrática.<br>• Educación para a paz e a resolución pacífica dos conflitos.<br>• Utilización do tempo libre. | • Programas de coñecemento de si mesmo e desenvolvemento persoal.<br>• Programas para o desenvolvemento da competencia social e a convivencia.<br>• Desenvolvemento de actividades do plan de convivencia: ensinanza de habilidades de comunicación e relación a principio de curso como asunto prioritario, dedicar tempo á definición das normas de clase e os códigos de comportamento na asemblea de clase, usar o roleplay para fomentar a empatía, traballar a responsabilidade no alumnado, eliminar o secretismo diante da violencia, desenvolvemento de actividfades comúns positivas, favorecer a resolución pacífica de conflitos.<br>• Desenvolvemento de programas de saúde.<br>• Actividades que favorezan o traballo cooperativo.<br>• Propoñer actividades | Todo o curso | • Programa de competencia social<br>• Fichas de actividades. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | onde o alumnado teña protagonismo (responsables, protagonistas de curso, etc.)<br>• Planificar actividades de xogo nos recreos. | | |

## PROGRAMA DE ACTIVIDADES A REALIZAR NO 1º E 2º DE E. P. (PAT).

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| - Programa para o desenvolvemento persoal e social<br>- Programa para a orientación académica e profesional. | 1) Promover o coñecemento de si mesmo e o desenvolvemento persoal e social.<br>2) Favorecer a alimentación sa e potenciar a hixiene.<br>3) Favorecer o autocoñecemento do alumnado e a iniciación na toma de decisións.<br>4) Promover o coñecemento do sistema educativo e achegar ao mundo das profesións.<br>5) Favorecer o tránsito ao 2º ciclo de primaria. | - Autoconcepto e autoestima.<br>- Educación emocional.<br>- Habilidades e competencias.<br>- Hábitos de vida saudables.<br>- Educación afectiva e sexual. Coeducación.<br>- Educación medioambiental e para o consumo.<br>- Uso racional e crítico das tecnoloxías da información e a comunicación.<br>- Cidadanía democrática.<br>- Educación para a paz e a resolución pacífica dos conflitos.<br>- Utilización do tempo libre.<br>- Coeducación.<br>- Coñecemento de si mesmo e do medio.<br>- Toma de decisións. Programa de tránsito. | - Programas de coñecemento de si mesmo e desenvolvemento persoal.<br>- Programas para o desenvolvemento da competencia social e a convivencia.<br>- Desenvolvemento de actividades do plan de convivencia: ensinanza de habilidades de comunicación e relación a principio de curso como asunto prioritario, dedicar tempo á definición das normas de clase e os códigos de comportamento na asemblea de clase, usar o role-play para fomentar a empatía, traballar a responsabilidade no alumnado, eliminar o secretismo ante a violencia, desenvolvemento de actividades comúns positivas, favorecer a resolución pacífica de conflitos.<br>- Desenvolvemento de programas de saúde.<br>- Actividades para coñecer a dinámica interna do grupo e intervir se fose necesario para recompoñer a dita dinámica: sociograma, observación sistemática e outras técnicas grupais.<br>- Promover actividades e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación do alumnado na vida do centro e do contorno: elección de representantes e asignación de responsabilidades, actividades culturais e deportivas e complementarias, festas e excursións, etc.<br>- Lectura de libros e visionado de películas onde se traten os valores que desexamos fomentar no noso alumnado.<br>- Exploración dos propios intereses.<br>- Murais das profesións.<br>- Plantexamento de pequenos dilemas para iniciar á toma de decisións: que pasaría se…?<br>- Actividades propias do programa de tránsito do primeiro ao segundo ciclo de educación primaria.<br>- Actividades informativas sobre as características do segundo ciclo de primaria.<br>- Avaliación de carácter preventivo do grao de comprensión lectora e expresión escrita do | - Todo o curso.<br>O programa de tránsito realizarase preferentemente durante o 2º e 3º trimestre | - Fichas de actividades recompiladas polo Departamento de Orientación. |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | alumnado por parte do EOE coa colaboración dos titores e titoras. Traslado desa información aos titores e familias así como das orientacións que sexan necesarias.<br>- Cumprimentar o informe de avaliación individualizado do alumnado.<br>- Reunións interciclos nas que se establezan<br>- criterios claros de promoción. | | |

## PROGRAMA DE ACTIVIDADES A REALIZAR NO 3º E 4º DE E. P. (PAT).

| Programas | Obxectivos | Contidos | Actividades | Temporalización | Recursos |
|---|---|---|---|---|---|
| Programa para o desenvolvemento persoal e social.<br>Programa de orientación académica e profesional | 1) Previr a aparición de factores que xeran problemas no desenvolvemento persoal e social.<br>2) Previr factores que xeran problemas de convivencia.<br>3) Promover factores que favorecen a convivencia escolar.<br>4) Favorecer o autocoñecemento do alumnado e a iniciación na toma de decisións.<br>5) Promover o coñecemento do sistema educativo e do mundo das profesións educando na igualdade de xénero<br>6) Favorecer o tránsito ao 3º ciclo de primaria | - Autoconcepto e autoestima.<br>- Educación emocional.<br>- Habilidades e competencias sociais.<br>- Hábitos de vida saudables.<br>- Educación afectiva e sexual. Coeducación<br>- Educación medioambiental e para o consumo.<br>- Uso racional e crítico das tecnoloxías da información e comunicación.<br>- Cidadanía democrática.<br>- Educación para a paz e a resolución pacífica dos confitos.<br>- Utilización do tempo libre.<br>- Coeducación.<br>- Toma de decisións.<br>- Autocoñecemento.<br>- Programa de tránsito. | - Reunión con pais e nais, a comezo de curso, antes de finais de novembro para: presentar a responsables titorías e especialistas, informar sobre a hora de vista e atención titorial, composición do equipo educativo, liñas xerais de actuación, criterios de avaliación e promoción, así como actitudes e valores que desexamos potenciar: puntualidade, asistencia continua, limpeza, alimentación, material necesario e fundamentalmente, respecto e convivencia.<br>- Programas de coñecemento de si mesmo e desenvolvemento persoal.<br>- Programas para o desenvolvemento da competencia social e a convivencia.<br>- Desenvolvemento de actividades do plan de convivencia, ensinanza de habilidades de comunicación e relación a principio de curso como asunto prioritario, dedicar tempo á definición das normas de clase o os códigos de comportamento na asemblea de clase, usar o role-play para fomentar a empatía, traballar a responsabilidade no alumnado, eliminar o secretismo ante a violencia, desenvolvemento de actividades comúns positivas, favorecer a resolución pacífica de conflitos.<br>- Desenvolvemento de programas de saúde.<br>- Actividades para coñecer a dinámica interna do grupo e intervir se fose necesario para recompoñer a dita dinámica: sociograma, observación sistemática e outras técnicas grupais.<br>- Promover actividades e coordinar actividades que fomenten a convivencia,a integración e a participación do alumnado na vida do centro e do contorno: elección de representantes e asignación de responsabilidades, actividades culturais e deportivas e complementarias, festas e excursións, etc.<br>- Lectura de libros e visionado de películas onde se traten os valores que desexamos fomentar no noso alumnado | - Todo o curso.<br>- O programa de tránsito realizarase preferentemente ao inicio do curso | - Plan de convivencia do centro.<br>- Ficha de actividades |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | - Actividades para a exploración dos propios intereses e valores.<br>- Actividades para o achegamento ao mundo das profesións desde a perspectiva de igualdade de xénero.<br>- Actividades para favorecer a toma de decisións.<br>- Actividades propias do programa de tránsito do segundo ao terceiro ciclo de primaria.<br>- Reunión interciclos para establecer criterios claros de promoción.<br>- Cumprimentar o informe de avaliación individualizado.<br>- Reunión previa de traspaso de información interciclos. | | |

## PROGRAMA DE ACTIVIDADES A REALIZAR NO 5º E 6º DE E. P. (PAT).

| Programas | Obxectivos | Contidos | Actividades | Temporalización | Recursos |
|---|---|---|---|---|---|
| Programa para o desenvolvemento persoal e social.<br>Programa de orientación académica e profesional | 1) Potenciar o desenvolvemento persoal e relacional (habilidades persoais e competencias sociais)<br>2) Promover factores que favorecen a convivencia escolar | - Autoconcepto e autoestima.<br>- Educación emocional.<br>- Habilidades e competencias sociais.<br>- Hábitos de vida saudables.<br>- Educación afectiva e sexual. Coeducación.<br>- Educación medioambiental e para o consumo.<br>- Uso racional e crítico das tecnoloxías da información e a comunicación.<br>- Cidadanía democrática.<br>- Educación para a paz e a resolución pacífica dos conflitos.<br>- Utilización do tempo libre | - Reunión con pais e nais, a comezo de curso, antes de finais de novembro para: presentar ás responsables das titorías e profesorado especialista, informar sobre a hora de visita e atención titorial, composición do equipo educativo, liñas xerais de actuación, criterios de avaliación e promoción, así como actitudes e valores que desexamos potenciar: puntualidade, asistencia continua, limpeza, alimentación, material necesario e fundamentalmente, respecto e convivencia.<br>- Programas de coñecemento de si mesmo e desenvolvemento persoal.<br>- Programas para o desenvolvemento da competencia social e a convivencia: ensinanza de habilidades de comunicación e relación a principio de curso como asunto prioritario, dedicar tempo á definición das normas de clase e os códigos de comportamento na asemblea de clase, usar o role-play para fomentar a empatía, traballar a responsabilidade no alumnado, eliminar o secretismo ante a violencia, desenvolvemento de actividades comúns positivas, favorecer a resolución pacífica de conflitos.<br>- Desenvolvemento de programas de saúde.<br>- Actividades para coñecer a dinámica interna de grupo e intervir se fose necesario para recompoñer a dita dinámica: sociograma, observación sistemática e outras técnicas grupais.<br>- Promover actividades e coordinar actividades que fomenten a convivencia, a integración e a participación do alumnado na vida do centro e do contorno: elección de representantes e asignación de responsabilidades, actividades culturais e deportivas e complementarias, festas e excursión, etc.<br>- Lectura de libros e visionado de películas onde se traten os valores que desexamos fomentar no noso alumnado. | - Todo o curso | - Plan de convivencia do centro.<br>- Ficha de actividades |

Finalmente hai que sinalar que nas NOFC tanto no apartado 3 de Dereitos e deberes dos membros da comunidade educativa como no apartado 7 de condutas contrarias á convivencia escolar, recóllense aspectos ligados á prevención da violencia de xénero, á igualdade e á non discriminación por razón de sexo. Por outra banda, no apertado 4.1. de Admisión do alumando do citado documento, se especifican criterios que garantan a non discriminación por razón de xénero e o equilibrio no número de nenas e nenos nas aulas.

## 1. ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO EN RELACIÓN COA IGUALDADE DE XÉNERO, COA VIOLENCIA DE XÉNERO E COA LGBTIFOBIA:

Para analizar este punto partiremos da observación diaria así como da enquisa realizada pola Consellería de educación hai uns anos, sacando as seguintes reflexións:
En relación ao alumnado e sempre referíndonos a termos xerais:

- O 78% do alumando considera que nunca padeceu algunha conduta negativa, acoso, agresión ou falta de respecto.
- No tempo de recreo a pista de fútbol está utilizada maioritariamente por nenos.
- A conflitividade escolar afecta máis a nenos que a nenas, se ben cabe diferenciar que os nenos é unha conflitividade máis física, mentres que entre as nenas é máis verbal.
- Non se observan diferenzas por sexos en canto ao rendemento académico.
- En relación ao profesorado e familias:
- Actualmente os tres postos do equipo directivo están ocupados por mulleres.
- A día de hoxe o Claustro de profesorado o conforman un total de 29 docentes, dos cales 3 son homes e 26 mulleres.
- Normalmente son as nais quen se ocupan de acudir ás titorías ou reunións.

## 2. OBXECTIVOS COEDUCATIVOS DESENVOLVIDOS A TRAVÉS DO PLAN EN CANTO A:

### 2.1. PROMOCIÓN DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES:

- Promover la presenza equilibrada de mulleres e homes nos órganos de dirección, participación ou toma de decisións do centro.
- Ofrecer modelos de actuacións coeduativos na realización de actividades e responsabilidades escolares de mulleres e homes.
- Favorecer as relacións baseadas no recoñecemento e liberdade de expresión.
- Promover que os libros de texto e outros materiais educativos da aula ou do centro en xeral defendan criterios de igualdade e non discriminación, incorporando a visión e as achegas das mulleres en todos os contidos escolares e académicos.
- Impulsar a non realización en el centro de actuacións diferenciadas por sexo, e se por algún motivo plenamente razoado esta diferenciación fose necesaria, terase en conta a identidade de xénero manifestada polo alumnado participante.

### 2.2. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE VIOLENCIA DE XÉNERO:

- Promover a formación en coeducación, prevención de violencia de xénero e igualdade de oportunidades entre mulleres e homes por parte do profesorado do centro.
- Coñecer e por en práctica metodoloxías de igualdade e non discriminación, potenciando a integración da perspectiva de xénero nas actividades deportivas.
- Fomentar o cambio das relacións de xénero formando ao alumnado na competencia en autonomía e iniciativa persoal.
- Favorecer o desenvolvemento da autoestima do alumnado a través de experiencias que

promovan a empatía, a expresión das emocións, a aceptación das diferenzas e as técnicas de resolución de conflitos.

- Coñecer o consumo responsable, realizando unha reflexión crítica sobre as mensaxes sexistas procedentes dos medios de comunicación.
- Promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.
- No caso de detectarse un caso de violencia de xénero aplicarase o protocolo de consenso para a sensibilización e igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero na educación en Galicia, facilitado pola Xunta de Galicia.

### 2.3. PROMOCIÓN DO RESPECTO POLA DIVERSIADE AFECTIVO-SEXUAL:

- Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado, con especial atención ao recoñecemento e normalización da realidade transexual, incluíndo actividades de autocoñecemento, coñecemento mutuo, empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo.
- Desenvolver actuacións formativas dirixidas aos equipos directivos, orientadores e orientadoras e equipos docentes, así como ás familias, relacionadas coa diversidade sexual, facendo especial referencia ao coñecemento da realidade transexual.
- Impulsar a dispoñibilidade nas bibliotecas dos centros educativos dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual que inclúa a temática da diversidade sexual, que se adecúen á finalidade do respecto e a dignidade para a ampla diversidade que existe dentro do seo da condición humana.

### 2.4. PREVENCIÓN, DETECCIÓN E INTERVENCIÓN EN CASOS DE LGBTIFOBIA:

- Garantir o respecto ás manifestacións de identidade de xénero que se realicen no ámbito educativo e o libre desenvolvemento da personalidade do alumnado conforme á súa identidade.
- Asegurar o respecto á intimidade de aquel alumnado que estean a realizar tránsitos sociais.
- Previr actitudes ou comportamentos homofóbicos, lesbofóbicos, bifóbicos e/ou transfóbicos que impliquen prexuízos e discriminación por razón de orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.
- Guiar unha rápida detección e actuación ante situacións discriminatorias e atentatorias contra a diversidade.
- Favorecer a aprendizaxe e a práctica de valores baseados no respecto ás diferenzas e na tolerancia á diversidade sexual e de xénero.
- Potenciar a igualdade real de oportunidades e a eliminación de calquera tipo de discriminación por razón de orientación sexual, identidade de xénero ou expresión de xénero.
- Para dar resposta axeitada ás condutas contrarias á convivencia por razón de xénero activaranse os protocolos facilitados pola Xunta de Galicia que a continuación se detallan:
- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de xénero.
- Protocolo de consenso para a sensibilización en igualdade de xénero e prevención da violencia de xénero na educación en Galicia.
- I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020.

## 3.- MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN NOS SEGUINTES ÁMBITOS:

### 3.1.- ORGANIZACIÓN DO CENTRO:

- Seguiremos a favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Logo da aprobación do plan, este quedará na secretaría a disposición de toda a comunidade educativa.
- Continuaremos como en cursos pasados, colaborando coa ANPA e outras institucións para promover a formación do profesorado, do alumnado e das familias en materia de igualdade colaborar na realización de actividades coeducativas.
- Continuaremos na procura do emprego unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
- Conmemoraremos, como xa estamos a facer, datas coeducativas de relevancia do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).
- Reflexionaremos sobre a presenza da educación afectivo-sexual integral e libre de estereotipos de maneira transversal nas programacións de aula, noutros documentos do centro e nos materiais didácticos e curriculares.

### 3.2 .- ELIMINACIÓN DOS ESTEREOTIPOS DE XÉNERO NA TRANSMISIÓN DOS VALORES E DOS SABERES:

- Revisaremos as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero, incluíndo as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
- Revisaremos o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
- Realizaremos actividades de sensibilización a nivel de aula ou de centro, ben organizadas a través das titorías ou do equipo de biblioteca.
- Realizaremos en colaboración coa ANPA actividades de información e sensibilización coas familias.

### 3.3.- XESTIÓN DOS ESPAZOS, DOS RECURSOS E DAS OPORTUNIDADES DE REALIZACIÓN VOCACIONAL DE XEITO INCLUSIVO:

- A información difundirase a través dun taboleiro no centro, da páxina web, do Facebook ou de notas informativas ás familias.
- Promoveremos lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
- Revisaremos a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
- Revisaremos, en colaboración coa ANPA, a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas. empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
- Continuaremos coa organización das actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión, promovendo a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
- Promoveremos a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
- Promoveremos a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.

**INCLUSIÓN DOS VALORES COEDUCATIVOS NA XESTIÓN DA CONVIVENCIA ESCOLAR:**

- Promoveremos o respecto e o bo trato entre mulleres e homes e actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc., tendo en conta que as persoas adultas somos os modelos que as crianzas imitarán.
- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero, a través de metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas, tendo en conta que o noso papel como exemplo a seguir con respecto ás pequenas e pequenos.

**En concreto para este curso 2023/24 están previstas as seguintes actividades:**

- **PDI As Olimpíadas.**

**4.- SEGUIMENTO E AVALIACIÓN:**

En primeiro lugar, realizaremos unha avaliación inicial para valorar a situación xeral do centro en materia de igualdade e de estereotipos sexistas, co fin de detectar as necesidades colectivas e iniciar o traballo desde unha perspectiva concreta e global. Unha vez iniciado o Plan, levaremos a cabo unha avaliación continua de todo o proceso que nos permitirá saber se os obxectivos plantexados están sendo os correctos e se as actividades propostas están sendo as axeitadas para conseguilos. De igual modo, iremos valorando a idoneidade da introdución de outro tipo de actividades e experiencias que poidan ser interesantes para cada momento e circunstancia do curso escolar.
É importante tamén valorar o grado de implicación da cada un dos membros que compón a nosa comunidade educativa, así como a coordinación entre eles e o grado de aceptación das distintas propostas. Non nos esquecemos de avaliar a nosa práctica docente, así como de formular propostas de mellora de cara os próximos cursos escolares.
Para conseguilo empregaranse, entre outros, os seguintes métodos:

- Revisión dos obxectivos e actividades planificadas.
- Avaliación das actividades propostas.
- Reunións da comisión de convivencia.
- Revisión do plan.

**12.- SOLICITUDE DO CONTRATOS-PROGRAMA INCLÚE (CP Inclúe):**

Este curso 2023-2024 o centro solicitou o contrato- programa CP Inclúe nas modalidades de:

- CONVIVE-T : a escola , como unha das grandes institucións sociais que é, ten a obriga de ser un ámbito de convivencia pacífica , democrática e respectuosa dos dereitos de todos os integrantes. Todas as accións que se poñan en marcha teñen como finalidade xerar un clima de seguridade, respecto e confianza no contexto escolar para mellorar a convivencia, promovendo un sentimento e interese pola diversidade de calquera índole e en liña coa Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2025.
- IGUÁLA-T: Desenvolveranse accións que interveñan no fomento da coeducación , isto é, a promoción de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres; a prevención , a detección e o tratamento das violencias machistas; e a promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual e de xénero.
- EMOCIÓNA -T : Trátase dunha actuación necesaria para poñer en valor a importancia e repercusión das aprendizaxes non cognitivas (emocionais) para o benestar e progreso social, coa vontade de optimizar a calidade educativa como un sinal permanente no centro.

Desenvolveranse accións para mellorar a competencia socioemocinal de toda a comunidade

educativa , que redunde no benestar emocional persoal e social e na súa calidade de vida, así como o desenvolvemento de estratexias que favorecen o aumento da autoestima, a empatía e resiliencia, a mellora das habilidades comunicativas , o incremento do autocontrol emocional, a superación….
O centro está á espera da Resolución por parte do organismo competente nesta materia.

## 13.- SOLICITUDE PROGRAMA EDUCATIVO ACOMPAÑA:

Este curso 2023-2024 o centro solicitou o Programa Educativo Acompaña que vai dirixido ao alumnado da etapa de Educación Infantil e dos dous primeiros ciclos de Educación Primaria,que ten como finalidade:
1) Actualizar e axustar as medidas de atención á diversidade (organizativas e de recursos) que garantan a educación inclusiva nas primeiras etapas educativas:
• Potenciar o rol do profesorado especialista (PT/AL) e o seu papel na transformación das prácticas docentes e as contornas escolares e adecuar o cociente de apoios que colaboren co profesorado na atención/resposta á diversidade. • Capacitar o profesorado incorporado ao programa na aplicación das medidas necesarias para a educación inclusiva, favorecendo o desenvolvemento profesional do profesorado especialista en Pedagoxía Terapéutica e do profesorado especialista en Audición e Linguaxe mediante o acompañamento na súa formación específica.
• Garantir a accesibilidade universal.
Promover e desenvolver accións colaborativas entre Centros Ordinarios e Centros de Educación Especial.
2) Asegurar unha atención especializada para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo:
• Atender o alumnado que require unha resposta educativa diferente á ordinaria por presentar necesidades específicas de apoio educativo. De maneira especial a aquelas que manteñen un elevado índice de prevalencia, aínda que menor grao de severidade, e que condicionan a adquisición de aprendizaxes posteriores, así: o atraso madurativo, os trastornos da aprendizaxe, da atención e/ou alteracións na adquisición e o desenvolvemento da linguaxe.
3) Establecer procedementos que garantan a detección precoz e a intervención temperá.

O centro está á espera da Resolución definitiva por parte do organismo competente nesta materia . Na actualidade fomos seleccionados no programa na resolución provisional.

## 14.- PLAN DE BENESTAR E CONVIVENCIA:

Atendendo a Orde do 23 de agosto de 2023 pola que se establece a figura da persoa coordinadora de benestar e convivencia nos centros educativos de Galicia,establece que se terá que elaborar un Plan de traballo que formará parte do Plan de Convivencia do Centro. ( En elaboración)

## 15.- PLAN DIXITAL DO CENTRO:

No curso 20-21 elaborouse o Plan Dixital do centro que modificouse e aprobouse o curso pasado e que este ano implementaremos de novo e estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua. (En elaboración)

## 16.- OBRAS DE MELLORA E MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS:

Relación de algunhas das actuacións levadas a cabo no verán, polo persoal non docente do centro :

- Limpeza de baixantes da escola e de tellados .
- Pintar aulas de primaria que se necesitaba.
- Sellado de cristais da cuberta do patio .
- Colocación de corchos nalgunhas aulas.
- e outras que son necesarias durante o verán polo mantemento do centro.

Actuacións levadas a cabo polo Concello de Pontedeume durante o verán e comezo de curso:

- Revisión dos extintores.
- Revisión mensual da empresa de desratización.
- Revisión do ascensor mensual.
- Limpeza dos cristais das aulas de infantil e primaria pola parte de fóra.
- Tubos fluorescentes das aulas.
- Revisión da caldeira anual.

Ademais das actuacións que se realizaron durante o verán, están pendentes outras que se trasladaron ao Concello en distintos momentos:

- Reparación de tubería da caldeira.
- Reparación dos xogos de Infantil
- Inspección periódica Pendente da pegatina do ascensor.
- Reposición das farolas do patio exterior.
- Poda das árbores do patio da entrada e do patio superior.

Coa finalidade de mellorar a nosa escola, comunícase ó claustro a posibilidade de pedir material atendendo ó establecido nos catálogos da consellería no apartado de renovación do equipamento mobiliario, didáctico e deportivo.
Este feito ocasionará que teñamos que desfacernos de diverso material antigo que hai gardado en diferentes estancias do centro educativo.

## 17.- HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO:

| **Cargo** | **Horario** |
|---|---|
| Secretaría | De luns a venres de 8:45 a 13:45 horas e os martes de 16:00 a 19:00 horas |
| Dirección | Cita previa . |
| Profesorado | Martes de 17:00 a 18:00 horas |

## 18.- AVALIACIÓN DA PRESENTE PXA:

Aínda que os estamos levando a cabo de xeito interno, por exemplo a través dos resultados das avaliacións individualizadas, tanto o Claustro de Profesorado, trimestralmente, como a CCP con periodicidade mensual e nos aspectos que lle son competentes, realizarán sesións de seguimento da calidade de educación do centro e das propostas de mellora educativa.
Por último a Memoria Anual, ao remate do curso, recollerá os resultados da avaliación final: grao de cumprimentos dos obxectivos, suficiencia e idoneidade das medidas e dos recursos aportados e as medidas correctoras.

## 19.- APROBACIÓN DO CONSELLO ESCOLAR:

Dna. Rosalía Iglesias Carrillo, xefa de estudos do CEIP Couceiro Freijomil de Pontedeume

CERTIFICO:

Que a presente Programación Xeral Anual foi informada ao Claustro e avaliada polo Consello Escolar en sesión celebrada o día 10 de outubro de 2023:

E para que conste para os efectos oportunos, asino a presente certificación.

Pontedeume, 10 de outubro de 2023

Vº e Pr.

A directora








Asdo: Rosalía Iglesias Carrillo

Asdo: Lydia Seijo Martínez